



XUNTA  
DE GALICIA

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS  
DE LUGO



Rolda Xosé Castiñeira, 1  
27002 Lugo  
Teléfono 982 829 230  
That's English! 982 829 242

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA GALEGO

EOI de Lugo  
CURSO 2023-2024



- 1. LIMIAR**
  - 1.1. Marco legal**
  - 1.2. Contexto educativo**
  
- 2. NIVEL BÁSICO (A1-A2)**
  - 2.1. Descrición do nivel**
  - 2.2. Obxectivos xerais**
  - 2.3. Obxectivos específicos**
  - 2.4. Competencias e contidos**
  - 2.5. Temporalización**
  - 2.6. Metodoloxía**
    - 2.6.1. Principios metodolóxicos**
    - 2.6.2. Principios pedagóxicos**
    - 2.6.3. Actividades culturais**
  - 2.7. Recursos**
    - 2.7.1. Humanos**
    - 2.7.2. Físicos**
    - 2.7.3. Materiais**
  - 2.8. Atención á diversidade**
  - 2.9. Avaliación**
    - 2.9.1. Avaliación inicial (ou de diagnóstico)**
    - 2.9.2. Avaliación de progreso**
    - 2.9.3. Avaliación certificadora**
    - 2.9.4. Autoavaliación**
    - 2.9.5. Mínimos exixibles**
    - 2.9.6. Instrumentos de avaliación**
  - 2.10. Unidades didácticas**
  
- 3. NIVEL INTERMEDIO (B1-B2)**
  - 3.1. Descrición do nivel**
  - 3.2. Obxectivos xerais**
  - 3.3. Obxectivos específicos**
  - 3.4. Competencias e contidos**
  - 3.5. Temporalización**
  - 3.6. Metodoloxía**
    - 3.6.1. Principios metodolóxicos**
    - 3.6.2. Principios pedagóxicos**
    - 3.6.3. Actividades culturais**
  - 3.7. Recursos**
    - 3.7.1. Humanos**
    - 3.7.2. Físicos**
    - 3.7.3. Materiais**
  - 3.8. Atención á diversidade**
  - 3.9. Avaliación**
    - 3.9.1. Avaliación inicial (ou de diagnóstico)**
    - 3.9.2. Avaliación de progreso**
    - 3.9.3. Avaliación certificadora: criterios de avaliación e mínimos exixibles**
      - 3.9.3.1. B1**
      - 3.9.3.2. B2**
    - 3.9.4. Autoavaliación**



**3.9.5. Instrumentos de avaliación**

**3.10. Unidades didácticas**

**4. NIVEL AVANZADO (C1)**

**4.1. Descrición do nivel**

**4.2. Obxectivos xerais**

**4.3. Obxectivos específicos**

**4.4. Competencias e contidos**

**4.5. Temporalización**

**4.6. Metodoloxía**

**4.6.1. Principios metodolóxicos**

**4.6.2. Principios pedagóxicos**

**4.6.3. Actividades culturais**

**4.7. Recursos**

**4.7.1. Humanos**

**4.7.2. Físicos**

**4.7.3. Materiais**

**4.8. Atención á diversidade**

**4.9. Avaliación**

**4.9.1. Avaliación inicial (ou de diagnóstico)**

**4.9.2. Avaliación de progreso**

**4.9.3. Avaliación certificadora: criterios de avaliación e mínimos exixibles**

**4.9.4. Autoavaliación**

**4.9.5. Instrumentos de avaliación**

**4.10. Unidades didácticas**

**5. DESCRICIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN**

**5.1. Procedementos de avaliación**

**5.2. Baremo e cualificación das probas**

**5.3. Estrutura e contido das probas**

**5.4. Administración das probas**

**5.5. Reclamacións**

**6. PROBA DE CLASIFICACIÓN E PROBA DE REASIGNACIÓN DE NIVEL**

**7. CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA EN LIÑA**

**7.1. Curso de nivel medio (CMLA)**

**7.1.1. Introducción**

**7.1.2. Obxectivos xerais**

**7.1.3. Obxectivos específicos**

**7.1.4. Metodoloxía**

**7.1.5. Estrutura e contido**

**7.1.6. Contido teórico**

**7.1.7. Contido práctico**

**7.1.8. Recursos**

**7.1.9. Temporalización**

**7.1.10. Avaliación**

**7.1.11. Desenvolvemento**

**7.1.11.1. Inicio do curso**

**7.1.11.2. Seguimento**



**7.1.11.3. Prazos para presentar e avaliar as tarefas**

**7.1.11.4. Incidencias técnicas**

**7.2. Curso de nivel superior (CSLA)**

**7.2.1. Introducción**

**7.2.2. Obxectivos xerais**

**7.2.3. Obxectivos específicos**

**7.2.4. Metodoloxía**

**7.2.5. Estrutura e contido**

**7.2.6. Contido teórico**

**7.2.7. Contido práctico**

**7.2.8. Recursos**

**7.2.9. Temporalización**

**7.2.10. Avaliación**

**7.2.11. Desenvolvemento**

**7.2.11.1. Inicio do curso**

**7.2.11.2. Seguimento**

**7.2.11.3. Prazos para presentar e avaliar as tarefas**

**7.2.11.4. Incidencias técnicas**

**8. CURSOS CELGA**

**8.1. Celga 2**

**8.1.1. Temporalización**

**8.1.2. Metodoloxía**

**8.1.3. Avaliación**

**8.2. Celga 3**

**8.2.1. Temporalización**

**8.2.2. Metodoloxía**

**8.2.3. Avaliación**

**8.3. Celga 4**

**8.3.1. Temporalización**

**8.3.2. Metodoloxía**

**8.3.3. Avaliación**



## 1. LIMIAR

### 1.1. Marco legal

A Lei orgánica 2/2006 establece que as ensinanzas de idiomas de réxime especial se organizan nos niveis básico, intermedio e avanzado e que os ditos niveis se corresponderán, respectivamente, cos niveis A, B e C do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL), que se subdividen, á súa vez, nos niveis A1, A2, B1, B2, C1, e C2.

O Decreto 189/2010, do 11 de novembro ([DOG do 19 de novembro de 2010](#)), polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas de Galicia e a orde que o desenvolve.

Orde do 5 de agosto de 2011 ([DOG do 18 de agosto de 2011](#)) pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial.

O Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, fixa as exixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación e o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas impartidos nas escolas oficiais de idiomas, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes.

O Decreto 81/2018, do 19 de xullo ([DOG do 13 de agosto de 2018](#)), polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial regula os principios básicos comúns que rexerán o deseño, a elaboración, a administración, e a avaliación e cualificación das probas de certificación oficial dos ditos niveis, así como a publicación dos resultados e os procedementos de reclamación sobre as cualificacións.

A resolución do 16 de maio de 2023 ([DOG do 31 de maio de 2023](#)), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia para o curso 2023/2024.

Instrución 8/2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2023/24.

Instrución 3/2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se regulan as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial polo réxime oficial para o curso 2022/23.

Orde do 3 de maio de 2023 ([DOG do 16 de maio de 2023](#)) pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

### 1.2. Contexto educativo

A cidade de Lugo conta con algo máis de 98.000 residentes. Na actualidade, a provincia ten catro escolas oficiais de idiomas (Viveiro, Ribadeo, Lugo e Monforte) e, dende o curso 2012-2013, dúas novas seccións en Burela e Sarria. Mais a EOI de Lugo é o único centro en que se poden cursar os estudos de lingua galega.

A Escola Oficial de Idiomas de Lugo (código: 27015955) está situada na entrada sur da cidade. Ao ser a única EOI que ofrece o estudo de galego en toda a provincia, o alumnado do noso centro pertence tanto ao eido urbano como ao rural. Ademais, pese ás súas amplas diverxencias, a maioría está relacionado co mundo do ensino. Tamén existe unha heteoxeneidade importante con respecto ás súas idades.



No tocante aos recursos humanos, o Departamento de Galego conta con cinco membros e os niveis que se imparten son os seguintes: A2, B1, B2 e C1. Tamén se ofertan cursos preparatorios para Celga 2, Celga 3 e Celga 4, ademais de cursos de LAM e LAS.

Os horarios dos diferentes niveis son os seguintes:

Horas		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De a	12.00 13.00				TITORÍA	
De a	12.30 13.30			LAG		
De a	17.00 18.00			LAG	LAG	
De a	18.00 19.00				LAG	

Horas		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De a	9.00 10.00					LAG
De a	9.30 10.30			LAG		
De a	9.30 11.30	LAG				
De a	15.00 16.00				TITORÍA	
De a	16.00 18.00		GA-C1.1		GA-C1.1	
De a	18.00 19.00		GA-C1.2		GA-C1.2	

Horas		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De a	9.00 11.30			CELGA 3		CELGA 3
De a	11.30 12.00			TITORÍA		
De a	10.30 13.00		CELGA 2		CELGA 2	
De a	16.00 18.00		GA-B2.1		GA-B2.1	
De a	18.00 18.30	TITORÍA				
De a	18:30 21.00	CELGA 2	CELGA 4	CELGA 2	CELGA 4	



Horas		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De a	9.00 10.00	LAG				LAG
De a	13.00 14.00	TITORÍA				
De a	10.00 11.00					LAG
De a	10.30 13.00	CELGA 4		CELGA 4		
De a	16.00 18.30		LAG	LAG		
De a	18.30 21.00		CELGA 4		CELGA 4	

Horas		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De a	9.00 11.00					LAG
De a	11.00 12.00					TITORÍA
De a	16.00 18.00		LAG	LAG	LAG	
De a	18.00 20.00	GA-B1.1	GA-A2.1	GA-B1.1	GA-A2.1	

## 2. NIVEL BÁSICO (A1-A2)

### 2.1. Descrición do nivel

O alumnado que supere o **nivel básico A1** será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

O alumnado que supere o **nivel básico A2** será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.



## 2.2. Obxectivos xerais

A1	A2
<p><b>Comprender</b> a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.</p> <p><b>Producir e coproducir</b> textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiáns e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.</p> <p><b>Comprender</b> o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p><b>Producir e coproducir</b> textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiáns e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.</p> <p><b>Mediar</b> entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter moi habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiáns ou con información persoal moi básica.</p>	<p><b>Comprender</b> o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.</p> <p><b>Producir e coproducir</b> textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos/as interlocutores/as para manter a comunicación.</p> <p><b>Comprender</b> o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiáns, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p><b>Producir e coproducir</b> textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos cotiáns e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.</p> <p><b>Mediar</b> entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.</p>

## 2.3 Obxectivos específicos

	A1	A2
Acti vida des de com pren	<p><b>Comprender</b> o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade.</p> <p><b>Seguir</b> un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se</p>	<p><b>Comprender</b> frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.</p> <p><b>Comprender</b> o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre</p>





<p>sión de textos orais</p>	<p>utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.</p> <p><b>Comprender</b> instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.</p> <p><b>Comprender</b> a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.</p>	<p>temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.</p> <p><b>Comprender</b> o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.</p> <p><b>Comprender</b> a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.</p> <p><b>Comprender</b> o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.</p>
<p>Actividades de produción e coprodución de textos orais</p>	<p><b>Establecer</b> contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.</p> <p><b>Presentarse</b> e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a, e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiáns.</p> <p><b>Participar</b> en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.</p> <p><b>Interactuar</b> para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.</p> <p><b>Solicitar</b>, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p><b>Desenvolverse</b> nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.</p> <p><b>Desenvolverse</b> en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.</p> <p><b>Describir</b> nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.</p> <p><b>Expoñer</b> plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiáns, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.</p> <p><b>Solicitar</b> a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.</p>
<p>Actividades de comprensión de textos escritos</p>	<p><b>Comprender</b> carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.</p> <p><b>Comprender</b> instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situacións cotiáns que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, menús de restaurantes, folletos...)</p> <p><b>Comprender</b> o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.</p> <p><b>Comprender</b> información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela.</p> <p><b>Comprender</b> información relevante en noticias moi breves que contén con apoio visual.</p> <p><b>Utilizar</b> estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.</p>	<p><b>Comprender</b> o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p><b>Comprender</b> tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.</p> <p><b>Comprender</b> as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.</p> <p><b>Comprender</b> textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.</p> <p><b>Utilizar</b> estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.</p>



Acti vida des de prod ució n e copr odu ción de text os escr itos	<p><b>Completar</b> documentos básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p><b>Tomar notas</b> a partir dunha información moi sinxela e predicible.</p> <p><b>Escribir</b> mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <p><b>Intercambiar</b> correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.</p> <p><b>Utilizar</b> elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.</p>	<p><b>Intercambiar</b> información concreta e sinxela sobre aspectos cotiás e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.</p> <p><b>Describir</b> de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiás.</p> <p><b>Intercambiar</b> correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.</p> <p><b>Utilizar</b> elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.</p>
Acti vida des de med iación	<p><b>Transmitirle</b> oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.</p> <p><b>Mediar</b> en situacións moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.</p> <p><b>Repetir</b> a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou estribillos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.</p>	<p><b>Transmitirle</b> oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiás, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.</p> <p><b>Transmitirle</b> oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.</p> <p><b>Mediar</b> en situacións moi cotiás, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.</p> <p><b>Resumir</b> brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiás ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.</p> <p><b>Tomar notas</b> moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...).</p>

## 2.4. Competencias e contidos

Os contidos presentados en cada nivel teñen un mero carácter orientador, constitúen un inventario baseado nun principio progresivo da educación, de ir incorporando coñecementos novos sobre unha base de coñecementos anteriores que se manteñen vivos e activos.

S o c i o c u lt u r a l s e s c o l i n g ü í s t i c o s	<p>Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e estarán integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.</p>	
	A1	A2
	<p><b>Vida cotiá:</b> distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...</p> <p><b>Condicións de vida:</b> vivenda, transporte...</p> <p><b>Relacións persoais:</b> estrutura e relacións sociais e familiares</p> <p><b>Linguaxe corporal:</b> expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersonal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)</p> <p><b>Convencións sociais:</b> fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá.</p>	<p><b>Vida cotiá:</b> horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...</p> <p><b>Condicións de vida:</b> vivenda, condicións laborais, transporte...</p> <p><b>Relacións persoais:</b> relacións sociais, familiares, profesionais...</p> <p><b>Linguaxe corporal:</b> expresións faciais, acenos, distancia interpersonal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)</p> <p><b>Convencións sociais:</b> fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, vestiario...</p>
Es tra té xi co s	<p>Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan adaptaranse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.</p>	
	A1	A2
	<p><b>1. As estratexias de aprendizaxe</b> danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Determinar</b> os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.</li> <li>- <b>Identificar</b> o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.</li> <li>- <b>Distinguir</b> o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).</li> <li>- <b>Formular</b> hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.</li> <li>- <b>Planificar</b> o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.</li> <li>- <b>Planificar</b> a estrutura básica do texto.</li> <li>- <b>Ensañar</b> o texto oral ou escrito.</li> <li>- <b>Adecuar</b> de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.</li> <li>- <b>Aproveitar</b> os coñecementos previos.</li> </ul> <p><b>2. As estratexias de comunicación</b> permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Probar</b> novas expresións.</li> </ul>	



- **Utilizar** estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.
- **Cooperar** coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
- **Deducir** o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
- **Compensar** as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- **Efectuar**, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- **Consultar** as posibles dúbidas e corrixir os erros.
- **Comprobar** hipóteses.
- **Reformular** hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- **Memorizar** palabras e estruturas novas aprendidas.
- **Valorar** se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan adaptaranse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

	A1	A2
Funcionais	<p><b>Usos sociais da lingua:</b> saudar e despedirse; presentarse ou presentar a alguén; dirixirse a alguén; pedir desculpas; agradecer; felicitar.; convidar; interesarse por persoas.</p> <p><b>Control da comunicación:</b> manifestar comprensión e incompreensión; pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora; solicitarlle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p. ex., falar devagar, soletrear, repetir); preguntar o significado dunha palabra ou expresión.</p> <p><b>Información xeral:</b> pedir e dar información sobre datos persoais; pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades; preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa; indicar posesión; indicar onde e cando ocorre algo; referirse a accións cotiás presentes.</p> <p><b>Opiniós e valoracións:</b> expresar intereses, preferencias e gustos; afirmar e negar algo; mostrar acordo e satisfacción; expresar coñecemento ou descoñecemento e seguridade ou inseguridade.</p> <p><b>Estados de saúde, sensacións e sentimentos:</b> expresar sensacións físicas e sentimentos.</p> <p><b>Petición de instrucións e suxestións:</b> pedir axuda, obxectos e servizos; invitar, e reaccionar adecuadamente.</p>	<p><b>Usos sociais da lingua:</b> saudar e despedirse; presentarse ou presentar a alguén; dirixirse a alguén; pedir desculpas; agradecer; felicitar; convidar; interesarse por persoas; reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación; iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.</p> <p><b>Control da comunicación:</b> manifestar comprensión e falta de comprensión; pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora; preguntar o significado dunha palabra ou expresión; reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.</p> <p><b>Información xeral:</b> describir persoas, obxectos e lugares; referirse a accións e situacións presentes e pasadas; expoñer proxectos e formular hipóteses.</p> <p><b>Opiniós e valoracións:</b> valorar un feito; xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade; expresar coñecemento ou descoñecemento.</p> <p><b>Estados de saúde, sensacións e sentimentos:</b> expresar estados de ánimo.</p> <p><b>Petición de instrucións e suxestións:</b> pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos; suxerir unha actividade.</p>

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas básicas que lle permitan ao alumnado producir e comprender, en situacións moi habituais, textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona adaptaranse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

	A1	A2



Discursivos	<p><b>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:</b> formularios; listaxes; horarios; billetes e entradas; correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...); cartas de restaurantes e menús; carteis, letreiros e sinais; dicionarios; folletos informativos ou publicitarios; notas e mensaxes.</p> <p><b>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:</b> conversas cara a cara; conversas telefónicas moi sinxelas.</p>	<p><b>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:</b> anuncios publicitarios; formularios; listaxes; etiquetas de produtos e embalaxes; folletos informativos ou publicitarios; biografías; correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...); cartas de restaurantes e menús; carteis, letreiros e sinais; axendas e diarios; textos sinxelos e breves; informacións meteorolóxicas; notas e mensaxes; instrucións sinxelas; programacións de radio e televisión; receitas de cociña moi sinxelas; carteleiras de espectáculos.</p> <p><b>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:</b> conversas cara a cara; conversas telefónicas sinxelas; instrucións e anuncios; presentacións públicas.</p>
	<p>Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan adaptaranse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p>	
Sintácticos	<b>A1</b>	<b>A2</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número.</li> <li>- O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais.</li> <li>- O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais.</li> <li>- O demostrativo. Formas, contraccións e usos.</li> <li>- O posesivo. Formas e usos.</li> <li>- Os cuantificadores. Numerais cardinais e ordinais. Outros cuantificadores elementais.</li> <li>- Os indefinidos máis frecuentes. Formas, contraccións e usos.</li> <li>- As partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común.</li> <li>- O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente, do pasado e do futuro. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións.</li> <li>- O adverbio. Formas máis comúns para expresar afirmación, negación, modo, tempo, lugar edirección.</li> <li>- As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente.</li> <li>- A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos.</li> <li>- Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos.</li> </ul>	

<p>Os contidos léxicos adptaranse ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.</p>	
<b>A1</b>	<b>A2</b>



Léxicos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Actividades cotiás:</b> hábitos e horarios...</li> <li>- <b>Alimentación:</b> léxico máis habitual relacionado coa alimentación e coa gastronomía.</li> <li>- <b>Bens e servizos públicos:</b> xestións sinxelas en bancos, correos, policía...</li> <li>- <b>Ciencia e tecnoloxía:</b> aparellos de uso cotián...</li> <li>- <b>Clima, condicións atmosféricas e ambiente:</b> estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais e plantas máis comúns...</li> <li>- <b>Compras e actividades comerciais:</b> establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento...</li> <li>- <b>Educación:</b> material e actividades da aula, centros de ensino...</li> <li>- <b>Identificación persoal:</b> datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos...</li> <li>- <b>Información e medios de comunicación:</b> noticias e reportaxes sinxelas...</li> <li>- <b>Relacións familiares e sociais:</b> parentesco, formas de tratamento sinxelas...</li> <li>- <b>Saúde e cuidados físicos:</b> estado físico, partes do corpo...</li> <li>- <b>Tempo libre e ocio:</b> actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses...</li> <li>- <b>Traballo e profesións:</b> actividades profesionais máis habituais...</li> <li>- <b>Viaxes:</b> nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe...</li> <li>- <b>Vivenda, fogar e contorna:</b> partes da casa, mobiliario básico...</li> </ul>		
Fonético-fonolóxico e ortográficos	<p>Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas máis elementais para comprender os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles. Os contidos que se relacionan adaptaranse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.</p>		
	<table border="1" style="width: 100%; text-align: center;"> <tr> <td style="width: 50%; background-color: #92d050;">A1</td> <td style="width: 50%; background-color: #2e8b57; color: white;">A2</td> </tr> </table>	A1	A2
A1	A2		
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O alfabeto.</li> <li>- Correspondencia entre grafías e fonemas.</li> <li>- Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos.</li> <li>- A entoación.</li> <li>- O acento. Regras básicas de acentuación.</li> <li>- Recoñecemento e produción dos tons.</li> <li>- Estrutura silábica.</li> <li>- Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente.</li> <li>- Orde dos trazos dos caracteres.</li> <li>- Recoñecemento e produción dos ideogramas básicos.</li> <li>- Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas.</li> <li>- Ortografía do vocabulario máis usual.</li> <li>- Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes.</li> </ul>		



## 2.5. Temporalización

Os contidos repartiranse ao longo do curso en dous cuatrimestres. Terase en conta a progresión da aprendizaxe; así, as unidades con contidos máis complexos contarán con máis tempo cás que sexan de ampliación, repaso ou introdución de contidos menos exixentes.

A distribución dos contidos será flexible e poderá ser sometida a modificacións se o ritmo da clase ou outras circunstancias así o requiren. Os contidos agruparanse en unidades didácticas (detalladas no apartado 2.10 Unidades didácticas), que se secuenciarán en sesións ao longo de todo o curso. Deste xeito garántese que as horas de docencia que lle corresponden a cada curso se impartan de maneira efectiva e controlada.

## 2.6. Metodoloxía

No ensino das linguas, a metodoloxía é o conxunto de procedementos que se empregan para acadar o dominio dos contidos e o logro dos obxectivos. A metodoloxía usada na EOI ten como referente un modelo de ensinanza comunicativo, cunha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma. Trátase do enfoque orientado á acción do MCERL, que se centra non só nas competencias lingüísticas, senón en todas as capacidades que o individuo debe utilizar para se integrar eficazmente na comunidade da lingua que está a estudar. Neste sentido, teranse en conta elementos clave como:

- O ensino do idioma desde unha perspectiva de uso.
- O fomento do emprego da lingua obxecto de estudo como vehículo de comunicación.
- A orientación do ensino cara ao desenvolvemento das actividades de lingua.
- O fomento da autonomía do alumnado e do desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.

O obxectivo principal das aulas ten que ser a comunicación, utilizando desde o principio e na medida do posible a lingua estudada como vehicular, favorecendo o contacto constante do alumnado coa lingua. Por outra parte, o profesorado debe integrar dentro destas tarefas comunicativas, as actividades de comprensión, produción, coprodución e mediación, tanto orais como escritas.

Este enfoque, na súa posta en práctica, terá como centro tarefas baseadas nos obxectivos de comunicación definidos no currículo e nesta programación, e terá en conta as necesidades e intereses do alumnado. Na sociedade levamos a cabo tarefas (escribimos cartas, realizamos conversas, compramos billetes de avión, solicitamos información en ámbitos da nosa vida profesional, pública ou persoal, expresamos dúbidas respecto de opinións ou proxectos familiares ou profesionais...); isto é o que debe aprender a facer o alumnado.

Para formar falantes competentes e autónomos/as, o profesorado debe revisar a súa metodoloxía, así como actualizar os seus métodos, medios e materiais didácticos para facer da aula un lugar facilitador e motivador. Ao mesmo tempo, o alumnado debe implicarse de xeito activo na súa propia aprendizaxe e considerar o erro como un elemento necesario deste proceso. O aprendiz de idiomas será usuario da lingua que está a aprender, o que implica:

- Ter en conta as súas necesidades reais de aprendizaxe, os seus intereses e os contextos de uso.
- Aceptar a existencia na aula dun perfil competencial desigual, así como motivacións e intereses diversos.
- Establecer graos de dominio que poden non responder en todos os casos ao grao de competencia do falante nativo.

### 2.6.1. Principios metodolóxicos

Os principios metodolóxicos en que se baseará o proceso de ensino-aprendizaxe serán os seguintes:

- O noso departamento preocuparase pola igualdade de xénero en catro ámbitos: na escolla do material





didáctico, no uso dunha linguaxe inclusiva, na visualización do problema de xénero e nas achegas da muller á historia; sen descartar ningún outro campo de actuación que poida xurdir. Ademais, tamén se fará referencia á discriminación por orientación sexual e ao colectivo LGTBI.

- A aprendizaxe centrada no alumno e nas súas necesidades. Este principio favorece a implicación deste na aprendizaxe, que se pode lograr: téndoo en conta á hora de deseñar as tarefas (traballando con materiais que respondan aos seus intereses, mesmo propostos por el); tendo en consideración os diferentes estilos de aprendizaxe (e, xa que non é posíbel dar resposta a cada un deles por separado, polo menos axustar a nosa axuda ás características xerais do alumnado); identificando os seus coñecementos previos para actualalos antes de realizar unha tarefa; e desenvolvendo a súa capacidade de autoavaliación.
- A recreación na aula de situacións que simulen as actividades comunicativas reais consideradas en cada nivel do currículo e que centren o ensino no aprendiz e nas súas necesidades. O profesor debe prever as situacións en que terá que desenvolverse o alumno na realidade, para poderlle proporcionar os expoñentes lingüísticos e os referentes culturais que lle permitirán comunicarse nelas. Deste xeito, propoñendo tarefas e utilizando recursos e materiais de aprendizaxe que respondan aos seus intereses e aos seus futuros contextos de uso, lograremos maior motivación. Para incluír no proceso de aprendizaxe as dimensións do individuo que aprende teremos en conta a súa biografía, os asuntos que o ocupan e os que lle preocupan, a súa creatividade e o seu contorno. O alumnado tamén poderá propoñer tarefas, seleccionar recursos e materiais de aprendizaxe que respondan aos seus intereses.
- A reflexión do docente (individualmente ou en colaboración co alumnado) sobre o proceso de ensino-aprendizaxe para obter conclusións e poder aplicar de xeito eficaz o enfoque metodolóxico adoptado, así como para poder proporcionarlle ao alumnado indicacións sobre o propio control e sobre as estratexias de aprendizaxe máis axeitadas.
- O fomento de actitudes como o plurilingüismo e o pluriculturalismo, pois o desenvolvemento das capacidades que se exercitan ao relacionarse con outras linguas e culturas repercute no desenvolvemento da competencia na lingua obxecto de estudo.
- O fomento na clase dunha dinámica que favoreza a interacción comunicativa (entre os alumnos e co profesor), creando un clima de axuda mutua, cordialidade, empatía, respecto e interese.
- A atención á diversidade, tanto de intereses como de coñecementos, capacidades e ritmos de aprendizaxe, mediante recursos metodolóxicos que teñan en conta estas diferenzas.
- O traballo en parellas ou de grupo será o preferente, por romper a limitada estrutura de interacción profesor-alumno e permitir que os alumnos falen máis tempo e de forma máis auténtica. Así mesmo, as clases organizaranse de modo que se favoreza a comunicación entre os alumnos e se manteñan as debidas medidas de protección individual e hixiene.
- Os textos escritos e orais que se utilicen deberán ser auténticos dentro do posíbel (material audiovisual como música, curtametraxes e longametraxes, documentais, material radiofónico ou da TV, fotos, cómics, artigos de xornal e revista, bitácoras etc.).
- É conveniente alternar as tarefas relativas ás diferentes actividades de lingua (de mediación, de expresión oral e escrita e de comprensión oral e escrita) para evitar a monotónía.
- Daráselles preferencia ás actividades de tipo práctico e fomentaranse as actividades comunicativas máis lúdicas e creativas.
- É importante que o profesorado corrixa os traballos e llos entregue ao alumnado con notas aclaratorias.
- Tratarase de desenvolver no alumnado estratexias de autoaprendizaxe encamiñadas á autoformación.
- A lingua usada na aula polo alumnado e polo profesorado como vehículo de comunicación será o galego, xa desde os niveis máis baixos, para garantir unha maior exposición directa do alumnado ao idioma obxecto de estudo.





### 2.6.2 Principios pedagóxicos

A pedagogía debe seguir unhas directrices de carácter progresista e renovador e cómpre fuxir do gramaticalismo teorizador. A aprendizaxe debe ser activa, amena e atractiva para manter vivo o interese pola lingua. En resumo, aplicarase unha metodoloxía que resulte:

- **Práctica:** de xeito que lle proporcione ao alumnado soltura no manexo do idioma.
- **Realista:** que estea en consonancia coa realidade de coñecementos do propio alumnado.
- **Flexíbel:** que permita a adecuación do programa ás necesidades e preferencias do alumnado.
- **Integral:** que procure a formación do/a alumno/a dunha maneira instrutiva completa e integral, isto é, que non se limite soamente á forma da lingua, senón que toque tamén a realidade social que a conforma e todos aqueles puntos sobre a cultura galega que poidan favorecer a aprendizaxe.

Este ano seguimos ofrecéndolle ao alumnado recursos, ferramentas e formas de aprendizaxe innovadoras, co fin de mellorar a adquisición das competencias básicas. Utilizaremos tabletas na aula, o que facilitará o acceso á información e a diferentes ferramentas para a aprendizaxe da lingua (empregaremos aplicacións de uso exclusivo na aula como Kahoot e recomendaremos outras máis axeitadas para a aprendizaxe autónoma fóra do centro como Quizzlet).

### 2.6.3. Actividades culturais

Estas actividades son ferramentas importantes para mellorar o nivel de competencia do alumnado de idiomas. A aprendizaxe non debe limitarse ao reducido espazo da aula, pois a través de conferencias, charlas, mesas redondas, asistencia a obras de teatro, clubs de lectura, sesións de contacontos, participación en festas e excursións... o alumnado pode mellorar a súa comprensión e expresión tanto como nas actividades lectivas, ou máis, pois nelas as actividades son de lingua real. Ademais, moitas contribúen á cohesión do grupo, o que fai que logo a aprendizaxe na aula sexa máis satisfactoria, pois é máis agradábel asistir ás aulas -e xa que logo aprender- nun clima de amizade que cando non existe o mesmo nivel de confianza. Así pois, non deben considerarse un simple divertimento de carácter marxinal.

## 2.7. Recursos

Na actualidade, hai dispoñibles moitos e moi diversos materiais didácticos destinados ao ensino e á aprendizaxe das linguas. Na súa utilización resulta imprescindible realizar unha selección baseada nos obxectivos e contidos das programacións didácticas e no enfoque comunicativo.

No uso dos recursos destacará o feito de que estes sexan, na medida do posible, auténticos e se empreguen co fin de materializar situacións reais do uso da lingua. A utilización de material creado explicitamente con fins didácticos, como por exemplo os libros de texto, responderá ás necesidades do proceso de aprendizaxe e non excluírá o uso de materiais auténticos.

### 2.7.1. Humanos

Este nivel será impartido por un membro do departamento.

### 2.7.2 Físicos

O nivel A1-A2 impartirase nunha aula da escola. Ademais, usaranse outros espazos coma a biblioteca, a aula de informática etc.

### 2.7.3. Materiais

Libros de texto e materiais didácticos recomendados:

- Material audiovisual do *Celga 1* (dispoñíbel na páxina web de Política Lingüística, o mesmo que os catro manuais seguintes).
- [Aula de Galego 1](#), VVAA, Xunta de Galicia, 2008
- *Lingua galega. Léxico 1*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé / Proxecto Artello, 2006
- *Lingua galega. Léxico 2*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé / Proxecto Artello, 2006
- *Lingua galega. Ortografía 1*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé / Proxecto Artello, 2006



- *Lingua galega. Ortografía 2*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé/ Proxecto Artello, 2006
- [Cancións en galego](#) (canle de youtube que contén música en galego coas súas letras)
- [Son de poetas](#) (poemas musicados en lingua galega coas súas letras)
- [Caderno de Lingua](#) (páxina web de Rosa Salgueiro con recursos para a autoaprendizaxe)
- *Para dar trela. Manual práctico de fraseoloxía galega*, VVAA, Xunta de Galicia, 2016
- Banco de tarefas de creación propia

Libros de consulta recomendados:

- [Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego](#), 2003 (edición revisada), de RAG / ILG
- *Gramática da lingua galega, síntese práctica*, Feixó, Xerais

Dicionarios de consulta recomendados:

- [Dicionario RAG](#)
- *Dicionario Obradoiro Santillana* (edición revisada) 2005
- *Dicionario Xerais da lingua*, Ed. Xerais (edición revisada) , 2004
- *Guía de conversa en galego (inglés-español-galego, francés-catalán-galego, alemán-éuscaro-galego)*, VV.AA., Xunta de Galicia / Política Lingüística)
- *Dicionario Xerais castelán –galego de usos, frases e sinónimos*, Ed. Xerais, 2007
- *Dicionario Xerais castelán-galego, galego-castelán*, Ed. Xerais (ed. revisada) , 2005
- *Dicionario castelán-galego da Real Academia Galega*, Fundación Barrié, 2005
- *Galego Século XXI*, VVAA, Galaxia
- [Dicionario de pronuncia da lingua galega](#). Santiago de Compostela: Instituto da LinguaGalega. Xosé Luís Regueira (dir.)
- [Vocabulario oficial da lingua galega](#) (VOLGA), RAG / ILG, Galaxia
- [Corrector en liña da Universidade de Vigo](#)
- [Dicionario en liña Rinoceronte Editora](#)

Libros de lectura recomendada:

- *O neno do pixama a raias*. Boyne,J., Ed. Faktoria K.
- *O único que queda é o amor..*Fernández Paz, A. Edicións Xerais.
- *Sagarmatha*. Delgado, J.F. Edicións Xerais.

## 2.8. Atención á diversidade

Enténdese a atención á diversidade como o conxunto de accións educativas que nun sentido amplo tentan dar resposta ás necesidades temporais ou permanentes de todo o alumnado do centro e, entre eles, aos que requiren unha actuación específica derivada en moitos casos de factores persoais relacionados con situacións de desvantaxe sociocultural, de compensación lingüística, de comunicación e da linguaxe, ou de discapacidade física, psíquica ou sensorial.

No caso desta EOI, as actuacións máis cotiás son as que se refiren, por unha banda, ao alumnado que presenta dentro do mesmo curso diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma e, por outra banda, aos que teñen algún tipo de discapacidade física ou sensorial (fundamentalmente, problemas de vista ou audición) ou psíquica.

Segundo o [Decreto 81/2018](#) polo que se establece o currículo dos niveis das escolas de idiomas, os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4 permitirán o acceso, respectivamente, ás ensinanzas de galego dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2. Isto fai que en moitas ocasións conviva nas aulas alumnado con niveis moi diferentes no coñecemento da lingua, podendo darse o caso de que nun mesmo nivel atopemos persoas que accederon mediante os cursos de iniciación e perfeccionamento, acadado hai anos, e outras licenciadas en Filoloxía Galega.

A solución ao problema dos distintos niveis de competencia dentro do mesmo curso non é doada. O primeiro paso debería ser o de presentarlles este tipo de situación como algo totalmente normal, xa que está claro que



calquera intento de solución ten que pasar pola cooperación entre eles, así que é esencial salienta a necesidade do traballo en equipo e da utilización da lingua obxecto de estudo na comunicación dentro da aula. O traballo en parellas ou grupos é fundamental se queremos involucrar a todos os membros da clase. Xuntar a alumnos con distintos niveis de competencia asegura unha participación óptima nas actividades de clase. Uns poden entrevistar os outros, e se os que teñen maior nivel de competencia saben asumir ese papel de axudante ou mentor, a actividade, lonxe deser frustrante ou aburrida, terá un efecto altamente positivo.

Outra acción educativa que pode ter resultados produtivos é a de traballo por medio de proxectos. Este tipo de traballo pode funcionar positivamente cando se xuntan grupos de distinto nivel, pero tamén con varios grupos homoxéneos, se se lles asignan aos distintos grupos tarefas adecuadas, o que lle proporciona a cada grupo o nivel adecuado de dificultade e impide que se vexan desmotivados, pola excesiva facilidade da tarefa nun caso ou dificultade noutro.

Outro aspecto que cómpre ter en conta refírese ao traballo da casa. Se se lles dá a todos o mesmo traballo para a casa sen ter en consideración os distintos niveis de competencia, os resultados van ser, evidentemente, dispares. O traballo para a casa ten como obxectivo consolidar o traballo na aula, e para que sexa efectivo, é importante que a exixencia da tarefa estea en consonancia co nivel de competencia do alumno; así, as tarefas para os menos avanzados deben ser menos exixentes, o que axuda por un lado a motivalos e por outro proporcionálles práctica adicional en aspectos da lingua que aínda non dominan, e as do alumnado máis avanzado deben ser máis estimulantes, o que fai que non perdan motivación e continúen a progresar.

Un xeito adecuado de involucrar o alumnado con menor competencia nas actividades de aula pode ser o de repetición en grupo de patróns de acentuación e entoación, ou de orde de palabras e estruturas gramaticais. Debería evitarse que o alumnado con menos nivel sexa o primeiro en responder preguntas. É menos tenso que sexa o alumnado con maior competencia o que responda primeiro mentres eles prestan atención para responder despois preguntas similares. Cando este tipo de interacción sexa habitual, a clase será máis dinámica e produtiva para eles.

A inclusión de actividades complementarias dentro da aula é fundamental para solucionar o problema dos alumnos con distintos ritmos de aprendizaxe, de maneira que os menos avanzados teñan a posibilidade de reforzar certas áreas, e os máis avanzados dispoñan de material extra. As actividades deben ser integradoras, para que os alumnos saquen vantaxe dos seus puntos máis fortes. De vez en cando haberá que incluír actividades deliberadamente fáciles para que o alumnado con menor nivel de competencia leve a cabo as tarefas con éxito, xa que isto permitirá aumentar a súa confianza. A programación de aula debe incluír todo este tipo de material adicional para o alumnado que necesite esta axuda extra para acadar os obxectivos, e para os que necesitan avanzar máis rapidamente.

Aínda que algunhas das estratexias mencionadas anteriormente poden ser válidas tamén para estudantes con algunha discapacidade, queda claro que esta situación presenta outros problemas adicionais, que en moitos casos afectan ao resto do alumnado, ao profesor, e que lle impiden ás persoas con discapacidades enfrontarse con éxito ás actividades e levar o ritmo da clase. Para evitar estas frustracións, é fundamental que o enfoque sexa multisensorial e multitarefa. É evidente que unha clase dedicada exclusivamente á comprensión lectora resultará atractiva para unha parte do alumnado, pero aqueles con algunha disfunción visual non terán as mesmas oportunidades de participar. Do mesmo xeito, unha actividade de audición resultará menos atractiva para aqueles que teñan problemas auditivos. Un achegamento multisensorial, onde se integren as cinco actividades de lingua de mediar, ler, escoitar, escribir e falar fará que este alumnado teña máis posibilidades de éxito. Outro tipo de solución pasa por facer unha distribución da clase de xeito que o alumnado con discapacidades auditivas poida escoitar o profesor ou o material auditivo con máis facilidade e os que teñen discapacidades visuais poidan ver o escrito no encerado máis claramente. As actividades fotocopiáveis e os exames pódense entregar tamén nun formato máis grande e o uso de auriculares individuais tamén podería solucionar os problemas do alumnado con discapacidade auditiva.

Hai que dotar a aula e o centro dos recursos adecuados: por exemplo, que os alumnos en cadeira de rodas teñan unha mesa de maior altura ou de altura regulable, e que a súa aula estea situada na planta baixa preferibelmente ou ben que teñan acceso a ela no ascensor; no caso de ter aulas con mesas de pa, que haxa algunha adecuada para os alumnos zurdos; que as persoas con problemas de mobilidade nas mans poidan usar o ordenador para as tarefas de expresión escrita etc. En xeral, tratarase de que o alumnado con algún tipo

de discapacidade se sinta totalmente integrado.

A organización, aplicación e avaliación das probas para a obtención das certificacións por parte do alumnado con discapacidades basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes, contemplando aquelas medidas que sexan necesarias para a súa adaptación ás necesidades específicas deste alumnado.

## 2.9. Avaliación

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos.

A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

### 2.9.1. Avaliación inicial (ou de diagnóstico)

A avaliación inicial levarase a cabo no mes de setembro, unha vez finalizado o período de matrícula, mediante unha proba que avaliará as cinco actividades de lingua básicas: mediación, comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral e expresión escrita. Esta proba servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. Neste nivel, a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado parte duns coñecementos previos ou se, pola contra, son aprendices que descoñecen por completo a lingua obxecto de estudo.

Realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permiten identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2022/2023.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

### 2.9.2. Avaliación de progreso

O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización dunha proba para cada actividade de lingua coa mesma estrutura e duración que as probas de certificación. Para a cualificación empregaranse as rúbricas que se inclúen nas *Guías de Administración das Probas de Certificación*. A cualificación será unha nota numérica que se lle comunicará ao alumnado na aula. Esta avaliación terá carácter informativo.

### 2.9.3. Avaliación certificadora

Esta avaliación levarase a cabo seguindo os criterios na Instrución 8/2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2023/24 e tendo en conta a *Guía de administración e cualificación das probas de certificación das EOI de Galicia* ou documento análogo que determine a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A1

A2



<p>Acti vida des de com pre nsi ón de text os orai s</p>	<p><b>Comprende</b> os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><b>Recoñece</b> o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p><b>Discrimina</b> os patróns sonoros e de entoación de usomáis común.</p>	<p><b>Coñece</b> e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><b>Recoñece</b> o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p><b>Discrimina</b> os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.</p>
<p>Acti vida des de com pre nsi ón de text os esc rito s</p>	<p><b>Sabe aplicar</b> as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.</p> <p><b>Comprende</b> o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p><b>Recoñece</b> os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e puntuación máis elementais.</p>	<p><b>Comprende</b> o sentido xeral e a información esencial do texto.</p> <p><b>Comprende</b> o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p><b>Recoñece</b> os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.</p>



<p>Acti vida des de pro duci ón e cop rod ució n de text os orai s</p>	<p><b>Coñece e utiliza</b> estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras.</p> <p><b>Manexa</b> un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.</p> <p><b>Interactúa</b> de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><b>Coñece</b> e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><b>Pronuncia e entoa</b> de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.</p>	<p><b>Produce</b> textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.</p> <p><b>Manexa</b> un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.</p> <p><b>Interactúa</b> de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><b>Coñece</b> e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><b>Pronuncia</b> e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.</p>
<p>Activida desde pro duci ón e cop rod ució n de textos escrito s</p>	<p><b>Produce</b> textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).</p> <p><b>Coñece</b> e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><b>Utiliza</b> as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.</p>	<p><b>Produce</b> textos escritos breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).</p> <p><b>Coñece</b> e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><b>Utiliza</b> as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común.</p>





	A1	A2
Acti vida des de me diac ión	<p>É <b>capaz</b> de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.</p> <p><b>Identifica</b> a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.</p> <p><b>Repite</b> ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.</p>	<p>É <b>capaz</b> de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.</p> <p><b>Identifica</b>, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emissores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante.</p> <p><b>Repite</b> ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.</p> <p><b>Toma notas</b> moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.</p>

#### 2.9.4. Autoavaliación

A programación inclúe as directrices para levar a cabo a avaliación da práctica docente. O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta a seguinte rúbrica:

Indicadores de logro	1	2	3	4	5
A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.					
A aprendizaxe lograda polo alumnado.					
As medidas de individualización do ensino.					
O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...).					
A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares.					
As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, metodoloxía...).					



### 2.9.5. Mínimos exixibles

A1-A2	
Actividades de comprensión de textos orais	<p><b>Comprende</b> os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><b>Recoñece</b> o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p><b>Discrimina</b> os patróns sonoros e de entoación de uso máis común.</p>
Actividades de produción e coprodución de textos orais	<p><b>Coñece e utiliza</b> estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras.</p> <p><b>Manexa</b> un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.</p> <p><b>Interactúa</b> de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><b>Coñece</b> e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><b>Pronuncia e entoa</b> de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.</p>
Actividades de comprensión de textos escritos	<p><b>Sabe aplicar</b> as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.</p> <p><b>Comprende</b> o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p><b>Recoñece</b> os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.</p>





<p>Actividade de produción e coprodución de textos escritos</p>	<p><b>Produce</b> textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).</p> <p><b>Coñece</b> e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><b>Utiliza</b> as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.</p>
<p>Actividade de mediación</p>	<p><b>É capaz</b> de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.</p> <p><b>Identifica</b> a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.</p> <p><b>Repite</b> ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.</p>

### 2.9.6. Instrumentos de avaliación

Procedementos	Instrumentos	Temporalización
Avaliación inicial	Proba de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do alumnado.	Setembro
Avaliación formativa	Rúbricas, follas de control, observación na aula e avaliación de tarefas propostas.	Durante todo o curso
Avaliación de progreso	Proba de avaliación e rúbrica incluída nas Guías de Administración das Probas de Certificación	Entre o 1º e o 2º cuadrimestre
Avaliación certificadora	Proba común (para alumnado libre e oficial) e rúbrica incluídas nas Guías de Administración das Probas de Certificación	Xuño
Lexislación aplicable		
Decreto 81/2018	Real Decreto 1041/2017	Circulares
Real Decreto 1/2019	Guía de administración e cualificación das probas de certificación	



## 2.10. Unidades didácticas

UNIDADE 1			
NIVEL	A1-A2	5 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Fotocopias, Internet, audios e vídeos	Individual e grupal	MODALIDADE DE TRABALLO
<b>O B X E C T I V O S</b>	<b>CO</b>	Comprender o esencial en situacións en que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal sempre que se fale con lentitude e con claridade.	
	<b>CE</b>	Comprender carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.	
	<b>PCOM</b>	Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía. Mediar en situacións moi cotiás e familiares, nas cales se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.	
	<b>PCEM</b>	Completar documentos básicos en que se solicite información persoal. Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en exposicións moi breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa familiar e predicible e se lle poidan pedir aclaracións á persoa relatora.	
<b>C O M P E T E N C I A S E C</b>	<b>Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>Estratéxicos</b>	<b>Funcionais</b>
	A vida cotiá (distribución do día e rutina diaria, horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...).	Determinar os requirimentos da tarefa e avaliación dos propios coñecementos e recursos lingüísticos para o seu desenvolvemento. Identificar o tipo de texto, adaptando a súa comprensión a esa tipoloxía.	Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas.
	<b>Discursivos</b>	<b>Sintácticos</b>	<b>Léxicos</b>
	Coherencia: asociación de enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilizarlos; selección do léxico e das estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos escritos a que se enfrenta. Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito; utilización dos recursos básicos de puntuación; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.	A entidade e as súas propiedades.	Identificación persoal. Relacións familiares e sociais.
<b>Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>	<b>Competencia e contidos interculturais</b>		



O N T I D O S	<p>Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprensión dos significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.</p> <p>Selección, segundo a intención comunicativa, e produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común.</p> <p>Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos, e convencións ortográficas máis elementais.</p> <p>Selección, segundo a intención comunicativa, e uso dos patróns gráficos e convención ortográficas máis elementais.</p>	<p>Aplicación dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás e familiares moi sinxelas: coñecementos culturais básicos, observación, escoita, posta en relación, respecto.</p>	
T E M P O R A L I Z A C I Ó N	<p>CO:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escoitar un audio onde se recoñecen as principais fórmulas de saúdo e despedida. Completar unha transcripción con estes datos.</li> <li>• Escoitar un audio onde se reproducen un grupo de palabras con fonemas da lingua galega que requiren unha atención especial (x, n, e, o) e resolver as tarefas.</li> <li>• Ver un vídeo da páxina <i>Sotaques</i> e resolver as tarefas.</li> </ul> <p>EO:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cubrir un cuestionario con datos esenciais dun compañeiro ou compañeira (nome, idade, procedencia etc). Presentar oralmente ese compañeiro ao resto da clase.</li> <li>• Idear unha conversa telefónica por parellas.</li> <li>• Entrevistarse por parellas utilizando diferentes partículas interrogativas.</li> </ul> <p>CE:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ler un texto onde se presenta a unha persoa e resolver as tarefas.</li> <li>• Ler varios anuncios dunha páxina para coñecer xente e resolver as tarefas.</li> </ul> <p>EE:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaborar unha pequena presentación persoal básica.</li> <li>• Elaborar unha presentación da persoa ideal.</li> <li>• Escribir un correo electrónico despois de ver un vídeo sobre as Illas Atlánticas.</li> </ul> <p>MEDIACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Transmitir aos compañeiros información básica sobre algún coñecido/a.</li> <li>• Ler varios anuncios dunha sección de contactos dunha páxina web e contarllor a unha persoa que lle poida interesar.</li> <li>• Preparar un breve monólogo coas cousas que máis lle interesan de Galicia despois de ver un vídeo e contarllor ao compañeiro/a.</li> </ul>	A C T I V I D A D E S	
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	<p>Situación na aula: o alumnado que o precise sentará preto dos altofalantes ou da pantalla para poder recoller toda a información.</p> <p>Especial atención á creación de grupos homoxéneos e heteroxéneos de traballo, segundo as tarefas. Ademais, ao alumnado que vai adiantado ou a un ritmo máis pausado no seguimento das actividades, achegaráselle material adicional (ampliación ou reforzo), a través da aula virtual.</p>		
	CO	<p>Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p>	M Í N I M



A V A L I A C I Ó N	CE	Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.	Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.	O S E S I X I B L E S
	PCOM	Aplica á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas. Coñece os aspectos básicos máis xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e é capaz de actuar en consecuencia, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.	Aplica á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas. Coñece os aspectos básicos máis xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e é capaz de actuar en consecuencia, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.	
	PCEM	Aplica á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas. Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.	Aplica á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas. Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.	

UNIDADE 2			
NIVEL	A1-A2	5 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Fotocopias, Internet, audios e vídeos	Individual e grupal	MODALIDADE DE TRABALLO
O B X E C T I V O S	CO	Comprender o esencial en situacións en que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal sempre que se fale con lentitude e con claridade.	
	CE	Comprender carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.	
	PCOM	Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía. Mediar en situacións moi cotiás e familiares, nas cales se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.	
	PCEM	Completar documentos básicos en que se solicite información persoal. Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en exposicións moi breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa familiar e predicible e se lle poidan pedir aclaracións á persoa relatora.	
	Socioculturais e sociolingüísticos	Estratéxicos	Funcionais
	A vida cotiá (distribución do día e rutina diaria, horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...).	Determinar os requirimentos da tarefa e avaliación dos propios coñecementos e recursos lingüísticos para o seu desenvolvemento. Identificar o tipo de texto, adaptando a súa comprensión a esa tipoloxía.	Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas.



C O M P E T E N C I A S E	<b>Discursivos</b>	<b>Sintácticos</b>	<b>Léxicos</b>	
	<p>Coherencia: asociación de enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilízaos; selección do léxico e das estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos escritos a que se enfronta.</p> <p>Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito; utilización dos recursos básicos de puntuación; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.</p>	A entidade e as súas propiedades.	Identificación persoal. Relacións familiares e sociais.	
C O N T I D O S	<b>Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		<b>Competencia e contidos interculturais</b>	
	<p>Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprensión dos significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.</p> <p>Selección, segundo a intención comunicativa, e produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común.</p> <p>Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos, e convencións ortográficas máis elementais.</p> <p>Selección, segundo a intención comunicativa, e uso dos patróns gráficos e convención ortográficas máis elementais.</p>		<p>Aplicación dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás e familiares moi sinxelas: coñecementos culturais básicos, observación, escoita, posta en relación, respecto.</p>	
T E M P O R A L I Z A C I Ó N	<p>CO:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escoitar un audio onde se describen varias persoas e resolver as tarefas.</li> <li>• Ver un vídeo sobre a cidade de Lugo e resolver as tarefas.</li> <li>• Escoitar a lectura dunha nova sobre a contornada cidades e resolver as tarefas.</li> </ul> <p>EO:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir un coñecido atendendo ao físico e ao carácter, en gran grupo.</li> <li>• Despois de ver un vídeo sobre a cidade de Lugo, falar da zona en que vivimos, por parellas e posta en común.</li> <li>• Xogo do quen é quen? Por grupos.</li> <li>• Por parellas, simular a compra dunha vivenda.</li> </ul> <p>EE:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaborar un microrrelato de terror.</li> <li>• Escribir un correo electrónico ao Concello de Lugo para mellorar algunha parte da cidade.</li> <li>• Escribir un anuncio para vender unha vivenda.</li> </ul> <p>MEDIACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Eu quero coñecer a....</li> <li>• Ler un texto descritivo dunha revista especializada sobre a vivenda tradicional galega, escoller un dos tipos e describirllo ao resto dos compañeiros. A continuación visualizar cada un dos tipos de vivenda para comprobar se a descrición foi precisa.</li> <li>• Despois de ver a árbore xenealóxica dunha familia, explicarlle ao compañeiro/a quen é cada personaxe que vai aparecendo en escena. (Serie Modern Family).</li> </ul>			A C T I V I D A D E S

<b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>		Situación na aula: o alumnado que o precise sentará preto dos altofalantes ou da pantalla para poder recoller toda a información. Especial atención á creación de grupos homoxéneos e heteroxéneos de traballo, segundo as tarefas. Ademais, ao alumnado que vai adiantado ou a un ritmo máis pausado no seguimento das actividades, achegaráselle material adicional (ampliación ou reforzo), a través da aula virtual.	
<b>A V A L I A C I Ó N</b>	<b>CO</b>	Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.	Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.
	<b>CE</b>	Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.	Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.
	<b>PCOM</b>	Aplica á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas. Coñece os aspectos básicos máis xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e é capaz de actuar en consecuencia, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.	Aplica á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas. Coñece os aspectos básicos máis xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e é capaz de actuar en consecuencia, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.
	<b>PCEM</b>	Aplica á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos máis elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas. Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.	Aplica á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos máis elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas. Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.

**M  
Í  
N  
I  
M  
O  
S  
  
E  
S  
I  
X  
I  
B  
L  
E  
S**

<b>UNIDADE 3</b>			
<b>NIVEL</b>	A1-A2	5 sesións de 120 minutos	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Fotocopias, Internet, audios e vídeos	Individual e grupal	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>
<b>O B X E C T I V O S</b>	<b>CO</b>	Seguir un texto breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no cal se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.	
	<b>CE</b>	Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia..	
	<b>PCOM</b>	Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinión de forma básica. Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos (carteis, folletos, formularios, correspondencia, cartas e menús de restaurantes, horarios, conversas, notas...), sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade e con repeticións.	



	<b>PCEM</b>	Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible. Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en exposicións moi breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa familiar e predicible e se lle poidan pedir aclaracións á persoa relatora.		
<b>COMPETENCIAS</b>	<b>Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>Estratéxicos</b>	<b>Funcionais</b>	
	As condicións de vida (vivenda, condicións laborais, sanidade, transporte, sistema educativo...).	Deducir e formular hipótesis sobre o significado probable das palabras ou frases que descoñece, a partir do contexto. Comprobar hipóteses: axustar as claves de inferencia cos esquemas de partida.	Información xeral: pedir e dar información sobre datos persoais; pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades.	
	<b>Discursivos</b>	<b>Sintácticos</b>	<b>Léxicos</b>	
	Coherencia: asociación de enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilizarlos; selección do léxico e das estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos orais a que se enfronta. Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto oral; utilización dos patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.	O tempo e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade).	Traballo, profesións e servizos públicos.	
	<b>Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		<b>Competencia e contidos interculturais</b>	
Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprensión dos significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles. Selección, segundo a intención comunicativa, e produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común. Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficis, e convencións ortográficas máis elementais. Selección, segundo a intención comunicativa, e uso dos patróns gráficis e convencións ortográficas máis elementais.		Aplicación dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás e familiares moi sinxelas: coñecementos culturais básicos, observación, escoita, posta en relación, respecto.		
<b>TEMPORALIZAC</b>	CO:			<b>ACTIVIDADES</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Varias persoas falan do seu lugar favorito do seu fogar. Escoitamos e completamos a tarefa.</li> <li>Estudas ou traballas? Escoitar e resolver as tarefas.</li> <li>Mulleres traballadoras: ver un vídeo sobre as mulleres da Ruta do Grelo (<i>O Salto</i>) e resolver as tarefas.</li> </ul>			
	EO:			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Localizar mobiliario e distintos materiais na aula: debaixo, enriba, detrás... Onde gardo os zapatos na casa? E o paraugas? E as chaves? Resolver as tarefas.</li> <li>Idear unha conversa telefónica por parellas (rol de persoa interesada/rol de responsable do negocio): na axencia inmobiliaria / na clase de ioga / a piques de entrar nunha entrevista de traballo...</li> <li>Entrevistarse por parellas utilizando estruturas comparativas: O rato da cidade e o rato da</li> </ul>			





I Ó N		<p>aldea.</p> <p>CE:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Ler varios anuncios para o alugueiro de pisos e casas e responder as preguntas.</li> <li>Como é vivir en Lugo? Como é vivir na Coruña? E en Guntín? Son bastante diferentes: En que cidade ou vila vivirías mellor?</li> <li>A que hora fago que? Traballar coas actividades que facemos nun día normal.</li> </ul> <p>EE:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Describir a nosa casa ideal respondendo a unha serie de cuestións. Escribirlle unha serie de mensaxes de móbil (<i>Whatsapps</i>) ao noso posible caseiro para coñecer cuestións que nos interesan sobre o noso futuro fogar.</li> </ul> <p>MEDIACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Preparar un breve diálogo cun compañeiro: O peregrino moi, moi perdido (Perdoa, sabes se...?)</li> <li>A que hora pasa o autobús? Chove na parada e para entrar en calor cóntaslle o que fasno teu día a día ao teu compañeiro de asento.</li> <li>Médico de vila: vemos o vídeo <i>Sotaques</i> (Miguel López) e explicamos a súa visión da consulta médica e da relación cos pacientes</li> </ul>	
	<b>PCEM</b>	Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal e na cal se expresen sentimentos, opinións, reaccións e actitudes, ou se solicite ou ofreza un servizo ou información, nun rexistro axeitado á situación de comunicación. Resumir brevemente os puntos máis importantes e a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiáns ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.	
<b>C O M P E T E</b>	<b>Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>Estratéxicos</b>	<b>Funcionais</b>
	A linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersonal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...).	Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (aproximacións e xeneralizacións cun nivel de lingua moi sinxelo, parafrasear, usar a lingua materna...) ou extralingüísticos (facen ver aquilo ao que quere referirse sinalándoo co dedo, usar a linguaxe corporal, usar sons onomatopéicos...). Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos (analizar a reacción do/a interlocutor/a ou da audiencia...).	Petición de instrucións e suxestións: pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos; suxerir unha actividade; invitar, e reaccionar adecuadamente.
	<b>Discursivos</b>	<b>Sintácticos</b>	<b>Léxicos</b>



N C I A S  E C O N T I D O S	<p>Coherencia: asociación de enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilízaos; selección do léxico e das estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos escritos a que se enfronta.</p> <p>Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito; utilización dos recursos básicos de puntuación; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.</p>	A entidade e as súas propiedades.	Identificación persoal. Relacións familiares e sociais.
	<p><b>Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b></p> <p>Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprensión dos significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.</p> <p>Selección, segundo a intención comunicativa, e produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común.</p> <p>Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos, e convencións ortográficas máis elementais.</p> <p>Selección, segundo a intención comunicativa, e uso dos patróns gráficos e convencións ortográficas máis elementais. continuidade nas ideas expresadas.</p>	<p><b>Competencia e contidos interculturais</b></p> <p>Aplicación dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás e familiares moi sinxelas: coñecementos culturais básicos, observación, escoita, posta en relación, respecto.</p>	
T E M P O R A L I Z A C I Ó N	<p>CO:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Vemos o #DígochoEu dedicado ao Tempo da TVG e resolvemos as tarefas.</li> <li>Vemos unha recomendación de libros da <i>Youtubeira</i> Nubes baixo ti. Resolvemos as tarefas.</li> </ul> <p>EO:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Que estou a ler? Ao fío da tarefa sobre as recomendacións de libros, realizamos unha propia na aula sobre un libro, novela gráfica etc que nos gustase especialmente. Comentámolo cos/coas compañeiros/as e debatemos na aula.</li> <li>Argumentamos: Como mellorou o coidado da saúde ao longo dos anos? Como sería vivir no século XV? E no XIX? Falamos de avances como o descubrimento da penicilina ou a píldora anticonceptiva e comparamos o que agora temos co que tiñan naquela altura.</li> </ul> <p>CE:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Mamede Casanova: lemos sobre este “bandido” de comezos de século e resolvemos as tarefas.</li> <li>O fillo da furia: lemos algunhas páxinas desta BD sobre Mamede Casanova e resolvemos as tarefas.</li> </ul> <p>EE:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Que frío vai! Cando pasamos máis frío ou máis calor na nosa vida? Escribimos sobre o clima do noso lugar de procedencia e comparámolo co clima de Lugo ou da vila na que vivimos.</li> <li>Que vida interesante tiven! Escribimos unha pequena biografía propia, e engadimos anécdotas certas e algunha inventada. Lémosla na clase para que os/as compañeiros/as dedican que é certo e que é creación do maxín.</li> </ul> <p>MEDIACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Cal foi a idea de Xosé Ramón, quen decidiu reorientar a explotación gandeira familiar crear Vida de Aldea? Vemos o vídeo da TVG e realizamos un resumo ao que acrecentamos a nosa opinión sobre este novo modelo de negocio.</li> <li>Lemos o artigo sobre as hortas urbanas e comentamos o que achamos sobre este fenómeno e a súa utilidade.</li> </ul>		A C T I V I D A D E S





	<p>TAREFA DE CONTRIBUTO AO PROXECTO DO CUADRIMESTRE:</p> <p>Agora imos botar unha hora completa co galego. Aproveitaremos a hora do xantar ou da cea para desenvolvernos en galego coas persoas que nos acompañen. Despois recolleremos a nosas impresións.</p>		
<b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<p>Situación na aula: o alumnado que o precise sentará preto dos altofalantes ou da pantalla para poder recoller toda a información.</p> <p>Especial atención á creación de grupos homoxéneos e heteroxéneos de traballo, segundo as tarefas. Ademais, ao alumnado que vai adiantado ou a un ritmo máis pausado no seguimento das actividades, achegaráselle material adicional (ampliación ou reforzo), a través da aula virtual.</p>		
<b>AVALIACIÓN</b>	<b>CO</b>	<p>Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p>	<p>Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p>
	<b>CE</b>	<p>Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p>	<p>Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p>
	<b>PCOM</b>	<p>Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas relacionadas co pasado e co futuro, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe aos receptores e as receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.</p>	<p>Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas relacionadas co pasado e co futuro, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe aos receptores e as receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.</p>
	<b>PCEM</b>	<p>Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p>	<p>Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p>
			<b>MÍNIMOS ESIXIBLES</b>





	Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarllas ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.	Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarllas ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.
--	--	--

UNIDADE 10			
NIVEL	A1-A2	5 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Fotocopias, Internet, audios e vídeos	Individual e grupal	MODALIDADE DE TRABALLO
<b>O B X E C T I V O S</b>	<b>CO</b>	Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.	
	<b>CE</b>	Comprender textos instrutivos, argumentativos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.	
	<b>PCOM</b>	Solicitar a colaboración do/a interlocutor/a e utilizar estratexias para asegurar a comunicación. Mediar en situacións moi cotiás, nas cales o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.	
	<b>PCEM</b>	Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos e organizar estes de acordo con textos modelo. Resumir brevemente os puntos máis importantes e a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiás ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.	
<b>C O M P E T E N C I A S  E  C O</b>	<b>Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>Estratéxicos</b>	<b>Funcionais</b>
	A linguaxe corporal (expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersonal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume...).	Ensaia o texto escrito (subliñar, empregar regras mnemotécnicas...). Preparar ou planificar o posible desenvolvemento do intercambio tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.	Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación, iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.
	<b>Discursivos</b>	<b>Sintácticos</b>	<b>Léxicos</b>
Coherencia: selección do léxico e das estruturas adecuadas, así como da información suficiente para acadar o propósito comunicativo; adaptación ás características e ao formato dos textos orais que produce; organización da información de modo lineal e recoñecemento dun rexistro básico de acordo co grao de familiaridade co/a interlocutor/a (tratamentos, xestos e actitudes). Cohesión: utilización de fórmulas sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el; utilización de recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto oral; utilización dos patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa; utilización das concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.		Relacións lóxicas de condición, comparación, causa, finalidade, resultado e correlación.	Ciencia e tecnoloxía. Educación.



N T I D O S	Fonético-fonolóxico e ortotipográficos	Competencia e contidos interculturais
T E M P O R A L I Z A C I Ó N	<p>Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprensión dos significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.</p> <p>Selección, segundo a intención comunicativa, e produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común.</p> <p>Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos, e convencións ortográficas máis elementais.</p> <p>Selección, segundo a intención comunicativa, e uso dos patróns gráficos e convencións ortográficas máis elementais.</p>	<p>Aplicación dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás e familiares moi sinxelas: coñecementos culturais básicos, observación, escoita, posta en relación, respecto.</p>
	<p>CO:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Clases de zumba na TVG. Resolvemos as tarefas</li> <li>• Escoitamos unha parte do podcast Fan Fan que Cibrán Tenreiro fixo sobre Ana Kiro. Resolvemos as tarefas.</li> </ul> <p>EO:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vimos de desfrutar dunha boa clase de zumba e queremos que un amigo se anote connosco. Suxerímoslle unha serie de actividades físicas que oferta no ximnasio ao que imos, pero este amigo ten algunha alternativa para facer deporte. Conversas por parellas.</li> <li>• Atopámonos cunha muller que foi roída por un can nunha perna e, aínda que non está grave, está moi asustada. Ofrecémoslle a nosa axuda e dámoslle alternativas para botarlle unha man: levala ao médico, chamar ao 061, chamar a súa familia etc. Conversas a dous.</li> </ul> <p>CE:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Lemos sobre as impresións de Cibrán Tenreiro ao descubrir os fans de Ana Kiro a través dunha páxina de Facebook. Resolvemos as tarefas.</li> <li>• O caso do neno esquecido no bus escolar. Lemos e resolvemos as tarefas.</li> </ul> <p>EE:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O que me arranxou a vida a tecnoloxía. Facemos unha comparación da nosa vida pasada con menos ou sen tecnoloxía avanzada na nosa contorna, e o momento actual que estamos a vivir.</li> <li>• “Samsonite lanza unha mochila que interactúa co noso smartphone”. Lemos a noticia publicada en Código Cero e damos a nosa opinión escrita sobre as novidades tecnolóxicas: fannos a vida máis doada ou estamos a cruzar a raia e a crear máis e máis desigualdades? Que hai de bo e que cousas malas achamos que ten a carreira tecnolóxica na que viven as grandes empresas internacionais?</li> </ul> <p>MEDIACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Persépole: lemos entre todos un capítulo (cada parella ten unha parte) desta novela gráfica. Coa nosa parella facemos un pequeno resumo que contaremos na clase. Entre todos debateremos sobre que cremos que contan no capítulo.</li> <li>• Temos un amigo que vai pola A6 conducindo e que atopa no medio da autovía un can malferido. O seu móbil non lle deixa facer chamadas, polo que nos envía unha nota de voz pedíndonos que chamemos ao 112. Nós chamamos ao 112, presentámonos, facilitamos a información que nos deu o noso amigo e despedímonos.</li> </ul> <p>TAREFA DE CONTRIBUTO AO PROXECTO DO CUADRIMESTRE:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Desta volta xa vai: imos botar as 24 horas falando galego. Escolleremos ben o día e recolleremos as nosas impresións en varias horas deste, pola mañá, á tarde e xa á noite, cando termine o noso día completo de galegofalantes.</li> </ul>	A C T I V I D A D E S



<b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>		Situación na aula: o alumnado que o precise sentará preto dos altfalantes ou da pantalla para poder recoller toda a información. Especial atención á creación de grupos homoxéneos e heteroxéneos de traballo, segundo as tarefas. Ademais, ao alumnado que vai adiantado ou a un ritmo máis pausado no seguimento das actividades, achegaráselle material adicional (ampliación ou reforzo), a través da aula virtual.	
		<b>CO</b>	Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.
<b>A V A L I A C I Ó N</b>	<b>CE</b>	Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.	Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.
	<b>PCOM</b>	Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración do interlocutor ou da interlocutora. Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe aos receptores e as receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.	Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.
	<b>PCEM</b>	Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común na redacción de textos en papelou soporte dixital. Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.	Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa intelocutora. Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe aos receptores e as receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.
			Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais na redacción de textos en papel ou soporte dixital. Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.
		<b>M Í N I M O S  E S I X I B L E S</b>	



### 3. NIVEL INTERMEDIO (B1-B2)

#### 3.1. Descrición do nivel

O alumnado que supere o **nivel intermedio B1** poderá comunicarse en situacións cotiás (traballo, estudos, ocio...) e en contextos de lingua previsible, nun rexistro neutro –aínda que vacile, faga pausas e cometa algún erro– cunha razoable corrección, certa seguridade e eficacia; comprenderá sen dificultade os puntos principais de textos orais e escritos claros en lingua estándar en situacións coñecidas; será quen de producir textos sinxelos nos que xustifique brevemente opinións, pida aclaracións, explique brevemente un problema...

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento básico da lingua, gozará dun repertorio amplo de estruturas morfosintácticas sinxelas e dominará o léxico común dos contextos comunicativos habituais e frecuentes.

O alumnado que supere o **nivel intermedio B2** poderá comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas –sen erros importantes e cunha pronuncia clara–; posuirá conciencia lingüística suficiente para corrixirse e resolver ambigüidades; terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro; comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de carácter concreto e abstracto. Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas expresións idiomáticas de uso común.



### 3.2. Obxectivos xerais

B1	B2
<p><b>Comprender</b> o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.</p> <p><b>Producir e coproducir</b> descriucións sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.</p> <p><b>Comprender</b> o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiáns, habituais ou do seu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.</p> <p><b>Producir e coproducir</b> textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (destinatario/a, situación, propósito) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.</p> <p><b>Mediar</b> entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar.</p>	<p><b>Comprender</b> o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle.</p> <p><b>Producir e coproducir</b> descriucións de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir.</p> <p><b>Comprender</b> o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, un amplo vocabulario e unha ampla gama de estruturas sintácticas, identificando con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en períodos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler.</p> <p><b>Producir e coproducir</b> textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes. Utilizar unha ampla gama de recursos lingüísticos adecuándoos á situación comunicativa (registro, estilo), de maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.</p> <p><b>Mediar</b> entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.</p>

### 3.3. Obxectivos específicos

	B1	B2
Acti vida des de com pre nsió n de text os orai s	<p><b>Comprender</b> as ideas principais dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.</p> <p><b>Comprender</b> anuncios e mensaxes que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público, educativo e profesional da súa especialidade, expresadas en linguaxe habitual.</p> <p><b>Comprender</b> informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual .</p> <p><b>Comprender</b> informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.</p> <p><b>Comprender</b> as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.</p> <p><b>Comprender</b> a liña xeral de series ou películas nas que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento.</p>	<p><b>Comprender</b> conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.</p> <p><b>Comprender</b> exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.</p> <p><b>Comprender</b> información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.</p> <p><b>Comprender</b> películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.</p> <p><b>Comprender</b> programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.</p> <p><b>Comprender</b> as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico ou na área profesional da súa especialidade.</p>
Acti vida des de pro dució n e copro dució n de text os orai s	<p><b>Intervir</b> en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.</p> <p><b>Dar</b> información sobre a identificación e a caracterización persoal.</p> <p><b>Dar</b> información xeral sobre un asunto de saúde.</p> <p><b>Resolver</b> nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte...).</p> <p><b>Participar</b> en xestións habituais nun banco, nas oficinas de correos ou noutras institucións similares.</p> <p><b>Pedir</b> un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre un menú e sobre formas de pagamento.</p> <p><b>Solicitar</b> información simple relacionada con cuestións administrativas ou académicas.</p> <p><b>Facer</b> breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos nonsuficientemente claros.</p>	<p><b>Interactuar</b> espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.</p> <p><b>Resolver</b> problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.</p> <p><b>Explicar</b> os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.</p> <p><b>Dar opinión e argumentar</b>, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.</p> <p><b>Pedir</b> información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada...</p> <p><b>Expresar</b> puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.</p> <p><b>Facer preguntas</b> nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.</p> <p><b>Realizar</b> unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.</p>



<p>Acti vida des de com pre nsi ón de text os esc ritos</p>	<p><b>Comprender</b> información e instrucións relevantes contidas en folletos de divulgación, anuncios publicitarios e guías turísticas.</p> <p><b>Comprender</b> mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese.</p> <p><b>Comprender</b> instrucións sinxelas, que poidan ter axuda de soporte visual, contidas en prospectos de medicamentos, catálogos, libros de instrucións etc.</p> <p><b>Comprender</b> descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.</p> <p><b>Comprender</b> noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese.</p> <p><b>Comprender</b> correspondencia informal clara do ámbito privado, e correspondencia formal breve de institucións relacionadas co seu ámbito académico ou profesional.</p>	<p><b>Comprender</b> con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.</p> <p><b>Comprender</b> diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.</p> <p><b>Comprender</b> formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional.</p> <p><b>Comprender</b> artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.</p> <p><b>Comprender</b> instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.</p> <p><b>Comprender</b> textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.</p> <p><b>Seguir</b> a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario).</p>
<p>Acti vida des de pro du ción e cop ro du ción de text os esc ritos</p>	<p><b>Escribir</b> notas persoais sinxelas nas que se relacionen experiencias e se expresen opinións ou desexos.</p> <p><b>Cubrir</b> impresos e formularios -seguinte modelos- que requiran datos persoais, académicos, profesionais nos que, por exemplo, se pregunten ou ofrezan explicacións (reclamacións).</p> <p><b>Tomar notas</b> a partir dunha reunión, dunha conferencia ou dunha aula, aínda que conteñan algunhas incoherencias.</p> <p><b>Redactar</b> resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos.</p> <p><b>Redactar</b> documentos breves relacionados coa súa propia área profesional, aínda que sexa necesaria unha revisión.</p> <p><b>Redactar</b> textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo unha viaxe.</p>	<p><b>Escribir</b> textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.</p> <p><b>Redactar</b> informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.</p> <p><b>Resumir</b> ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.</p> <p><b>Tomar</b> notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.</p> <p><b>Describir</b> de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.</p> <p><b>Facer</b> comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.</p> <p><b>Producir</b> textos de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.</p>





Acti vida des de med iaci ón	<p><b>Interpretar</b> durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimonias, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.</p> <p><b>Mediar</b> entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.</p> <p><b>Tomar notas</b> escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.</p> <p><b>Resumir</b> por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.</p>	<p><b>Sintetizar e transmitir</b> oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.</p> <p><b>Sintetizar e transmitir</b> por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.</p>
--	---	--

### 3.4. Competencias e contidos

Os contidos presentados en cada nivel teñen un mero carácter orientador, constitúen un inventario baseado nun principio progresivo da educación, de ir incorporando coñecementos novos sobre unha base de coñecementos anteriores que se manteñen vivos e activos.

So cio cul tur ais e so ciol ing üíst icos	Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.	
	<b>B1</b>	<b>B2</b>
	Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe corporal.	Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, rexistros nas seguintes áreas: a vida cotiá, os servizospúblicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e crenzas.
Est rat	Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.	
	<b>B1</b>	<b>B2</b>
	<b>1. As estratexias de aprendizaxe</b> danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:	



éxi co s	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Explicar</b> o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.</li> <li><b>Planificar</b> a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.</li> <li>- <b>Organizar</b> o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).</li> <li>- <b>Autoavaliar</b> o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.</li> <li>- <b>Utilizar</b> todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axudadoutros/as falantes...)</li> <li>- <b>Repetir</b>, recoñecer e usar modelos de lingua etc.</li> <li>- <b>Relacionar</b> a información nova con coñecementos previos.</li> <li>- <b>Deducir</b> e establecer relacións entre as linguas coñecidas.</li> <li>- <b>Resumir</b> para comprender e producir textos orais ou escritos.</li> </ul> <p><b>2. As estratexias de comunicación</b> permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Activar e procurar</b> coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...;informarse se hai axudas visuais etc.</li> <li>- <b>Identificar</b> o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.</li> <li>- <b>Tomar</b> conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.</li> <li>- <b>Establecer</b> hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais(entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).</li> <li>- <b>Restablecer</b> e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).</li> <li>- <b>Reformular</b> hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.</li> <li>- <b>Asegurar</b> a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.</li> <li>- <b>Solicitar</b> repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.</li> <li>- <b>Recoñecer</b> as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.</li> </ul>		
Fu	Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas		
nci on ais	nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.		
	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 50%; background-color: #00a0e3; color: white; text-align: center; padding: 5px;"><b>B1</b></td> <td style="width: 50%; background-color: #0072bc; color: white; text-align: center; padding: 5px;"><b>B2</b></td> </tr> </table>	<b>B1</b>	<b>B2</b>
<b>B1</b>	<b>B2</b>		



**Usos sociais da lingua:**

- Desculparse por algo e reaccionar ante adesculpa.
- Escribir notas de agradecemento e desculpa.
- Presentarse e presentar a outras persoas.
- Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación.
- Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas.

**Control da comunicación:**

- Solicitar aclaracións ou repeticións ante dificultades de comprensión.
- Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas.
- Pedirle á persoa interlocutora confirmación da comprensión.

**Información xeral:**

- Describir persoas desde o punto de vista físico, do carácter e do estado de ánimo.
- Describir obxectos e aparellos en relación coa súa utilidade e funcionamento.
- Preguntar e responder sobre o estado físico e anímico.
- Relatar accións e circunstancias pasadas.
- Dar e pedir información sobre sucesos pasados.
- Informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida.
- Solicitar información sobre servizos.

**Coñecemento, opinións e valoracións:**

- Expresar a necesidade ou o desexo de facer algo ou de que suceda algo.
- Expresar gustos, afeccións, teimas etc.
- Expresar sensacións e percepcións: medo, dificultade etc.
- Explicar un síntoma dunha enfermidade.
- Falar do futuro e facer hipóteses.
- Pedir e ofrecer consellos e recomendacións.
- Explicar un problema de xeito sinxelo.
- Protestar e reclamar por un servizo.
- Dar e pedir información con distintos graos de seguridade.

**Organización do discurso:**

- Pedir, tomar e ceder a palabra.
- Reaccionar e cooperar na interacción. Introducir un tema en situacións formais e informais.
- Enumerar, opoñer e exemplificar, cambiar de tema.
- Enunciar o peche do discurso e pechalo. Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que manexan.

**Usos asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento e a opinión:**

- Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado.
- Comprender e expresarse con suficiencia en contextos académicos.
- Redactar textos de ámbito académico.
- Entender e aventurar un diagnóstico simple.
- Desenvolverse con soltura nun comercio.
- Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións.
- Construír argumentos razoados.
- Comparar e contrastar alternativas.
- Reproducir mensaxes e opinións doutras persoas.
- Sintetizar unha información.
- Especular sobre causas e consecuencias.
- Contrastar alternativas e sopesar vantaxes e desvantaxes.
- Expresar hipóteses e posibilidades no pasado.
- Recoñecer o grao de formalidade de diferentes textos.
- Referir o contido dunha postal, dun correo electrónico, dunha información periodística...

**Usos compromisorios, relacionados coa expresión de ofrecemento, a intención, a vontade e a decisión:**

- Poñer condicións para unha acción futura.
- Negociar un acordo.
- Ofrecerse a facer algo, ofrecer axuda.
- Expresar intención ou vontade.

**Usos directivos, teñen como finalidade que o/a destinatario/a faga ou non faga algo:**

- Pedir opinións sobre algo ou alguén.
- Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc.
- Lembrarlle algo a alguén ou advertir a outra persoa sobre algo.
- Descubrir nun texto erros ou usos lingüísticos incorrectos.

**Usos fálicos e solidarios, que se realizan para manter o contacto social:**

- Participar adecuadamente en diferentes tipos de situacións sociais.
- Actuar segundo as conviccións propias da comunidade en que se integre (visitas, invitacións, aceptación, rexeitamento...)

**Usos expresivos, cos que se expresan determinadas situacións:**



		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Narrar unha lembranza empregando temposdo pasado.</li> <li>- Expresar dúbidas.</li> <li>- Presentar unha queixa ou reclamación.</li> <li>- Mostrar sorpresa e admiración.</li> <li>- Describir cambios de personalidade.</li> <li>- Discutir sobre a información recibida.</li> </ul>
Dis cur siv os	<p>Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.</p>	
	<b>B1</b>	<b>B2</b>
	<p><b>Traballarse a seguinte tipoloxía de textos orais:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Anuncios publicitarios</li> <li>- Instrucións e indicacións</li> <li>- Conversas formais e informais</li> <li>- Debates e discusións formais</li> <li>- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...</li> <li>- Enquisas</li> <li>- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado</li> <li>- Presentacións</li> <li>- Cancións</li> <li>- Representacións teatrais</li> </ul> <p><b>Traballarse a seguinte tipoloxía de textos escritos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras</li> <li>- Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...</li> <li>- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...</li> <li>- Informes, resumos e esquemas</li> <li>- Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...</li> <li>- Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas</li> <li>- Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias...</li> <li>- Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais...</li> <li>- Catálogos</li> <li>- Manuais de instrucións</li> <li>- Guións</li> <li>- Currículo</li> <li>- Dicionarios</li> <li>- Prospectos</li> <li>- Receitas de cociña</li> <li>- Adiviñas</li> <li>- Biografías</li> </ul>	
	<p>Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p>	
	<b>B1</b>	<b>B2</b>



<p>Sin tácticos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Flexión de xénero e número do substantivo e do adxectivo</li> <li>– Posición e gradación do adxectivo. A comparación</li> <li>– Pronome tónico e átono. Presenza e ausencia. Función de suxeito e complemento</li> <li>– Determinantes. Artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, cuantificadores</li> <li>– Posición e concordancia dos elementos da oración</li> <li>– Uso da impersonalidade</li> <li>– Usos do tempo de indicativo e subxuntivo en verbos regulares e irregulares máis frecuentes</li> <li>– Uso do imperativo afirmativo e negativo</li> <li>– O aspecto. Incoativo, durativo</li> <li>– O modo. Expresión de cortesía, desexo, recomendación, condición</li> <li>– O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto</li> <li>– Réxime preposicional con verbos frecuentes</li> <li>– Adverbios. Usos e formas máis frecuentes</li> <li>– Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais</li> <li>– Posición e concordancia dos elementos oracionais</li> <li>– Oración simple: enunciativa, afirmativa, negativa, interrogativa, exclamativa, impersonal</li> <li>– Oración composta. Coordinación</li> <li>– Oración composta. Subordinación: de relativo, temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais</li> <li>– Correlación temporal nas oracións</li> <li>– Uso de conectores propios do nivel</li> <li>– Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos</li> </ul>				
<p>Léxicos</p>	<p>Os contidos léxicos adaptaranse ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.</p> <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 50%; background-color: #0070C0; color: white;">B1</th> <th style="width: 50%; background-color: #0070C0; color: white;">B2</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td colspan="2" style="padding: 5px;"> <ul style="list-style-type: none"> <li>– <b>Actividades artísticas:</b> música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas...</li> <li>– <b>Actividades económicas e comerciais:</b> comercio, entidades e empresas, industria...</li> <li>– <b>Alimentación:</b> dieta, nutrición e gastronomía...</li> <li>– <b>Ciencia e tecnoloxía:</b> avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...</li> <li>– <b>Clima, condicións atmosféricas e ambiente:</b> paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...</li> <li>– <b>Educación:</b> o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos...</li> <li>– <b>Identificación persoal:</b> títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...</li> <li>– <b>Información e medios de comunicación:</b> prensa escrita, televisión e radio, Internet...</li> <li>– <b>Política e sociedade:</b> institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais...</li> <li>– <b>Relacións humanas e sociais:</b> tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos...</li> <li>– <b>Saúde e coidados físicos:</b> movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adicións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...</li> <li>– <b>Tempo libre e actualidade:</b> actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...</li> <li>– <b>Traballo e profesión:</b> tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais...</li> <li>– <b>Viaxes e transportes:</b> planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...</li> <li>– <b>Vivenda, fogar e contorna:</b> tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración...</li> </ul> </td> </tr> </tbody> </table>	B1	B2	<ul style="list-style-type: none"> <li>– <b>Actividades artísticas:</b> música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas...</li> <li>– <b>Actividades económicas e comerciais:</b> comercio, entidades e empresas, industria...</li> <li>– <b>Alimentación:</b> dieta, nutrición e gastronomía...</li> <li>– <b>Ciencia e tecnoloxía:</b> avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...</li> <li>– <b>Clima, condicións atmosféricas e ambiente:</b> paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...</li> <li>– <b>Educación:</b> o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos...</li> <li>– <b>Identificación persoal:</b> títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...</li> <li>– <b>Información e medios de comunicación:</b> prensa escrita, televisión e radio, Internet...</li> <li>– <b>Política e sociedade:</b> institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais...</li> <li>– <b>Relacións humanas e sociais:</b> tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos...</li> <li>– <b>Saúde e coidados físicos:</b> movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adicións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...</li> <li>– <b>Tempo libre e actualidade:</b> actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...</li> <li>– <b>Traballo e profesión:</b> tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais...</li> <li>– <b>Viaxes e transportes:</b> planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...</li> <li>– <b>Vivenda, fogar e contorna:</b> tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración...</li> </ul>	
B1	B2				
<ul style="list-style-type: none"> <li>– <b>Actividades artísticas:</b> música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas...</li> <li>– <b>Actividades económicas e comerciais:</b> comercio, entidades e empresas, industria...</li> <li>– <b>Alimentación:</b> dieta, nutrición e gastronomía...</li> <li>– <b>Ciencia e tecnoloxía:</b> avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...</li> <li>– <b>Clima, condicións atmosféricas e ambiente:</b> paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...</li> <li>– <b>Educación:</b> o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos...</li> <li>– <b>Identificación persoal:</b> títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...</li> <li>– <b>Información e medios de comunicación:</b> prensa escrita, televisión e radio, Internet...</li> <li>– <b>Política e sociedade:</b> institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais...</li> <li>– <b>Relacións humanas e sociais:</b> tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos...</li> <li>– <b>Saúde e coidados físicos:</b> movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adicións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...</li> <li>– <b>Tempo libre e actualidade:</b> actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...</li> <li>– <b>Traballo e profesión:</b> tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais...</li> <li>– <b>Viaxes e transportes:</b> planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...</li> <li>– <b>Vivenda, fogar e contorna:</b> tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración...</li> </ul>					
<p>Fonético - fonolóxicos e ortotípicos</p>	<p>Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas. Os contidos que se relacionan adaptaranse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.</p> <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 50%; background-color: #0070C0; color: white;">B1</th> <th style="width: 50%; background-color: #0070C0; color: white;">B2</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td style="height: 40px;"></td> <td style="height: 40px;"></td> </tr> </tbody> </table>	B1	B2		
B1	B2				



PO  
grá  
fic  
os

Os fonemas que presentan maior dificultade.  
A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas. A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación.  
A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.  
Os procesos propios da lingua que presentan maior dificultade (tonalidade, alfabetos...). A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos.  
O recoñecemento e uso das formas ortográficas.  
O uso especial de maiúsculas e minúsculas.  
As siglas e abreviaturas de uso frecuente.

### 3.5. Temporalización

Os contidos repartiranse ao longo do curso en dous cuatrimestres. Terase en conta a progresión da aprendizaxe; así, as unidades con contidos máis complexos contarán con máis tempo cás que sexan de ampliación, repaso ou introdución de contidos menos exixentes.

A distribución dos contidos será flexible e poderá ser sometida a modificacións se o ritmo da clase ou outras circunstancias así o requiren. Os contidos agruparanse en unidades didácticas (detalladas no apartado 3.10 “Unidades didácticas”), que se secuenciarán en sesións ao longo de todo o curso. Deste xeito garántese que as horas de docencia que lle corresponden a cada curso se impartan de maneira efectiva e controlada.

### 3.6. Metodoloxía

No ensino das linguas, a metodoloxía é o conxunto de procedementos que se empregan para acadar o dominio dos contidos e o logro dos obxectivos. A metodoloxía usada na EOI ten como referente un modelo de ensinanza comunicativo, cunha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma. Trátase do enfoque orientado á acción do MCERL, que se centra non só nas competencias lingüísticas, senón en todas as capacidades que o individuo debe utilizar para se integrar eficazmente na comunidade da lingua que está a estudar. Neste sentido, teranse en conta elementos clave como:

- O ensino do idioma desde unha perspectiva de uso.
- O fomento do emprego da lingua obxecto de estudo como vehículo de comunicación.
- A orientación do ensino cara ao desenvolvemento das actividades de lingua.
- O fomento da autonomía do alumnado e do desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.

O obxectivo principal das aulas ten que ser a comunicación, utilizando desde o principio e na medida do posible a lingua estudada como vehicular, favorecendo o contacto constante do alumnado coa lingua. Por outra parte, o profesorado debe integrar dentro destas tarefas comunicativas, as actividades de comprensión, produción, coprodución e mediación, tanto orais como escritas.

Este enfoque, na súa posta en práctica, terá como centro tarefas baseadas nos obxectivos de comunicación definidos no currículo e nesta programación, e terá en conta as necesidades e intereses do alumnado. Na sociedade levamos a cabo tarefas (escribimos cartas, realizamos conversas, compramos billetes de avión, solicitamos información en ámbitos da nosa vida profesional, pública ou persoal, expresamos dúbidas respecto de opinións ou proxectos familiares ou profesionais...); isto é o que debe aprender a facer o alumnado.

Coa finalidade de formar falantes competentes e autónomos/as, o profesorado debe revisar a súa metodoloxía, así como actualizar os seus métodos, medios e materiais didácticos para facer da aula un lugar facilitador e motivador. Ao mesmo tempo, o alumnado debe implicarse de xeito activo na súa propia aprendizaxe e considerar o erro como un elemento necesario deste proceso. O aprendiz de idiomas será usuario da lingua que está a aprender, o que implica:

- Ter en conta as súas necesidades reais de aprendizaxe, os seus intereses e os contextos de uso.
- Aceptar a existencia na aula dun perfil competencial desigual, así como motivacións e intereses diversos.



- Establecer graos de dominio que poden non responder en todos os casos ao grao de competencia do falante nativo.

### 3.6.1. Principios metodolóxicos

Os principios metodolóxicos en que se baseará o proceso de ensino-aprendizaxe serán os seguintes:

- O noso departamento preocuparase pola igualdade de xénero en catro ámbitos: na escolla do material didáctico, no uso dunha linguaxe inclusiva, na visualización do problema de xénero e nas achegas da muller á historia; sen descartar ningún outro campo de actuación que poida xurdir. Así, procura eliminar da docencia dos niveis Intermedios (B1 e B2) as imaxes estereotipadas de nomes e mulleres e substituílas por outras que fomenten a igualdade. Ademais, tamén se fará referencia á discriminación por orientación sexual e ao colectivo LGTBI.
- A aprendizaxe centrada no alumno e nas súas necesidades. Este principio favorece a implicación deste na aprendizaxe, que se pode lograr: téndoo en conta á hora de deseñar as tarefas (traballando con materiais que respondan aos seus intereses, mesmo propostos por el); tendo en consideración os diferentes estilos de aprendizaxe (e, xa que non é posíbel dar resposta a cada un deles por separado, polo menos axustar a nosa axuda ás características xerais do alumnado); identificando os seus coñecementos previos para actualos antes de realizar unha tarefa; e desenvolvendo a súa capacidade de autoavaliación.
- A recreación na aula de situacións que simulen as actividades comunicativas reais consideradas en cada nivel do currículo e que centren o ensino no aprendiz e nas súas necesidades. O profesor debe prever as situacións en que terá que desenvolverse o alumno na realidade, para poderlle proporcionar os expoñentes lingüísticos e os referentes culturais que lle permitirán comunicarse nelas. Deste xeito, propoñendo tarefas e utilizando recursos e materiais de aprendizaxe que respondan aos seus intereses e aos seus futuros contextos de uso, lograremos maior motivación. Para incluír no proceso de aprendizaxe as dimensións do individuo que aprende teremos en conta a súa biografía, os asuntos que o ocupan e os que lle preocupan, a súa creatividade e o seu contorno. O alumnado tamén poderá propoñer tarefas, seleccionar recursos e materiais de aprendizaxe que respondan aos seus intereses.
- A reflexión do docente (individualmente ou en colaboración co alumnado) sobre o proceso de ensino-aprendizaxe para obter conclusións e poder aplicar de xeito eficaz o enfoque metodolóxico adoptado, así como para poder proporcionarlle ao alumnado indicacións sobre o propio control e sobre as estratexias de aprendizaxe máis axeitadas.
- O fomento de actitudes como o plurilingüismo e o pluriculturalismo, pois o desenvolvemento das capacidades que se exercitan ao relacionarse con outras linguas e culturas repercute no desenvolvemento da competencia na lingua obxecto de estudo.
- O fomento na clase dunha dinámica que favoreza a interacción comunicativa (entre os alumnos e co profesor), creando un clima de axuda mutua, cordialidade, empatía, respecto e interese.
- A atención á diversidade, tanto de intereses como de coñecementos, capacidades e ritmos de aprendizaxe, mediante recursos metodolóxicos que teñan en conta estas diferenzas.
- O traballo en parellas ou de grupo será o preferente, por romper a limitada estrutura de interacción profesor-alumno e permitir que os alumnos falen máis tempo e de forma máis auténtica. Así mesmo, as clases organizaranse de modo que se favoreza a comunicación entre os alumnos e se manteñan as debidas medidas de protección individual e hixiene.
- Os textos escritos e orais que se utilicen deberán ser auténticos dentro do posíbel (material audiovisual como música, curtametraxes e longametraxes, documentais, material radiofónico ou da TV, fotos, cómics, artigos de xornal e revista, bitácoras etc.).
- É conveniente alternar as tarefas relativas ás diferentes actividades de lingua (de mediación, de expresión oral e escrita e de comprensión oral e escrita) para evitar a monotona.
- Daráselles preferencia ás actividades de tipo práctico e fomentaranse as actividades comunicativas





máis lúdicas e creativas.

- É importante que o profesorado corrixa os traballos e llos entregue ao alumnado con notas aclaratorias.
- Tratarase de desenvolver no alumnado estratexias de autoaprendizaxe encamiñadas á autoformación.
- A lingua usada na aula polo alumnado e polo profesorado como vehículo de comunicación será o galego, xa desde os niveis máis baixos, para garantir unha maior exposición directa do alumnado ao idioma obxecto de estudo.

### 3.6.2. Principios pedagóxicos

A pedagogía debe seguir unhas directrices de carácter progresista e renovador e cómpre fuxir do gramaticalismo teorizador. A aprendizaxe debe ser activa, amena e atractiva para manter vivo o interese pola lingua. En resumo, aplicarase unha metodoloxía que resulte:

- Práctica: de xeito que lle proporcione ao alumnado soltura no manexo do idioma.
- Realista: que estea en consonancia coa realidade de coñecementos do propio alumnado.
- Flexíbel: que permita a adecuación do programa ás necesidades e preferencias do alumnado.
- Integral: que procure a formación do/a alumno/a dunha maneira instrutiva completa e integral, isto é, que non se limite soamente á forma da lingua, senón que toque tamén a realidade social que a conforma e todos aqueles puntos sobre a cultura galega que poidan favorecer a aprendizaxe.

Este ano seguimos ofrecendo ao alumnado recursos, ferramentas e formas de aprendizaxe innovadoras, co fin de mellorar a adquisición das competencias básicas. Utilizaremos tabletas na aula, o que facilitará o acceso á información e a diferentes ferramentas para a aprendizaxe da lingua (empregaremos aplicacións de uso exclusivo na aula como Kahoot e recomendaremos outras máis axeitadas para a aprendizaxe autónoma fóra do centro como Quizzlet).

### 3.6.3. Actividades culturais

Estas actividades son ferramentas importantes para mellorar o nivel de competencia do alumnado de idiomas. A aprendizaxe non debe limitarse ao reducido espazo da aula, pois a través de conferencias, charlas, mesas redondas, asistencia a obras de teatro, sesións de contacontos, participación en festas e excursións... o alumnado pode mellorar a súa comprensión e expresión tanto como nas actividades lectivas, ou máis, pois nelas as actividades son de lingua real. Ademais, moitas contribúen á cohesión do grupo, o que fai que logo a aprendizaxe na aula sexa máis satisfactoria, pois é máis agradábel asistir ás aulas -e xa que logo aprender nun clima de amizade que cando non existe o mesmo nivel de confianza. Así pois, non deben considerarse un simple divertimento de carácter marxinal.

## 3.7. Recursos

Na actualidade, hai dispoñibles moitos e moi diversos materiais didácticos destinados ao ensino e á aprendizaxe das linguas. Na súa utilización resulta imprescindible realizar unha selección baseada nos obxectivos e contidos das programacións didácticas e no enfoque comunicativo.

No uso dos recursos destacará o feito de que estes sexan, na medida do posible, auténticos e se empreguen co fin de materializar situacións reais do uso da lingua. A utilización de material creado explicitamente con fins didácticos, como por exemplo os libros de texto, responderá ás necesidades do proceso de aprendizaxe e non excluírá o uso de materiais auténticos.

### 3.7.1. Humanos

Estes niveis serán impartidos por dous membros do departamento, respectivamente.

### 3.7.2. Físicos

Os niveis B1-B2 impartiranse nunha aula da escola. Ademais, usaranse outros espazos coma a biblioteca, a aula de informática etc.



### 3.7.3. Materiais

#### NIVEL B1

Libros de texto e materiais didácticos recomendados:

- [Material audiovisual do Celga 2](#) (dispoñíbel na páxina web de Política lingüística, o mesmo que os catro manuais seguintes, na sección Celgas ou na sección Materiais)
- *Lingua galega. Léxico 1*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé / Proxecto Artello, 2006
- *Lingua galega. Léxico 2*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé / Proxecto Artello, 2006
- *Lingua galega. Ortografía 1*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé/ Proxecto Artello, 2006
- *Lingua galega. Ortografía 2*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé/ Proxecto Artello, 2006
- [Cancións en galego](#) (canle de youtube que contén música en galego coas súas letras)
- [Son de poetas](#) (poemas musicados en lingua galega coas súas letras)
- [Caderno de Lingua](#) (páxina web de Rosa Salgueiro con recursos para a autoaprendizaxe)
- Banco de tarefas de creación propia

Libros de lectura recomendada:

- *Erros e Tánatos*, de Gonzalo Navaza, Ed. Xerais / Ed. La Voz de Galicia, S.A.
- *As rulas de Bakunin*, de Antón Riveiro Coello, Galaxia
- *Resistencia*, de Rosa Aneiros. Edicións Xerais.Libros

de consulta recomendados:

- [Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego](#), 2003 (edición revisada), de RAG / ILG
- *Gramática da lingua galega, síntese práctica*, Feixó, Xerais
- *Gramática práctica (Morfosintaxe)*, Carme Hermida Gulías, Ed. Sotelo Blanco
- *Gramática da lingua galega*, de Rosario Álvarez e Xosé Xove, Ed. Galaxia
- *Ortografía da lingua galega*, Begoña González Rey, Ed. Galinova
- *Ortografía da lingua galega*, M<sup>a</sup> Xesús Méndez Álvarez, Ed. Xerais
- *Léxico 1 e 2*, Celia Díaz Núñez, Ed. Anaya.
- *Expresión Escrita 1*, Celia Díaz Núñez, Ed. Anaya
- *Historia da lingua galega*, VVAA, A Nosa Terra

Dicionarios de consulta recomendados:

- [Dicionario RAG](#)
- *Dicionario obradoiro Santillana, 2005, (edición revisada)*
- *Dicionario Xerais da lingua, 2004 (edición revisada)*
- *Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos*, Ed. Xerais, 2007
- *Dicionario Xerais castelán-galego, galego-castelán, 2005, (ed. revisada)*
- *Dicionario castelán – galego da Real Academia Galega*, Fundación Barrié, 2005
- *Galego Século XXI*, VVAA, Galaxia
- [Dicionario de pronuncia da lingua galega](#). Santiago de Compostela: Instituto da LinguaGalega. Xosé Luís Regueira (dir.)
- [Vocabulario oficial da lingua galega](#) (VOLGA), RAG / ILG, Galaxia
- [Corrector en liña da Universidade de Vigo](#)
- [Dicionario en liña Rinoceronte Editora](#)

#### NIVEL B2

Libros de texto e materiais didácticos recomendados:

- *Material audiovisual do CELGA 3* (dispoñíbel na páxina web de Política Lingüística)
- [Aula de galego 3](#), VVAA, Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- [Cancións en galego](#) (canle de youtube que contén música en galego coas súas letras)
- [Son de poetas](#) (poemas musicados en lingua galega coas súas letras)
- [Caderno de Lingua](#) (páxina web de Rosa Salgueiro con recursos para a autoaprendizaxe)
- Banco de tarefas de elaboración propia.

Libros de lectura recomendada:



- *Eu tamén fun coas vacas*, Eiré A. Editorial Espiral Maior.
- *Atuado na braña*, Quiroga, X. Ed. Xerais
- *Xente ao lonxe*, Blanco Amor, E., Ed. Galaxia

Libros de consulta e exercicios aconsellados:

- [Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego](#), RAG / ILG, 2003
- *Expresión Escrita I e II*, Celia Díaz Núñez. Editorial Anaya.
- *Léxico I e II*, Celia Díaz Núñez. Editorial Anaya
- *Galego, século XXI, Nova Guía da Lingua Galega*, Ed. Galaxia, 2004
- *Galego, século XXI, Nova Guía da Lingua Galega*. Caderno de exercicios, Ed. Galaxia, 2004
- *Manual de lingua galega I. Teoría e práctica*. Nivel superior, X. A. Granxa e M<sup>a</sup> X. Méndez, Ed. Xerais
- *Novas prácticas de lingua*, A. Colmenero, Ed. do Cumio, 2004
- *Gramática da lingua galega*, Xosé Feixó Cid, Ed. do Cumio, 2004
- *Gramática da lingua galega, síntese práctica*, Feixó, Xerais
- *Gramática da lingua galega*, R. Álvarez e X. Xove, Ed. Galaxia
- *Gramática práctica (Morfosintaxe)*, Carme Hermida Gulías, Ed. Sotelo Blanco
- *Ortografía da lingua galega*, Begoña González Rey, Ed. Galinova
- *Ortografía da lingua galega*, M<sup>a</sup> Xesús Méndez Álvarez, Ed. Xerais
- *Traballando co léxico I, II e III*, VV AA, Ed. Xerais (non adaptados á nova normativa)
- *Lingua galega. Léxico 1*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé, 2006
- *Lingua galega. Léxico 2*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé, 2006
- *Lingua galega. Ortografía 1*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé, 2006
- *Lingua galega. Ortografía 2*, VVAA, Rodeira-Grupo Edebé, 2006

Dicionarios de consulta recomendados:

- *Dicionario Xerais da lingua, 2004* (edición revisada)
- [Dicionario RAG](#)
- *Dicionario Xerais castelán – galego de usos, frases e sinónimos*, VVAA, Xerais, 2007
- *Dicionario Xerais castelán-galego, galego-castelán, 2005* (ed. revisada)
- *Dicionario castelán – galego da Real Academia Galega*, Fundación Barrié / Galaxia
- *Dicionario de usos e dificultades da lingua galega*, Galaxia, 2005
- *Galego XXI*, VVAA, Galaxia
- [Banco de termos galegos recomendados \(TERGAL\)](#)
- [Corpus de referencia do galego actual](#)
- [Dicionario de pronuncia da lingua galega](#). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Xosé Luís Regueira (dir.)
- [Vocabulario oficial da lingua galega](#) (VOLGA), RAG / ILG, Galaxia
- [Corrector en liña da Universidade de Vigo](#)
- [Dicionario en liña Rinoceronte Editora](#)

### 3.8. Atención á diversidade

Enténdese a atención á diversidade como o conxunto de accións educativas que nun sentido amplo tentan dar resposta ás necesidades temporais ou permanentes de todo o alumnado do centro e, entre eles, aos que requiren unha actuación específica derivada en moitos casos de factores persoais relacionados con situacións de desvantaxe sociocultural, de compensación lingüística, de comunicación e da linguaxe, ou de discapacidade física, psíquica ou sensorial.

No caso desta EOI, as actuacións máis cotiás son as que se refiren, por unha banda, ao alumnado que presenta dentro do mesmo curso diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma e, por outra banda, aos que teñen algún tipo de discapacidade física ou sensorial (fundamentalmente, problemas de vista ou audición) ou psíquica.

Segundo o [Decreto 81/2018](#) polo que se establece o currículo dos niveis das escolas de idiomas, os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4 permitirán



o acceso, respectivamente, ás ensinanzas de galego dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2. Isto fai que en moitas ocasións conviva nas aulas alumnado con niveis moi diferentes no coñecemento da lingua, podendo darse o caso de que nun mesmo nivel atopemos persoas que accederon mediante os cursos de iniciación e perfeccionamento, acadado hai anos, e outras licenciadas en Filoloxía Galega.

A solución ao problema dos distintos niveis de competencia dentro do mesmo curso non é doada. O primeiro paso debería ser o de presentarlles este tipo de situación como algo totalmente normal, xa que está claro que calquera intento de solución ten que pasar pola cooperación entre eles, así que é esencial salientar a necesidade do traballo en equipo e da utilización da lingua obxecto de estudo na comunicación dentro da aula. O traballo en parellas ou grupos é fundamental se queremos involucrar a todos os membros da clase. Xuntar a alumnos con distintos niveis de competencia asegura unha participación óptima nas actividades de clase. Uns poden entrevistar os outros, e se os que teñen maior nivel de competencia saben asumir ese papel de axudante ou mentor, a actividade, lonxe deser frustrante ou aburrida, terá un efecto altamente positivo.

Outra acción educativa que pode ter resultados produtivos é a de traballo por medio de proxectos. Este tipo de traballo pode funcionar positivamente cando se xuntan grupos de distinto nivel, pero tamén con varios grupos homoxéneos, se se lles asignan aos distintos grupos tarefas adecuadas, o que lle proporciona a cada grupo o nivel adecuado de dificultade e impide que se vexan desmotivados, pola excesiva facilidade da tarefa nun caso ou dificultade noutro.

Outro aspecto que cómpre ter en conta refírese ao traballo da casa. Se se lles dá a todos o mesmo traballo para a casa sen ter en consideración os distintos niveis de competencia, os resultados van ser, evidentemente, dispares. O traballo para a casa ten como obxectivo consolidar o traballo na aula, e para que sexa efectivo, é importante que a exigencia da tarefa estea en consonancia co nivel de competencia do alumno; así, as tarefas para os menos avanzados deben ser menos exixentes, o que axuda por un lado a motivalos e por outro proporcionálles práctica adicional en aspectos da lingua que aínda non dominan, e as do alumnado máis avanzado deben ser máis estimulantes, o que fai que non perdan motivación e continúen a progresar.

Un xeito adecuado de involucrar o alumnado con menor competencia nas actividades de aula pode ser o de repetición en grupo de patróns de acentuación e entoación, ou de orde de palabras e estruturas gramaticais. Debería evitarse que o alumnado con menos nivel sexa o primeiro en responder preguntas. É menos tenso que sexa o alumnado con maior competencia o que responda primeiro mentres eles prestan atención para responder despois preguntas similares. Cando este tipo de interacción sexa habitual, a clase será máis dinámica e produtiva para eles.

A inclusión de actividades complementarias dentro da aula é fundamental para solucionar o problema dos alumnos con distintos ritmos de aprendizaxe, de maneira que os menos avanzados teñan a posibilidade de reforzar certas áreas, e os máis avanzados dispoñan de material extra. As actividades deben ser integradoras, para que os alumnos saquen vantaxe dos seus puntos máis fortes. De vez en cando haberá que incluír actividades deliberadamente fáciles para que o alumnado con menor nivel de competencia leve a cabo as tarefas con éxito, xa que isto permitirá aumentar a súa confianza. A programación de aula debe incluír todo este tipo de material adicional para o alumnado que necesite esta axuda extra para acadar os obxectivos, e para os que necesitan avanzar máis rapidamente.

Aínda que algunhas das estratexias mencionadas anteriormente poden ser válidas tamén para estudantes con algunha discapacidade, queda claro que esta situación presenta outros problemas adicionais, que en moitos casos afectan ao resto do alumnado, ao profesor, e que lle impiden ás persoas con discapacidades enfrontarse con éxito ás actividades e levar o ritmo da clase. Para evitar estas frustracións, é fundamental que o enfoque sexa multisensorial e multitarefa. É evidente que unha clase dedicada exclusivamente á comprensión lectora resultará atractiva para unha parte do alumnado, pero aqueles con algunha disfunción visual non terán as mesmas oportunidades de participar. Do mesmo xeito, unha actividade de audición resultará menos atractiva para aqueles que teñan problemas auditivos. Un achegamento multisensorial, onde se integren as cinco actividades de lingua de mediar, ler, escoitar, escribir e falar fará que este alumnado teña máis posibilidades de éxito. Outro tipo de solución pasa por facer unha distribución da clase de xeito que o alumnado con discapacidades auditivas poida escoitar o profesor ou o material auditivo con máis facilidade e os que teñen discapacidades visuais poidan ver o escrito no encerado máis claramente. As actividades fotocopiáveis e os

exames pódense entregar tamén nun formato máis grande e o uso de auriculares individuais tamén podería solucionar os problemas do alumnado con discapacidade auditiva.

Hai que dotar a aula e o centro dos recursos adecuados: por exemplo, que os alumnos en cadeira de rodas teñan unha mesa de maior altura ou de altura regulable, e que a súa aula estea situada na planta baixa preferibelmente ou ben que teñan acceso a ela no ascensor; no caso de ter aulas con mesas de pa, que haxa algunha adecuada para os alumnos zurdos; que as persoas con problemas de mobilidade nas mans poidan usar o ordenador para as tarefas de expresión escrita etc. En xeral, tratarase de que o alumnado con algún tipo de discapacidade se sinta totalmente integrado.

A organización, aplicación e avaliación das probas para a obtención das certificacións por parte do alumnado con discapacidades basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes, contemplando aquelas medidas que sexan necesarias para a súa adaptación ás necesidades específicas deste alumnado.

### **3.9. Avaliación**

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos.

A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

#### **3.9.1. Avaliación inicial (ou de diagnóstico)**

A avaliación inicial levarase a cabo no mes de setembro, unha vez finalizado o período de matrícula, mediante unha proba que avaliará as cinco actividades de lingua básicas: mediación, comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral e expresión escrita. Esta proba servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou.

Realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permiten identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2022/2023.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

#### **3.9.2. Avaliación de progreso**

O profesorado levará a cabo unha avaliación de progreso mediante a realización dunha proba para cada actividade de lingua coa mesma estrutura e duración que as probas de certificación. Para a cualificación empregaranse as rúbricas que se inclúen nas Guías de Administración das Probas de Certificación. A cualificación será unha nota numérica que se lle comunicará ao alumnado na aula. Esta avaliación terá carácter informativo.

#### **3.9.3. Avaliación certificadora: criterios de avaliación e mínimos exixibles**

Esta avaliación levarase a cabo seguindo os criterios establecidos Esta avaliación levarase a cabo seguindo os criterios na Instrución 8/2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2023/24 e tendo en conta a *Guía de administración e cualificación das probas de certificación das EOI de Galicia* ou documento análogo que determine a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

##### **3.9.3.1. B1**



	Criterios de avaliación	Mínimos exixibles
Acti vida des de com pre nsi ón n de text os orai s	<b>Comprende</b> o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais, sempre que a pronuncia sexa clara e se desenvolva sen modismos ou expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal.	<b>Comprende</b> o sentido xeral cando se fala de temas moi habituais nunha linguaxe sinxela e clara.
	<b>Identifica e comprende</b> a maior parte do contido de conversas que xorden habitualmente na práctica profesional, nas que se abordan temas relacionados co traballo, coa educación e con asuntos públicos, sempre que sexan coñecidos e que a conversa sexa clara e ben estruturada.	<b>Identifica e comprende</b> o sentido xeral de conversas habituais na práctica profesional.
	<b>Comprende e segue</b> instrucións que lle permiten poñer en marcha instrumentos ou aparellos cotiáns, manexar e instalar aparellos relacionando o texto coas imaxes que lle facilitan a súa comprensión.	<b>É quen de entender</b> instrucións básicas para poñer en marcha aparellos de uso diario.
	<b>Comprende</b> as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en textos orais audiovisuais de natureza informativa (entrevistas, noticiarios, documentais...) que estean articulados con certa lentitude e claridade e nos que se tratan temas coñecidos, aínda que non se comprendan algunhas opinións.	<b>É quen de comprender</b> as ideas principais de textos informativos orais sinxelos.
	<b>Comprende e segue</b> a trama de textos e documentos audiovisuais de natureza narrativa (películas, series...) nos que o nivel de lingua é sinxelo e estándar e as axudas visuais permiten reconstruír o seu contido, aínda que se perda información.	<b>Entende</b> textos audiovisuais narrativos nos que o nivel de lingua é sinxelo.
	<b>Comprende e identifica</b> palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto coma polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico e dos coñecementos que se poidan ter do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.	<b>Comprende</b> o sentido xeral dun texto oral apoiándose no contexto lingüístico e en imaxes.
Acti vida des de pro duci ón e	<b>Interactúa</b> -inicia, mantén e finaliza- utilizando fórmulas simples en conversas relacionadas con temas cotiáns de interese persoal, ten un repertorio lingüístico sinxelo, ás veces precisa facer pausas para pensar o que quere dicir.	<b>É quen de interactuar</b> en conversas sinxelas sobre temas cotiáns de interese persoal.
	<b>Manifesta</b> opinións persoais, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal, académico e profesional empregando fórmulas simples.	<b>Manifesta</b> opinións persoais nunha linguaxe sinxela.
	<b>Desenvólvese</b> nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá (p. ex. nun asunto de saúde, xestións no banco, correos ou noutras institucións similares), sempre que as seus interlocutores e as súas interlocutoras falen con claridade e empreguen unha lingua estándar.	<b>É quen de realizar</b> as transaccións e xestións máis comúns, sempre que a conversa sexa en lingua clara e na variedade estándar.





cop rod ució n de text os orai s	<b>Solicita e intercambia</b> información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos dentro do seu campo de interese e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares do ámbito administrativo e académico, cun repertorio léxico propio do nivel.	<b>É quen de interactuar</b> en conversas sinxelas sobre temas cotiáns de interese persoal.
	<b>Fai exposicións</b> breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, a preguntas sinxelas que precisen aclaracións.	<b>É capaz de facer</b> exposicións moi breves en lingua estándar respondendo a preguntas moi sinxelas.
	<b>Interactúa</b> de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles nunha viaxe (en tendas, hoteis, transportes, restaurantes...).	<b>É quen de interactuar</b> de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados durante unha viaxe.
Acti vida des de com pre nsió n de text os escr itos	<b>Pode participar</b> nunha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, sempre que se manteñan dentro do ámbito predicible da interacción.	<b>É quen de participar</b> nunha entrevista estruturada.
	<b>Pronuncia e entoar</b> de xeito intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia -sempre que non interrompan a comunicación- e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de cando en vez.	<b>Pode pronunciar e entoar</b> de xeito intelixible esen cometer erros que dificulten a comprensión.
Acti vida des de com pre nsió n de text os escr itos	<b>Comprende e localiza</b> a información relevante en textos do seu interese cun fin particular, como poden ser cartas, catálogos, anuncios publicitarios, guías turísticas etc.	<b>É quen de comprender</b> textos do seu interese.
	<b>Le</b> cun nivel de comprensión global suficiente textos narrativos, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario.	<b>Pode ler e comprender</b> textos narrativos debaixo dificultade.
	<b>Identifica e selecciona</b> información relevante nun texto extenso (xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.	<b>É quen de seleccionar</b> a información máis importante dun texto extenso.
	<b>Segue</b> as instrucións que lle permiten poñer en marcha, manexar ou instalar un aparello, relacionando o texto coas imaxes que facilitan a súa comprensión.	<b>É quen de entender</b> instrucións básicas para poñer en marcha aparellos de uso diario.
	<b>Comprende</b> léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgúns palabras e expresións que descoñece.	<b>Comprende</b> o sentido xeral dun texto oral apoiándose no contexto lingüístico e en imaxes.
Acti vida des	<b>Redacta</b> notas simples e breves -que poden presentar algunhas incoherencias- solicitando ou dando información de carácter inmediato, expresando opinións ou desexos.	<b>É capaz de redactar</b> notas moi simples e breves.





de pro duci ón e cop rod ució n de text os escr itos	<b>Enche</b> impresos e formularios que demandan información persoal, académica ou do propio ámbito profesional nos que se pode requirir algún tipo de explicación ou aclaración.	<b>É quen de encher</b> impresos e formularios sinxelos.
	<b>Redacta</b> documentos, resumos e informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos do ámbito persoal, académico e do seu campo profesional, nos que pode ofrecer a súa opinión sobre feitos concretos.	<b>Pode redactar</b> textos moi breves e sinxelos.
	<b>Realiza</b> intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples.	<b>É quen de realizar</b> intercambios de información sinxelos en situacións cotiás.
	<b>Toma notas</b> concisas durante unha reunión, unha conferencia breve ou nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.	<b>É quen de tomar</b> notas sinxelas a partir de discursos orais, claros e en lingua estándar.
	<b>Utiliza</b> , de xeito adecuado para facerse o bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (p. ex., punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex., uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.	<b>É quen de empregar</b> as regras ortográficas básicas.
Acti vida des de me diac ión	<b>Pode facilitar</b> a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.	<b>É quen de facilitar</b> a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos moi sinxelos.
	<b>Pode facilitar</b> a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.	<b>É quen de facilitar</b> a interacción entre persoas coñecidas, aínda que non sexa de xeito fluído.
	<b>Toma notas</b> coa información necesaria que considera importante, trasládaa ás persoas destinatarias ou solicítala con anterioridade para ela dispoñible.	<b>Pode tomar notas</b> de información importante e trasladalas ás persoas destinatarias.
	<b>Identifica</b> e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.	<b>Pode identificar e reelaborar</b> por escrito información moi básica para transmitila.

### 3.9.3.2. **B2**

Criterios de avaliación	Mínimos exixibles
-------------------------	-------------------



Acti vida des de com pren sión de text os orai s	<b>Comprende</b> exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.	<b>É quen de comprender</b> exposicións públicas de certa complexidade e ben organizadas.
	<b>Comprende</b> textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.	<b>É capaz de comprender</b> textos audiovisuais extensos ben organizados e con boas condicións acústicas.
	<b>Comprende</b> o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.	<b>Comprende</b> conversacións en lingua estándar ben organizadas.
	<b>Comprende</b> textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...	<b>É quen de comprender</b> textos orais precisos producidos en diferentes situacións, aínda que as condicións acústicas non sexan moi boas.
Acti vida des de prod ució n e copr odu ción de text os orai s	<b>Interactúa</b> -inicia, mantén e remata- de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.	<b>Interactúa</b> de xeito xeral en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.
	<b>Desenvólvese</b> en transaccións da vida cotiá -aloxamento, restaurantes ou actividades económicas- expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo dun problema, se ten a cooperación da persoainterlocutora.	<b>Pode desenvolverse</b> en transaccións sinxelas da vida cotiá, expresando agrado e desagrado.
	<b>Expresa e intercambia</b> puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados á situación de comunicación.	<b>Interactúa</b> en conversas formais de forma breve e sinxela.
	<b>Realiza</b> en lingua estándar narracións, descripcións sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional.	<b>É quen de realizar</b> narracións e descripcións en lingua estándar.
	<b>Fai presentacións</b> breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.	<b>É quen de facer</b> presentacións moi breves en lingua estándar sobre temas coñecidos.



	<b>Realiza intercambios</b> de información sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas simples.	<b>É capaz de interactuar</b> sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas moi sinxelas.
	<b>É capaz de reelaborar</b> información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala demaneira oral.	<b>É capaz de reelaborar</b> información procedente de distintas fontes coñecidas, de sintetizala e de comunicala de maneira oral.
	<b>Presenta</b> unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.	<b>Presenta</b> , en xeral, unha pronunciación e entoación claras e naturais.
	<p>Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común en eidos específicos, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e comprensión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a eles.</p> <p>Produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común en eidos específicos, seleccionándoos e adaptando o seu uso aos diversos significados e intencións comunicativas asociados con eles.</p> <p>Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos patróns gráficos e convencións ortográficas de uso común xerais e en ámbitos comunicativos específicos.</p> <p>Produción dos patróns gráficos e convencións ortográficas de uso común, xerais e en eidos específicos segundo o ámbito comunicativo, seleccionándoos e adaptando o seu uso aos diversos significados e intencións comunicativas asociados con eles.</p>		<p>Aplicación dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás e familiares moi sinxelas: coñecementos culturais básicos, observación, escoita, posta en relación, respecto.</p>
<p><b>TEMPORALIZACIÓN</b></p>			
<p><b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b></p>	<p>Actividades complementarias con diferentes graos de dificultade.</p>		

A  
C  
T  
I  
V  
I  
D  
A  
D  
E  
S



A V A L I A C I Ó N	CO	Comprende os significados e funcións xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas propias da lingua oral en contextos de uso comúns e máis específicos dentro do seu campo de interese ou de especialización	M Í N I M O S  E S I X I B L E S
	CE	Comprende os significados e funcións xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas propias da lingua escrita en contextos de uso comúns e máis específicos dentro do seu campo de interese ou de especialización. Adquiriu unha pronuncia e entoación claras e naturais.	
	PCOM	Transmite con suficiencia tanto a información como, de ser o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou da autoría. Demostra un bo control de estruturas sintácticas comúns e algunhas máis complexas, con algún descoido esporádico ou erro non sistemático que non afecta a comunicación, seleccionándoas con flexibilidade e adecuadamente segundo a intención comunicativa no contexto específico.	
	PECM	Pode facilitar a interacción entre as partes monitorizando o discurso con intervencións adecuadas, repetindo ou reformulando o dito, pedindo opinións, facendo preguntas para abundar nalgúns aspectos que considera importantes e resumindo a información e os argumentos cando é necesario para aclarar o fío da discusión.	

UNIDADE 9			
NIVEL	B2	5 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual e en grupos	MODALIDADE DE TRABALLO
	CO	Comprender con todo detalle as ideas que destacan os/as interlocutores/as, as súas actitudes e argumentos principais, en conversas e discusións formais sobre liñas de actuación, procedementos, e outros asuntos de carácter xeral relacionados co propio campo de especialización.	
	CE	Comprender textos periodísticos, incluídos artigos e reportaxes sobre temas de actualidade ou especializados, en que o/a autor/a adopta certos puntos de vista, presenta e desenvolve argumentos, e expresa opinións de maneira tanto implícita como explícita.	



O B X E C T I V O S	PCOM	Tomar a iniciativa nunha entrevista (p. ex. de traballo), ampliando e desenvolvendo as propias ideas, ben con pouca axuda, ben obténdoa da persoa entrevistadora se a necesita. Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade, transmitindo a información, as opinión e os argumentos relevantes, comparando e contrastando as vantaxes e desvantaxes das distintas posturas e argumentos, expresando as súas opinións ao respecto con claridade e amabilidade e pedindo e ofrecendo suxestións sobre posibles solucións ou vías de actuación.		
	PCEM	Escribir, en calquera soporte, correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas e a empresas, en que se dá e solicita información detallada e se explican e xustifican co suficiente detalle os motivos de certas accións, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos. Sintetizar e transmitir por escrito a información e argumentos principais, así como os aspectos relevantes, recompilados de diversos textos escritos procedentes de distintas fontes (p. ex. diferentes medios de comunicación ou varios informes ou outros documentos de carácter educativo ou profesional).		
C O M P E T E N C I A S  E C O N T I D O S	<b>I- Socioculturais sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>	
	Historias, culturas e comunidades.	Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (soporte, imaxes e gráficos, trazosortotipográficos...)  Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.	Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo.	
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>	
	Selección de patróns e características textuais demandadas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns sintácticos, léxicos e ortotipográficos.	Relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.	Ciencia e tecnoloxía.	
<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		<b>VIII- Competencia e contidos interculturais</b>		



	<p>Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común en eidos específicos, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e comprensión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a eles.</p> <p>Produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común en eidos específicos, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, seleccionándoos e adaptando o seu uso aos diversos significados e intencións comunicativas asociados con eles.</p> <p>Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos patróns gráficos e convencións ortográficas de uso común xerais e en ámbitos comunicativos específicos.</p> <p>Produción dos patróns gráficos e convencións ortográficas de uso común, xerais e en eidos específicos segundo o ámbito comunicativo, seleccionándoos e adaptando o seu uso aos diversos significados e intencións comunicativas asociados con eles.</p>	<p>Aplicación dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás e familiares moi sinxelas: coñecementos culturais básicos, observación, escoita, posta en relación, respecto.</p>		
<p><b>TEMPORALIZACIÓN</b></p>			<p><b>A C T I V I D A D E S</b></p>	
<p><b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b></p>	<p>Actividades complementarias con diferentes graos de dificultade.</p>			
<p><b>A V A L I A C I Ó N</b></p>	<p>CO</p>	<p>Recoñece léxico oral común e máis especializado, relacionado cos propios intereses e necesidades no ámbito persoal, público, académico e profesional, así como expresións e modismos de uso común, e connotacións e matices accesibles na lingua oral de carácter literario.</p>		<p><b>M Í N I M O S</b></p>
		<p>Conta cun amplo vocabulario activo de lectura, aínda que teña algunha dificultade con expresións pouco frecuentes, que inclúe tanto un léxico</p>		



	CE	<p>xeral e máis específico segundo os seus intereses e necesidades persoais, académicas ou profesionais, como expresións e modismos de uso común, e connotacións e matices accesibles na linguaxe literaria; e identific polo contexto palabras descoñecidas en temas relacionados cos seus intereses ou campo de especialización.</p>	
	PCOM	<p>Exprésase con claridade, con suficiente espontaneidade e cun ritmo bastante uniforme, e sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir, e dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descrições claras, expresar puntos de vista e desenvolver argumentos, utilizando para isto algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que necesita. Compara e contrasta información e ideas das fontes ou das partes e resume apropiadamente os seus aspectos máis relevantes.</p>	
	PECM	<p>Dispón dun amplo léxico escrito de uso común e sobre asuntos relativos ao seu campo de especialización e intereses e varía a formulación para evitar repeticións frecuentes, recorrendo con flexibilidade a circunloquios cando non atopa unha expresión máis precisa. É capaz de suxerir unha saída de compromiso, unha vez analizadas as vantaxes e desvantaxes doutras opcións.</p>	



UNIDADE 10

NIVEL	B2	5 sesións de 120 minutos	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Fotocopias Audios e vídeos Internet	Individual e en grupos	MODALIDADE DE TRABALLO
O B J E C T I V O S	CO	Comprender a maioría dos documentais radiofónicos, das noticias da televisión e dos programas sobre temas actuais, de entrevistas en directo, debates, obras de teatro e a maioría das películas, articulados con claridade e a velocidade normal nunha variedade estándar da lingua, e identificar o estado de ánimo e o ton dos e das falantes. Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade, transmitindo a información, as opinións e os argumentos relevantes, comparando e contrastando as vantaxes e desvantaxes das distintas posturas e argumentos, expresando as súas opinións ao respecto con claridade e amabilidade e pedindo e ofrecendo suxestións sobre posibles solucións ou vías de actuación.	
	CE	Comprender textos literarios e de ficción contemporáneos, escritos en prosa e nunha variedade lingüística estándar, de estilo simple e linguaxe clara, coa axuda esporádica do dicionario.	
	PCOM	Participar activa e adecuadamente en conversas, reunións, discusións e debates formais de carácter habitual, ou máis específico dentro do propio campo de especialización, nos ámbitos público, académico ou profesional, nos cales esboza un asunto ou un problema con claridade, especulando sobre as causas e consecuencias e comparando as vantaxes e desvantaxes de diferentes enfoques, e en que ofrece, explica e defende as súas opinións e puntos de vista, avalía as propostas alternativas, formula hipóteses e responde a estas.	
	PCEM	Escribir informes de media extensión, de estrutura clara e nun formato convencional, nos cales se expón un asunto con certo detalle e se desenvolve un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións e achegando conclusións xustificadas e suxestións sobre futuras ou posibles liñas de actuación. Sintetizar e transmitir por escrito a información e argumentos principais, así como os aspectos relevantes, recompilados de diversos textos escritos procedentes de distintas fontes (p. ex. diferentes medios de comunicación ou varios informes ou outros documentos de carácter educativo ou profesional).	
C O M P E T E N C I A S  E  C O N T I	I- Socioculturais sociolingüísticos	II- Estratéxicos	III- Funcionais
	Historia, cultura e comunidades.	Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e o texto específicos (escribir unha carta de presentación, un informe...). Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda...).	Expresión da necesidade, o desexo, a intención, a vontade, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección: aconsellar; advertir; alertar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; dispensar ou eximir alguén de facer algo; disuadir; exixir; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; prometer; reclamar;



D O S			recomendar; recordarle algo a alguén; solicitar; suxerir; suplicar, retractarse.
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	Organización e estruturación do texto segundo o (macro)xénero (p. ex. correspondencia > carta formal); a (macro)función textual (exposición, descrición, narración, exhortación, argumentación) e a estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relación oracionais, sintácticas e léxicas cotextuais e por referencia ao contexto).	Relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.	Historia e cultura.
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		<b>VIII- Competencia e contidos interculturais</b>
	<p>Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común en eidos específicos, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e comprensión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a eles.</p> <p>Produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común en eidos específicos, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, seleccionándoos e adaptando o seu uso aos diversos significados e intencións comunicativas asociados con eles.</p> <p>Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos patróns gráficos e convencións ortográficas de uso común xerais e en ámbitos comunicativos específicos.</p> <p>Produción dos patróns gráficos e convencións ortográficas de uso común, xerais e en eidos específicos segundo o ámbito comunicativo, seleccionándoos e adaptando o seu uso aos diversos significados e intencións comunicativas asociados con eles.</p>		<p>Aplicación dos coñecementos, destrezas e actitudes interculturais que permitan levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás e familiares moi sinxelas: coñecementos culturais básicos, observación, escoita, posta en relación, respecto.</p>



TEMPORALIZACIÓN			ACTIVIDADES
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Actividades complementarias con diferentes graos de dificultade.		
AVALIACIÓN	CO	Discrimina patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos segundo as diversas intencións comunicativas.	
	CE	Recoñece os valores e significados asociados a convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, xerais e menos habituais, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico.	
	PCOM	Inicia, mantén e termina o discurso adecuadamente, facendo un uso eficaz das quendas de palabra, aínda que é posible que non sempre o faga con elegancia, e xestiona a interacción con flexibilidade e eficacia e de maneira colaborativa, confirmando a súa comprensión, pedindo a opinión da persoa interlocutora, invitando outros/as a participar e contribuíndo ao mantemento da comunicación. Compara e contrasta información e ideas das fontes ou das partes e resume apropiadamente os seus aspectos máis relevantes.	MÍNIMOS
	PEM	Utiliza con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia da(s) súa(s) lingua(s) primeira(s) ou outras, os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva...) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos tanto en	ESIXIBLES





soporte papel como dixital.  
É capaz de suxerir unha saída de compromiso, unha vez analizadas as vantaxes e desvantaxes doutras opcións.

## 4. NIVEL AVANZADO (C1)

### 4.1. Descrición do nivel

O alumnado que supere o **nivel avanzado C1** poderá comunicarse case sen esforzo, dun xeito fluído e espontáneo nos ámbitos persoal e público, así como en actividades específicas nos campos académico e profesional. Comprenderá a información importante e os aspectos e detalles relevantes dunha ampla gama de textos orais, e tamén será capaz de entender opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas. Comprenderá en detalle textos escritos, extensos e conceptualmente complexos, sempre que poida reler determinadas partes do texto; será quen de producir textos escritos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade. Empregará, de maneira correcta, estruturas, mecanismos de cohesión e un léxico axeitado e variado para resaltar, sintetizar, ampliar e defender puntos de vista, que permitan rematar a produción cunha conclusión argumentada.

O alumnado que acade este nivel disporá dun bo coñecemento da lingua e un repertorio de expresións idiomáticas que lle permitan apreciar, expresar e trasladar matices de significados.

### 4.2. Obxectivos xerais

#### C1

**Comprender**, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

**Producir e coproducir** con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

**Comprender** a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

**Producir e coproducir** textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

### 4.3. Obxectivos específicos

C1	
Actividades de comprensión de textos orais	<p><b>Comprender</b>, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.</p> <p><b>Comprender</b> información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.</p> <p><b>Comprender</b> con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.</p> <p><b>Comprender</b> os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.</p> <p><b>Comprender</b> conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.</p> <p><b>Comprender</b>, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.</p>
Actividades de produción e coprodución de textos orais	<p><b>Facer</b> declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.</p> <p><b>Realizar</b> presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.</p> <p><b>Participar</b> nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.</p> <p><b>Participar</b> en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.</p>
Actividades de comprensión de textos escritos	<p><b>Comprender</b> instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan releer as seccións máis difíciles.</p> <p><b>Comprender</b> alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).</p> <p><b>Comprender</b> a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.</p> <p><b>Comprender</b> artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.</p> <p><b>Comprender</b> en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.</p> <p><b>Comprender</b>, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.</p> <p><b>Comprender</b> textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captara mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.</p>



<p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</p>	<p><b>Tomar</b> notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.</p> <p><b>Escribir</b> correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.</p> <p><b>Escribir</b> correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.</p> <p><b>Escribir</b> informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.</p>
<p>Actividades de mediación</p>	<p><b>Mediar</b> entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.</p> <p><b>Adaptar</b> sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.</p> <p><b>Levar</b> a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.</p> <p><b>Recoñecer</b> significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.</p>

#### 4.4. Competencias e contidos

Os contidos presentados en cada nivel teñen un mero carácter orientador, constitúen un inventario baseado nun principio progresivo da educación, de ir incorporando coñecementos novos sobre unha base de coñecementos anteriores que se manteñen vivos e activos.

<p>Socioculturais e sociolingüísticos</p>	<p>Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos enmarcaranse nunha perspectiva intercultural e estarán integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.</p> <p>Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.</p>
<p>Estratéxicos</p>	<p>Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan adaptaranse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.</p> <p><b>1. As estratexias de aprendizaxe</b> danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– <b>Explicar</b> o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>– <b>Planificar</b> a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.</li> <li>– <b>Organizar</b> o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...).</li> <li>– <b>Autoavaliar</b> o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.</li> <li>– <b>Utilizar</b> todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axudadoutros/as interlocutores/as...)</li> <li>– <b>Repetir, recoñecer e usar</b> modelos de lingua etc.</li> <li>– <b>Relacionar</b> a información nova con coñecementos previos.</li> <li>– <b>Deducir</b> e establecer relacións entre as linguas coñecidas.</li> <li>– <b>Resumir</b> para comprender e producir textos orais ou escritos.</li> </ul> <p><b>2. As estratexias de comunicación</b> permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– <b>Activar e procurar</b> coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...</li> <li>– <b>Informarse</b>, se hai axudas visuais etc.</li> <li>– <b>Identificar</b> o tipo de texto para adaptalo á audiencia.</li> <li>– <b>Tomar</b> conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.</li> <li>– <b>Establecer</b> hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).</li> <li>– <b>Restablecer</b> e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).</li> <li>– <b>Reformular</b> hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.</li> <li>– <b>Asegurar</b> a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.</li> <li>– <b>Solicitar</b> repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.</li> <li>– <b>Recoñecer</b> as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.</li> </ul>
	<p>Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan adaptaranse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p>
Funcionais	<p>Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:</p> <p><b>Funcións ou actos de fala asertivos</b>, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...</p> <p><b>Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso</b>, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse... <b>Funcións ou actos de fala directivos</b>, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...</p> <p><b>Funcións ou actos de fala fálicos e solidarios</b>, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...</p> <p><b>Funcións ou actos de fala expresivos</b>, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, lelicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...</p>



	<p>Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas básicas que lle permitan ao alumnado producir e comprender, en situacións moi habituais, textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona adaptárase ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.</p>
<p>Discursivos</p>	<p><b>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Anuncios publicitarios complexos retransmitidos</li> <li>– Instrucións e indicacións detalladas</li> <li>– Conversas especializadas</li> <li>– Reunións de traballo con vocabulario específico</li> <li>– Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos</li> <li>– Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...</li> <li>– Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo</li> <li>– Sondaxes e cuestionarios complexos</li> <li>– Audiovisuais</li> <li>– Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas</li> <li>– Cancións</li> <li>– Representacións teatrais</li> <li>– <i>Podcasts</i></li> <li>– Informativos</li> <li>– Clases gravadas</li> <li>- Páxinas web gobernamentais</li> </ul>
	<p><b>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Correspondencia persoal e profesional especializada</li> <li>– Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos</li> <li>– Instrucións extensas</li> <li>– Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade</li> <li>– Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática</li> <li>– Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que seapoién excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica</li> <li>– Informacións, anuncios e slogans publicitarios</li> <li>– Textos que poidan amosar trazos non normativos</li> <li>– Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral</li> <li>– Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade</li> <li>– Textos ensaísticos</li> </ul>
<p>Sintácticos</p>	<p>Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan adaptárase ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p>



	<p>Consolidaranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Formación de palabras: derivación e composición</li> <li>– Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos</li> <li>– Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso</li> <li>– Correlación temporal na construción de textos orais e escritos</li> <li>– Usos sintácticos complexos</li> <li>– Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde</li> <li>– Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.</li> <li>– Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos</li> </ul>
	<p>Os contidos léxicos adaptaranse ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.</p>
Léxicos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Alimentación:</b> tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola...</li> <li>- <b>Bens e servizos:</b> inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual...</li> <li>- <b>Ciencia e tecnoloxía:</b> avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas...</li> <li>- <b>Compras e actividades comerciais:</b> actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento...</li> <li>- <b>Cultura e actividades artísticas:</b> música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...</li> <li>- <b>Economía e industria:</b> finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...</li> <li>- <b>Educación e actividades académicas:</b> sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...</li> <li>- <b>Goberno, política e sociedade:</b> organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...</li> <li>- <b>Identidade persoal:</b> dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas...</li> <li>- <b>Información e medios de comunicación:</b> prensa, radio e televisión, internet, publicidade e redessociais...</li> <li>- <b>Lecer e tempo libre:</b> xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, hostalería, vacacións, ocio...</li> <li>- <b>Relacións persoais e sociais:</b> relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións...</li> <li>- <b>Relixión e filosofía:</b> correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas...</li> <li>- <b>Saúde, coidados físicos e atención sanitaria:</b> estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios...</li> <li>- <b>Traballo e actividades profesionais:</b> tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais...</li> <li>- <b>Viaxes e estancias no estranxeiro:</b> turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coadministración e burocráticos durante estadias no estranxeiro...</li> <li>- <b>Vivenda, fogar e contorna:</b> tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica...</li> <li>- <b>Xeografía, natureza e medio rural:</b> accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...</li> </ul>





Fonético - fonolóxicos e ortotipográficos	<p>Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas máis elementais para comprender os significados e intención comunicativas xerais asociados a eles. Os contidos que se relacionan adaptaranse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.</p>
	<p>Consolidaranse todos os contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– A énfase</li> <li>– A entoación e os cambios de ton</li> <li>– Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...)</li> <li>– Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas</li> <li>– Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refrán, poemas...)</li> <li>– A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación</li> <li>– O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas</li> <li>– As convencións de distribución e organización do texto</li> <li>– As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común</li> </ul>

#### 4.5. Temporalización

Os contidos repartiranse ao longo do curso en dous cuatrimestres. Terase en conta a progresión da aprendizaxe; así, as unidades con contidos máis complexos contarán con máis tempo cás que sexan de ampliación, repaso ou introdución de contidos menos exixentes.

A distribución dos contidos será flexible e poderá ser sometida a modificacións se o ritmo da clase ou outras circunstancias así o requiren. Os contidos agruparanse en unidades didácticas (detalladas no apartado 4.10 “Unidades didácticas”), que se secuenciarán en sesións ao longo de todo o curso. Deste xeito garántese que as horas de docencia que lle corresponden a cada curso se impartan de maneira efectiva e controlada.

#### 4.6. Metodoloxía

No ensino das linguas, a metodoloxía é o conxunto de procedementos que se empregan para acadar o dominio dos contidos e o logro dos obxectivos. A metodoloxía usada na EOI ten como referente un modelo de ensinanza comunicativo, cunha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma. Trátase do enfoque orientado á acción do MCERL, que se centra non só nas competencias lingüísticas, senón en todas as capacidades que o individuo debe utilizar para se integrar eficazmente na comunidade da lingua que está a estudar. Neste sentido, teranse en conta elementos clave como:

- O ensino do idioma desde unha perspectiva de uso.
- O fomento do emprego da lingua obxecto de estudo como vehículo de comunicación.
- A orientación do ensino cara ao desenvolvemento das actividades de lingua.
- O fomento da autonomía do alumnado e do desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.

O bxectivo principal das aulas ten que ser a comunicación, utilizando desde o principio e na medida do posible a lingua estudada como vehicular, favorecendo o contacto constante do alumnado coa lingua. Por outra parte, o profesorado debe integrar dentro destas tarefas comunicativas, as actividades de comprensión, produción, coprodución e mediación, tanto orais como escritas.

Este enfoque, na súa posta en práctica, terá como centro tarefas baseadas nos obxectivos de comunicación definidos no currículo e nesta programación, e terá en conta as necesidades e intereses do alumnado. Na sociedade levamos a cabo tarefas (escribimos cartas, realizamos conversas, compramos billetes de avión, solicitamos información en ámbitos da nosa vida profesional, pública ou persoal, expresamos dúbidas respecto de opinións ou proxectos familiares ou profesionais...); isto é o que debe aprender a facer o alumnado.

Coa finalidade de formar falantes competentes e autónomos/as, o profesorado debe revisar a súa metodoloxía, así como actualizar os seus métodos, medios e materiais didácticos para facer da aula un lugar facilitador e



motivador. Ao mesmo tempo, o alumnado debe implicarse de xeito activo na súa propia aprendizaxe e considerar o erro como un elemento necesario deste proceso. O aprendiz de idiomas será usuario da lingua que está a aprender, o que implica:

- Ter en conta as súas necesidades reais de aprendizaxe, os seus intereses e os contextos de uso.
- Aceptar a existencia na aula dun perfil competencial desigual, así como motivacións e intereses diversos.
- Establecer graos de dominio que poden non responder en todos os casos ao grao de incompetencia do falante nativo.

#### 4.6.1. Principios metodolóxicos

Os principios metodolóxicos en que se baseará o proceso de ensino-aprendizaxe serán os seguintes:

- O noso departamento preocuparase pola igualdade de xénero en catro ámbitos: na escolla do material didáctico, no uso dunha linguaxe inclusiva, na visualización do problema de xénero e nas achegas da muller á historia; sen descartar ningún outro campo de actuación que poida xurdir. Así, procura eliminar da docencia do nivel avanzado C1 as imaxes estereotipadas de nomes e mulleres e substituílas por outras que fomenten a igualdade
- Ademais, tamén se fará referencia á discriminación por orientación sexual e ao colectivo LGTBI.
- A aprendizaxe centrada no alumno e nas súas necesidades. Este principio favorece a implicación deste na aprendizaxe, que se pode lograr: téndoo en conta á hora de deseñar as tarefas (traballando con materiais que respondan aos seus intereses, mesmo propostos por el); tendo en consideración os diferentes estilos de aprendizaxe (e, xa que non é posíbel dar resposta a cada un deles por separado, polo menos axustar a nosa axuda ás características xerais do alumnado); identificando os seus coñecementos previos para actualalos antes de realizar unha tarefa; e desenvolvendo a súa capacidade de autoavaliación.
- A recreación na aula de situacións que simulen as actividades comunicativas reais consideradas en cada nivel do currículo e que centren o ensino no aprendiz e nas súas necesidades. O profesor debe prever as situacións en que terá que desenvolverse o alumno na realidade, para poderlle proporcionar os expoñentes lingüísticos e os referentes culturais que lle permitirán comunicarse nelas. Deste xeito, propoñendo tarefas e utilizando recursos e materiais de aprendizaxe que respondan aos seus intereses e aos seus futuros contextos de uso, lograremos maior motivación. Para incluír no proceso de aprendizaxe as dimensións do individuo que aprende teremos en conta a súa biografía, os asuntos que o ocupan e os que lle preocupan, a súa creatividade e o seu contorno. O alumnado tamén poderá propoñer tarefas, seleccionar recursos e materiais de aprendizaxe que respondan aos seus intereses.
- A reflexión do docente (individualmente ou en colaboración co alumnado) sobre o proceso de ensino-aprendizaxe para obter conclusións e poder aplicar de xeito eficaz o enfoque metodolóxico adoptado, así como para poder proporcionarlle ao alumnado indicacións sobre o propio control e sobre as estratexias de aprendizaxe máis axeitadas.
- fomento de actitudes como o plurilingüismo e o pluriculturalismo, pois o desenvolvemento das capacidades que se exercitan ao relacionarse con outras linguas e culturas repercute no desenvolvemento da competencia na lingua obxecto de estudo.
- O fomento na clase dunha dinámica que favoreza a interacción comunicativa (entre os alumnos e co profesor), creando un clima de axuda mutua, cordialidade, empatía, respecto e interese.
- A atención á diversidade, tanto de intereses como de coñecementos, capacidades e ritmos de aprendizaxe, mediante recursos metodolóxicos que teñan en conta estas diferenzas.
- Traballo en parellas ou de grupo será o preferente, por romper a limitada estrutura de interacción profesor-alumno e permitir que os alumnos falen máis tempo e de forma máis auténtica. Así mesmo, as clases organizaranse de modo que se favoreza a comunicación entre os alumnos e se manteñan





as debidas medidas de protección individual e hixiene.

- Os textos escritos e orais que se utilicen deberán ser auténticos dentro do posíbel (material audiovisual como música, curtametraxes e longametraxes, documentais, material radiofónico ou da TV, fotos, cómics, artigos de xornal e revista, bitácoras etc.).
- É conveniente alternar as tarefas relativas ás diferentes actividades de lingua (de mediación, de expresión oral e escrita e de comprensión oral e escrita) para evitar a monotonía.
- Daráselles preferencia ás actividades de tipo práctico e fomentaranse as actividades comunicativas máis lúdicas e creativas.
- É importante que o profesorado corrixa os traballos e llos entregue ao alumnado con notas aclaratorias.
- Tratarase de desenvolver no alumnado estratexias de autoaprendizaxe encamiñadas á autoformación.
- A lingua usada na aula polo alumnado e polo profesorado como vehículo de comunicación será o galego, xa desde os niveis máis baixos, para garantir unha maior exposición directa do alumnado ao idioma obxecto de estudo.

#### 4.6.2. Principios pedagóxicos

A pedagogía debe seguir unhas directrices de carácter progresista e renovador e cómpre fuxir do gramaticalismo teorizador. A aprendizaxe debe ser activa, amena e atractiva para manter vivo o interese pola lingua. En resumo, aplicarase unha metodoloxía que resulte:

- Práctica: de xeito que lle proporcione ao alumnado soltura no manexo do idioma.
- Realista: que estea en consonancia coa realidade de coñecementos do propio alumnado.
- Flexíbel: que permita a adecuación do programa ás necesidades e preferencias do alumnado.
- Integral: que procure a formación do/a alumno/a dunha maneira instrutiva completa e integral, isto é, que non se limite soamente á forma da lingua, senón que toque tamén a realidade social que a conforma e todos aqueles puntos sobre a cultura galega que poidan favorecer a aprendizaxe.

Este ano seguimos ofrecendo ao alumnado recursos, ferramentas e formas de aprendizaxe innovadoras, co fin de mellorar a adquisición das competencias básicas. Utilizaremos tabletas na aula, o que facilitará o acceso á información e a diferentes ferramentas para a aprendizaxe da lingua (empregaremos aplicacións de uso exclusivo na aula como Kahoot e recomendaremos outras máis axeitadas para a aprendizaxe autónoma fóra do centro como Quizzlet).

#### 4.6.3. Actividades culturais

Estas actividades son ferramentas importantes para mellorar o nivel de competencia do alumnado de idiomas. A aprendizaxe non debe limitarse ao reducido espazo da aula, pois a través de conferencias, charlas, mesas redondas, asistencia a obras de teatro, sesións de contacontos, participación en festas e excursións... o alumnado pode mellorar a súa comprensión e expresión tanto como nas actividades lectivas, ou máis, pois nelas as actividades son de lingua real. Ademais, moitas contribúen á cohesión do grupo, o que fai que logo a aprendizaxe na aula sexa máis satisfactoria, pois é máis agradábel asistir ás aulas -e xa que logo aprender nun clima de amizade que cando non existe o mesmo nivel de confianza. Así pois, non deben considerarse un simple divertimento de carácter marxinal.

#### 4.7. Recursos

Na actualidade, hai dispoñibles moitos e moi diversos materiais didácticos destinados ao ensino e á aprendizaxe das linguas. Na súa utilización resulta imprescindible realizar unha selección baseada nos obxectivos e contidos das programacións didácticas e no enfoque comunicativo.

No uso dos recursos destacará o feito de que estes sexan, na medida do posible, auténticos e se empreguen co fin de materializar situacións reais do uso da lingua. A utilización de material creado explicitamente con fins didácticos, como por exemplo os libros de texto, responderá ás necesidades do proceso de aprendizaxe e non excluírá o uso de materiais auténticos.



#### 4.7.1. Humanos

Os dous grupos do curso GA-C1 serán impartidos por un membro do departamento.

#### 4.7.2. Físicos

Os grupos do nivel C1 impartiranse nunha aula da escola. Ademais usaranse outros espazos coma a biblioteca, a aula de informática etc.

#### 4.7.3. Materiais

Libros de texto e materiais didácticos recomendados:

- [Aula de galego 4](#), VVAA, Xunta de Galicia
- *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión*. VVAA, A Coruña: BaíaEdicións, 2010
- Material audiovisual do CELGA 4 (dispoñíbel na páxina web de Política Lingüística)
- *Expresión Escrita I e II*, Celia Díaz Núñez. Editorial Anaya
- [Cancións en galego](#) (canle de youtube que contén música en galego coas súas letras)
- [Son de poetas](#) (poemas musicados en lingua galega coas súas letras)
- [Caderno de Lingua](#) (páxina web de Rosa Salgueiro con recursos para a autoaprendizaxe)
- Banco de tarefas de elaboración propia

Libros de consulta recomendados:

- *Gramática da lingua galega, síntese práctica*, Feixó, Xerais
- *Lingua galega. Léxico 1*, VVAA, Rodeira-GrupoEdebé / Proxecto Artello, 2006
- *Lingua galega. Léxico 2*, VVAA, Rodeira-GrupoEdebé / Proxecto Artello, 2006
- *Lingua galega. Ortografía 1*, VVAA, Rodeira-GrupoEdebé / Proxecto Artello, 2006
- *Lingua galega. Ortografía 2*, VVAA, Rodeira-GrupoEdebé / Proxecto Artello, 2006
- *Manual de lingua galega I. Teoría e práctica*. Nivel superior, X. A. Granxa e M<sup>a</sup> X. Méndez, Ed.Xerais
- [Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 \(edición revisada\)](#), de RAG / ILG
- *Ortografía da lingua galega*, Begoña González Rey, Ed. Galinova
- *Ortografía da lingua galega*, M<sup>a</sup> Xesús Méndez Álvarez, Ed. Xerais
- *Traballando co léxico I, II e III*, VVAA, Ed.Xerais (non adaptados á nova normativa)

Dicionarios e corpus de consulta recomendados:

- [Dicionario RAG](#)
- *Dicionario de ortografía da lingua galega*, Ed. Galinova, 2004
- *Dicionario Xerais da lingua*, Ed. Xerais (edición revisada), 2004
- *Dicionario Xerais castelán –galego de usos, frases e sinónimos*, Ed. Xerais, 2007
- *Dicionario Xerais castelán-galego, galego-castelán*, Ed. Xerais (ed. revisada), 2005
- *Dicionario castelán-galego da Real Academia Galega*, Fundación Barrié, 2005
- *Dicionario Xerais de sinónimos*, VVAA, Ed. Xerais, 2008
- *Galego Século XXI*, VVAA, Galaxia
- [Banco de termos galegos recomendados \(TERGAL\)](#)
- [Corpus de referencia do galego actual](#)



- [Dicionario de pronuncia da lingua galega](#). Santiago de Compostela: Instituto da LinguaGalega. Xosé Luís Regueira (dir.)
- [Vocabulario oficial da lingua galega](#) (VOLGA), RAG / ILG, Galaxia
- [Corrector en liña da Universidade de Vigo](#)

Libros de lectura recomendada:

- Otero Pedrayo, R., *Arredor de si*, Ed. Galaxia
- Susana Sanches Arins, *Seique*, Através Editora
- Xabier Quiroga, *Atuado na braña*, Ed. Xerais
- Afonso Eiré, *Eu tamén fun coas vacas*, Ed. Espiral Maior
- Núñez Singala, *Instrucións para tomar café*, Ed. Galaxia
- Séchu Sende, *Made in Galiza*, Ed. Xerais

#### 4.8. Atención á diversidade

Enténdese a atención á diversidade como o conxunto de accións educativas que nun sentido amplo tentan dar resposta ás necesidades temporais ou permanentes de todo o alumnado do centro e, entre eles, aos que requiren unha actuación específica derivada en moitos casos de factores persoais relacionados con situacións de desvantaxe sociocultural, de compensación lingüística, de comunicación e da linguaxe, ou de discapacidade física, psíquica ou sensorial.

No caso desta EOI, as actuacións máis cotiás son as que se refiren, por unha banda, ao alumnado que presenta dentro do mesmo curso diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma e, por outra banda, aos que teñen algún tipo de discapacidade física ou sensorial (fundamentalmente, problemas de vista ou audición) ou psíquica.

Segundo o [Decreto 81/2018](#) polo que se establece o currículo dos niveis das escolas de idiomas, os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4 permitirán o acceso, respectivamente, ás ensinanzas de galego dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2. Isto fai que en moitas ocasións conviva nas aulas alumnado con niveis moi diferentes no coñecemento da lingua, podendo darse o caso de que nun mesmo nivel atopemos persoas que accederon mediante os cursos de iniciación e perfeccionamento, acadado hai anos, e outras licenciadas en Filoloxía Galega.

A solución ao problema dos distintos niveis de competencia dentro do mesmo curso non é doada. O primeiro paso debería ser o de presentarlles este tipo de situación como algo totalmente normal, xa que está claro que calquera intento de solución ten que pasar pola cooperación entre eles, así que é esencial salientar a necesidade do traballo en equipo e da utilización da lingua obxecto de estudo na comunicación dentro da aula. O traballo en parellas ou grupos é fundamental se queremos involucrar a todos os membros da clase. Xuntar a alumnos con distintos niveis de competencia asegura unha participación óptima nas actividades de clase. Uns poden entrevistar os outros, e se os que teñen maior nivel de competencia saben asumir ese papel de axudante ou mentor, a actividade, lonxe deser frustrante ou aburrida, terá un efecto altamente positivo.

Outra acción educativa que pode ter resultados produtivos é a de traballo por medio de proxectos. Este tipo de traballo pode funcionar positivamente cando se xuntan grupos de distinto nivel, pero tamén con varios grupos homoxéneos, se se lles asignan aos distintos grupos tarefas adecuadas, o que lle proporciona a cada grupo o nivel adecuado de dificultade e impide que se vexan desmotivados, pola excesiva facilidade da tarefa nun caso ou dificultade noutro.

Outro aspecto que cómpre ter en conta refírese ao traballo da casa. Se se lles dá a todos o mesmo traballo para a casa sen ter en consideración os distintos niveis de competencia, os resultados van ser, evidentemente, dispares. O traballo para a casa ten como obxectivo consolidar o traballo na aula, e para que sexa efectivo, é importante que a exixencia da tarefa estea en consonancia co nivel de competencia do alumno; así, as tarefas



para os menos avanzados deben ser menos exixentes, o que axuda por un lado a motivalos e por outro proporcionálles práctica adicional en aspectos da lingua que aínda non dominan, e as do alumnado máis avanzado deben ser máis estimulantes, o que faique non perdan motivación e continúen a progresar.

Un xeito adecuado de involucrar o alumnado con menor competencia nas actividades de aula pode ser o de repetición en grupo de patróns de acentuación e entoación, ou de orde de palabras e estruturas gramaticais. Debería evitarse que o alumnado con menos nivel sexa o primeiro en responder preguntas. É menos tenso que sexa o alumnado con maior competencia o que responda primeiro mentres eles prestan atención para responder despois preguntas similares. Cando este tipo de interacción sexa habitual, a clase será máis dinámica e produtiva para eles.

A inclusión de actividades complementarias dentro da aula é fundamental para solucionar o problema dos alumnos con distintos ritmos de aprendizaxe, de maneira que os menos avanzados teñan a posibilidade de reforzar certas áreas, e os máis avanzados dispoñan de material extra. As actividades deben ser integradoras, para que os alumnos saquen vantaxe dos seus puntos máis fortes. De vez en cando haberá que incluír actividades deliberadamente fáciles para que o alumnado con menor nivel de competencia leve a cabo as tarefas con éxito, xa que isto permitirá aumentar a súa confianza. A programación de aula debe incluír todo este tipo de material adicional para o alumnado que necesite esta axuda extra para acadar os obxectivos, e para os que necesitan avanzar máis rapidamente.

Aínda que algunhas das estratexias mencionadas anteriormente poden ser válidas tamén para estudantes con algunha discapacidade, queda claro que esta situación presenta outros problemas adicionais, que en moitos casos afectan ao resto do alumnado, ao profesor, e que lle impiden ás persoas con discapacidades enfrontarse con éxito ás actividades e levar o ritmo da clase. Para evitar estas frustracións, é fundamental que o enfoque sexa multisensorial e multitarefa. É evidente que unha clase dedicada exclusivamente á comprensión lectora resultará atractiva para unha parte do alumnado, pero aqueles con algunha disfunción visual non terán as mesmas oportunidades de participar. Do mesmo xeito, unha actividade de audición resultará menos atractiva para aqueles que teñan problemas auditivos. Un achegamento multisensorial, onde se integren as cinco actividades de lingua de mediar, ler, escoitar, escribir e falar fará que este alumnado teña máis posibilidades de éxito. Outro tipo de solución pasa por facer unha distribución da clase de xeito que o alumnado con discapacidades auditivas poida escoitar o profesor ou o material auditivo con máis facilidade e os que teñen discapacidades visuais poidan ver o escrito no encerado máis claramente. As actividades fotocopiáveis e os exames pódense entregar tamén nun formato máis grande e o uso de auriculares individuais tamén podería solucionar os problemas do alumnado con discapacidade auditiva.

Hai que dotar a aula e o centro dos recursos adecuados: por exemplo, que os alumnos en cadeira de rodas teñan unha mesa de maior altura ou de altura regulable, e que a súa aula estea situada na planta baixa preferibelmente ou ben que teñan acceso a ela no ascensor; no caso de ter aulas con mesas de pa, que haxa algunha adecuada para os alumnos zurdos; que as persoas con problemas de mobilidade nas mans poidan usar o ordenador para as tarefas de expresión escrita etc. En xeral, tratarase de que o alumnado con algún tipo de discapacidade se sinta totalmente integrado.

A organización, aplicación e avaliación das probas para a obtención das certificacións por parte do alumnado con discapacidades basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes, contemplando aquelas medidas que sexan necesarias para a súa adaptación ás necesidades específicas deste alumnado.

#### **4.9. Avaliación**

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos.

A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.



#### 4.9.1. Avaliación inicial (ou de diagnóstico)

A avaliación inicial levarase a cabo no mes de setembro, unha vez finalizado o período de matrícula, mediante unha proba que avaliará as cinco actividades de lingua básicas: mediación, comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral e expresión escrita. Esta proba servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou.

Realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permiten identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2022/2023.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

#### 4.9.2. Avaliación de progreso

O profesorado levará a cabo unha avaliación de progreso mediante a realización dunha proba para cada actividade de lingua coa mesma estrutura e duración que as probas de certificación. Para a cualificación empregaranse as rúbricas que se inclúen nas Guías de Administración das Probas de Certificación. A cualificación será unha nota numérica que se lle comunicará ao alumnado na aula. Esta avaliación terá carácter informativo.

#### 4.9.3. Avaliación certificadora: criterios de avaliación e mínimos exixibles

Esta avaliación levarase a cabo seguindo os criterios establecidos. Esta avaliación levarase a cabo seguindo os criterios na Instrución 8/2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2023/24 e tendo en conta a *Guía de administración e cualificación das probas de certificación das EOI de Galicia* ou documento análogo que determine a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

	Criterios de avaliación	Mínimos exixibles
Actividades de comprensión de textos orais	<b>Comprende</b> o que se pretende comunicar coidado de sacar as conclusións apropiadas.	<b>É quen de comprender</b> o que se pretende comunicar.
	<b>Recoñece</b> , segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.	<b>Pode recoñecer</b> a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.
	<b>É capaz</b> de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.	<b>É quen de seguir</b> un discurso extenso ben estruturado.
	<b>Recoñece</b> expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.	<b>É quen de recoñecer</b> , en xeral, expresións idiomáticas e coloquiais.
	<b>Percibe</b> as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.	<b>Pode percibir</b> as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e, en xeral, recoñece matices de significado.
	<b>Utiliza</b> o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresión á situación, ao/a receptor/a e a formalidade requirida.	<b>É quen de utilizar</b> o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais.



Actividad de producción e coproducción de textos orais	<b>Expresa</b> o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.	<b>É quen de expresar</b> o que quere dicir, superando, en xeral, as dificultades que poida ter.
	<b>Desenvolve</b> argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.	<b>Pode desenvolver</b> argumentos detallados de xeito ben estruturado, relacionando os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.
	<b>Rebate</b> os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.	<b>Pode rebater</b> os argumentos das persoas interlocutoras.
	<b>Exprésase</b> cun alto grao de corrección demodo consistente.	<b>É quen de expresarse</b> cun alto grao decorrección.
	<b>Domina</b> un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.	<b>Domina</b> un repertorio léxico suficientemente amplo, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias
	<b>É quen de</b> iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.	<b>Pode</b> manter unha conversa de xeito suficientemente adecuado, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.
	<b>Expón</b> preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.	<b>É quen de formular</b> preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.
	<b>Adapta</b> os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.	<b>É capaz de adaptar</b> os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
	<b>Produce</b> un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte.	<b>Pode producir</b> un texto oral coherente e cohesionado.
	<b>Transmite</b> de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.	<b>É quen de transmitir</b> de xeito oral e con claridade os puntos destacados dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.
	<b>Varía</b> a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.	<b>É quen de variar</b> a entoación e colocar a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado.
	<b>Comprende</b> o que se pretende ou o que selle require en cada caso.	<b>É capaz de comprender</b> o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.





Actividades de comprensión de textos escritos	<b>Identifica</b> con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.	<b>Pode identificar</b> o contido e a importancia de textos profesionais ou académicos.
	<b>Localiza</b> detalles relevantes en textos extensos e complexos.	<b>É quen de localizar</b> detalles relevantes entextos complexos.
	<b>Recoñece</b> a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.	<b>É capaz de recoñecer</b> a intención do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.
	<b>Localiza</b> a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.	<b>Pode localizar</b> a información nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.
	<b>Recoñece</b> expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.	<b>É quen de recoñecer</b> as expresións idiomáticas e coloquiais, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.
	<b>Comprende</b> , segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.	<b>É capaz de comprender</b> o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.
	<b>Comprende</b> as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.	<b>Pode comprender</b> as intencións comunicativas expresadas mediante o uso de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.
Actividades de produción e coprodución de textos escritos	<b>Escribe</b> textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.	<b>Pode escribir</b> textos complexos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.
	<b>Redacta</b> un texto e adáptao á situación requirida.	<b>É capaz de redactar</b> un texto e adáptao á situación requirida.
	<b>Presenta</b> ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencíalos e eliminar posibles ambigüidades.	<b>É quen de presentar</b> ideas e puntos de vista cofin de destacalos e diferencíalos.
	<b>Utiliza</b> estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.	<b>É quen de utilizar</b> estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión e corrección.
	<b>Utiliza</b> as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.	<b>Pode utilizar</b> as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.
	<b>Adapta</b> os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.	<b>Pode adaptar</b> os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información.



Actividad de mediación	<b>Produce</b> un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.	<b>É capaz de producir</b> un texto escrito coherente e cohesionado.
	<b>Sabe facer</b> unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).	<b>É capaz de facer</b> unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións.
	<b>Transmite</b> de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.	<b>Pode transmitir</b> de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes.
	<b>Fai uso</b> dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.	<b>É quen de coñecer os</b> aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.
	<b>Adapta</b> os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.	<b>É capaz de adaptar</b> os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información.
	<b>Produce</b> un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.	<b>Pode producir</b> un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado.
<b>Sabe citar</b> as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.	<b>É capaz de citar</b> as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.	
<b>Transmite</b> de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.	<b>Pode transmitir</b> de xeito oral ou escrito os puntos destacados dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes.	
<b>Xestiona</b> con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.	<b>É quen de xestionar</b> con flexibilidade a interacción entre as partes, axudando a expresar as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.	

#### 4.9.4. Autoavaliación

A programación inclúe as directrices para levar a cabo a avaliación da práctica docente. O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta a seguinte rúbrica:

Indicadores de logro	1	2	3	4	5
A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.					
A aprendizaxe lograda polo alumnado.					





As medidas de individualización do ensino.					
O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...).					
A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares.					
As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, metodolóxica...).					
A coordinación co resto do profesorado.					

#### 4.9.5. Instrumentos de avaliación

Procedementos	Instrumentos	Temporalización
Avaliación inicial	Proba de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do alumnado.	Setembro
Avaliación formativa	Rúbricas, follas de control, observación na aula e avaliación de tarefas propostas.	Durante todo o curso
Avaliación de progreso	Probas de avaliación e rúbrica incluída nas Guías de Administración das Probas de Certificación	Entre o 1º eo 2º cuatrimestre
Avaliación certificadora	Proba común (para alumnado libre e oficial) e rúbrica incluídas nas Guías de Administración das Probas de Certificación	Xuño
Lexislación aplicable		
Decreto 81/2018	Real Decreto 1041/2017	Circulares
Real Decreto 1/2019	Guía de administración e cualificación das probas de certificación	

#### 4.10. Unidades didácticas

UNIDADE DIDÁCTICA Nº1			
NIVEL		C1	TEMPORALIZACIÓN 5 sesións de 120 minutos
RECURSOS DIDÁCTICOS		Fotocopias, Internet, audios e vídeos	MODALIDADE DE TRABALLO Individual e grupal
OBXECTIVOS	CTO	Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou unson distorsionado.	
	CTE	Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas.	
	PCO	Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo.	
	PCE	Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional.	



	<b>MEDIACIÓN</b>	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar, oralmente ou por escrito, unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.			
<b>COMPETENCIAS CONTIDAS</b>	<b>SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS</b>		<b>ESTRATÉXICOS</b>		<b>FUNCIONAIS</b>
	Marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros.		Resumir para comprender e producir textos oraisou escritos. Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...		Actos de fala asertivos.
	<b>DISCURSIVOS</b>	<b>SINTÁCTICOS</b>	<b>LÉXICOS</b>		
	Anuncios publicitarios complexos retransmitidos. Instrucións extensas. Informacións, anuncios e slogans publicitarios.	Formación de palabras: derivación e composición.	Identidade persoal: dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas... Relacións persoais e sociais: relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interacción humanas, asociacións...		
	<b>FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS</b>				
A énfase.					
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de avaliación da comprensión de textos orais e comprensión de textos escritos do nivel B2.</li> <li>• Expresión escrita.</li> <li>• Expresión oral.</li> <li>• Mediación oral/escrita.</li> <li>• Convencións ortográficas de B2.</li> <li>• Conectores de B2.</li> <li>• O resumo e a síntese.</li> <li>• Repaso das preposicións.</li> <li>• Repaso das contraccións.</li> <li>• Formas verbais de indicativo/subxuntivo.</li> <li>• Identificar e corrixir erros propios e alleos.</li> <li>• Adaptar o discurso ao destinatario.</li> <li>• Autoavaliación.</li> </ul>				<b>ACTIVIDADES</b>
<b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>		Actividades complementarias con diferentes graos de dificultade.			
<b>AVALIACIÓN</b>	<b>CTO</b>	Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.	É quen de comprender o que se pretende comunicar.		<b>MÍNIMOS EXIGIBLES</b>
	<b>CTE</b>	Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.	É capaz de comprender o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.		
	<b>PCO</b>	Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/a receptor/a e a formalidade requirida.	É quen de utilizar o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais.		

	<b>PCE</b>	Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.	Pode escribir textos complexos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.
	<b>MEDIACIÓN</b>	Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.	É quen de coñecer os aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.

<b>UNIDADE DIDÁCTICA Nº2</b>					
<b>NIVEL</b>	C1		<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	5 sesións de 120 minutos	
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Fotocopias, Internet, audios e vídeos		<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>	Individual e grupal	
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>CTO</b>	Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos e servizos.			
	<b>CTE</b>	Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).			
	<b>PCO</b>	Usar a entoación para transmitir o significado con precisión.			
	<b>PCE</b>	Escribir información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas. Adaptar, sen aparente dificultade, o rexistro aos diferentes contextos de uso.			
	<b>MEDIACIÓN</b>				
<b>COMPETENCIAS E CONTIOS</b>	<b>SOCIOCULTURAI E SOCIOLINGÜÍSTICOS</b>		<b>ESTRATÉXICOS</b>		
	Marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros.		Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo. Informarse, se hai axudas visuais etc.		
	<b>DISCURSIVOS</b>		<b>SINTÁCTICOS</b>	<b>LÉXICOS</b>	
	Instrucións e indicacións detalladas. Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica.		Recoñecemento dos elementos dapalabra e significado dos afixos.	Alimentación: tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola... Lecer e tempo libre: xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, hostalería, vacacións, ocio...	
<b>FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS</b>					
A puntuación.					



<b>TEM POR ALIZACIÓ</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de avaliación da comprensión de textos orais e comprensión de textos escritos do nivel C1.</li> <li>• Expresión escrita.</li> <li>• Expresión oral.</li> <li>• Mediación a partir dunha fonte oral.</li> <li>• Convencións ortográficas de C1.</li> <li>• Conectores de C1.</li> <li>• O artigo.</li> <li>• Referencias ao presente.</li> <li>• Os pronomes.</li> <li>• Verbos pronominais.</li> <li>• O acento diacrítico.</li> <li>• Identificar e corrixir erros propios e alleos.</li> <li>• Adaptar o discurso ao destinatario.</li> </ul>	<b>ACTIVIDADES</b>
-------------------------	--	--------------------

<b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	Actividades complementarias con diferentes graos de dificultade.
-------------------------------	--

<b>AVALIACIÓN</b>	<b>CTO</b>	Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.	Pode recoñecer a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.	<b>MÍNIMOS EXIBIBLES</b>
	<b>CTE</b>	Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.	Pode identificar o contido e a importancia de textos profesionais ou académicos.	
	<b>PCO</b>	Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.	É quen de expresar o que quere dicir, superando, en xeral, as dificultades que poida ter.	
	<b>PCE</b>	Redacta un texto e adáptao á situación requirida.	É capaz de redactar un texto e adáptao á situación requirida.	
	<b>MEDIACIÓN</b>	Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.	É capaz de adaptar os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información.	

<b>UNIDADE DIDÁCTICA Nº3</b>
------------------------------

<b>NIVEL</b>	C1	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	5 sesións de 120 minutos
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Fotocopias, Internet, audios e vídeos	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>	Individual e grupal

<b>OBXECTIVOS</b>	<b>CTO</b>	Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.
	<b>CTE</b>	Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.
	<b>PCO</b>	Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e
	<b>PCE</b>	

	<b>MEDIACIÓN</b>	exemplos adecuados. Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros. Manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.		
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>	<b>SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS</b>		<b>ESTRATÉXICOS</b>	<b>FUNCIONAIS</b>
	Marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros.		Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo. Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia.	Actos de fala directivos.
	<b>DISCURSIVOS</b>	<b>SINTÁCTICOS</b>	<b>LÉXICOS</b>	
	Conferencias, presentación e declaración públicas específicas edetalladas. Entrevistas xornalísticas decarácter divulgativo. Correspondencia persoal e profesional especializada.	Usos das formas verbais e nominais na composición de textos.	Cultura e actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía... Educación e actividades académicas: sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...	
	<b>FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS</b>			
	A entoación e os cambios de ton.			
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Actividades de avaliación da comprensión de textos orais e comprensión de textos escritos do nivel C1.</li> <li>● Expresión escrita.</li> <li>● Expresión oral.</li> <li>● Mediación a partir dunha fonte escrita.</li> <li>● O posesivo.</li> <li>● Referencias ao pasado.</li> <li>● A segunda forma do artigo.</li> <li>● Identificar e corrixir erros propios e alleos.</li> <li>● Adaptar o discurso ao destinatario.</li> </ul>			<b>ACTIVIDADES</b>
<b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>		Actividades complementarias con diferentes graos de dificultade.		
<b>AVALIACIÓN</b>	<b>CTO</b>	É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.	É quen de seguir un discurso extenso ben estruturado.	<b>MÍNIMOS EXIB</b>
	<b>CTE</b>	Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.	É quen de localizar detalles relevantes en textos complexos.	



	<b>PCO</b>	Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.	Pode desenvolver argumentos detallados de xeito ben estruturado, relacionando os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.	<b>LE S</b>
	<b>PCE</b>	Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencíalos e eliminar posibles ambigüidades.	É quen de presentar ideas e puntos de vista co fin de destacalos e diferencíalos.	
	<b>MEDIACIÓN</b>	Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.	Pode producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado.	

<b>UNIDADE DIDÁCTICA Nº4</b>				
<b>NIVEL</b>	C1	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	5 sesións de 120 minutos	
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Fotocopias, Internet, audios e vídeos	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>	Individual e grupal	
<b>OB XEC TIV OS</b>	<b>CTO</b>	Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.		
	<b>CTE</b>	Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico.		
	<b>PCO</b>	Apartarse, cando sexa necesario, do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.		
	<b>PCE</b>	Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade.		
	<b>MEDIACIÓN</b>	Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizar unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.		
<b>CO MP ETE NCI AS E CO NTI DO S</b>	<b>SOCIOCULTURALS E SOCIOLINGÜÍSTICOS</b>	<b>ESTRATÉXICOS</b>		<b>FUNCIONAIS</b>
	Marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros.	Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...).		Actos de fala fáticos e solidarios.
		Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.		
	<b>DISCURSIVOS</b>	<b>SINTÁCTICOS</b>	<b>LÉXICOS</b>	



	Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos. Conversas especializadas. Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade.	Adecuación das formas verbais e nominais ao tipo de texto e ao discurso.	Economía e industria: finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción... Goberno, política e sociedade: organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...	
<b>FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS</b>				
Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...).				
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Actividades de avaliación da comprensión de textos orais e comprensión de textos escritos do nivel C1.</li> <li>● Expresión escrita.</li> <li>● Expresión oral.</li> <li>● Mediación a partir dunha fonte oral.</li> <li>● O infinitivo.</li> <li>● O infinitivo conxugado.</li> <li>● O demostrativo.</li> <li>● O imperativo.</li> <li>● Identificar e corrixir erros propios e alleos.</li> <li>● Adaptar o discurso ao destinatario.</li> </ul>		<b>ACTIVIDADES</b>	
<b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>		Actividades complementarias con diferentes graos de dificultade.		
<b>AVALIACIÓN</b>	<b>CTO</b>	Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.	É quen de recoñecer, en xeral, expresións idiomáticas e coloquiais.	<b>MÍNIMOS EXIXIBLES</b>
	<b>CTE</b>	Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.	É capaz de recoñecer a intención do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.	
	<b>PCO</b>	Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.	Pode rebater os argumentos das persoas interlocutoras.	
	<b>PCE</b>	Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.	É quen de utilizar estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión e corrección.	
	<b>MEDIACIÓN</b>	Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.	É capaz de citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.	

<b>UNIDADE DIDÁCTICA Nº5</b>			
<b>NIVEL</b>	C1	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	5 sesións de 120 minutos



RECURSOS DIDÁCTICOS		Fotocopias, Internet, audios e vídeos	MODALIDADE DE TRABALLO	Individual e grupal	
OBXECTIVOS	CTO	Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.			
	CTE	Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.			
	PCO	Participar nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas e utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.			
	PCE	Empregar argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.			
	MEDIACIÓN	Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.			
COMPETENCIAS E CONTIDOS	SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS		ESTRATÉXICOS		FUNCIONAIS
	Marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros.		Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas. Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).		Actos de fala expresivos.
	DISCURSIVOS		SINTÁCTICOS	LÉXICOS	
	Clases gravadas. Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade.		Correlación temporal na construción de textos orais e escritos.	Traballo e actividades profesionais: tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais...	
	<b>FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS</b>				
Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas.					
TEMPORALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de avaliación da comprensión de textos orais e comprensión de textos escritos do nivel C1.</li> <li>• Expresión escrita.</li> <li>• Expresión oral.</li> <li>• Mediación a partir dunha fonte escrita.</li> <li>• Os cuantificadores.</li> <li>• O caso de "un".</li> <li>• Os adverbios.</li> <li>• O participio.</li> <li>• As oracións de participio.</li> <li>• As oracións pasivas.</li> <li>• As oracións impersonais.</li> <li>• Identificar e corrixir erros propios e alleos.</li> <li>• Adaptar o discurso ao destinatario.</li> </ul>				ACTIVIDADES
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE		Actividades complementarias con diferentes graos de dificultade.			



<b>AVANCIÓN</b>	<b>CTO</b>	Percibe as variedades fonético- fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.	Pode percibir as variedades fonético- fonolóxicas estándar propias da lingua e, en xeral, recoñece matices de significado.	<b>MÍNIMOS EXIBIBLES</b>
	<b>CTE</b>	Localiza a información ou segue o fio da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.	Pode localizar a información nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.	
	<b>PCO</b>	Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente. Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.	É quen de expresarse cun alto grao de corrección. Domina un repertorio léxico suficientemente amplo, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.	
	<b>PCE</b>	Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.	Pode utilizar as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.	
	<b>MEDIACIÓN</b>	Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.	Pode transmitir de xeito oral ou escrito os puntos destacados dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes.	

**UNIDADE DIDÁCTICA Nº6**

<b>NIVEL</b>	C1	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	5 sesións de 120 minutos
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Fotocopias, Internet, audios e vídeos	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>	Individual e grupal
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>CTO</b>	Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas.	
	<b>CTE</b>	Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.	
	<b>PCO</b>	Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.	
	<b>PCE</b>	Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional.	
	<b>MEDIACIÓN</b>	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.	



COMPETENCIAS	SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	ESTRATÉXICOS	FUNCIONAIS
	<p>Marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros.</p>	<p>Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...).</p> <p>Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).</p>	<p>Actos de fala asertivos.</p>



		DISCURSIVOS	SINTÁCTICOS	LÉXICOS		
		<p>Audiovisuais. Informativo. Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral.</p>	<p>Usos sintácticos complexos.</p>	<p>Información e medios de comunicación: prensa, radio e televisión, internet, publicidade e redes sociais... Relixión e filosofía: correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas...</p>		
<b>FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS</b>						
Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refrás, poemas...).						
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Actividades de avaliación da comprensión de textos orais e comprensión de textos escritos do nivel C1.</li> <li>● Expresión escrita.</li> <li>● Expresión oral.</li> <li>● Mediación a partir dunha fonte oral.</li> <li>● O xerundio.</li> <li>● O imperfecto de subxuntivo.</li> <li>● O antepretérito de indicativo.</li> <li>● O pospretérito.</li> <li>● O copretérito.</li> <li>● Os relativos.</li> <li>● Identificar e corrixir erros propios e alleos.</li> <li>● Adaptar o discurso ao destinatario.</li> </ul>					<b>ACTIVIDADES</b>
	<b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>		Actividades complementarias con diferentes graos de dificultade.			
<b>AVALIACIÓN</b>	<b>CTO</b>	Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.	É quen de comprender o que se pretende comunicar.		<b>MÍNIMOS EXIBIBLES</b>	
	<b>CTE</b>	Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.	É quen de recoñecer as expresións idiomáticas e coloquiais, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.			
	<b>PCO</b>	É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.	Pode manter unha conversa de xeito suficientemente adecuado, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.			
	<b>PCE</b>	Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.	Pode adaptar os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información.			

<b>MEDIACIÓN</b>	Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión e orientándoa cara á resolución da cuestión.	É quen de xestionar con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión e orientándoa cara á resolución da cuestión.
------------------	--	---

UNIDADE DIDÁCTICA Nº7				
NIVEL		C1	TEMPORALIZACIÓN	
			5 sesións de 120 minutos	
RECURSOS DIDÁCTICOS		Fotocopias, Internet, audiose vídeos	MODALIDADE DE TRABALLO	
			Individual e grupal	
<b>OB XE CTI VO S</b>	<b>CTO</b>	Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.		
	<b>CTE</b>	Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.		
	<b>PCO</b>	Relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico facendo un uso emocional ou humorístico do idioma.		
	<b>PCE</b>	Resaltar as ideas principais.		
	<b>MEDIACIÓN</b>	Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso.		
<b>CO MP ETE NCI AS E CO NTI DO S</b>	SOCIOCULTURAI E SOCIOLINGÜÍSTICOS		ESTRATÉXICOS	
	Marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros.		Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc. Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto apartir da comprensión de novos elementos do propiotexto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.	
	DISCURSIVOS		SINTÁCTICOS	LÉXICOS
	Representacións teatrais. Sondaxes e cuestionarios complexos. Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática .		Disposición dos constituíntes oracionais.	Bens e servizos: inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual... Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas...
<b>FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS</b>				
A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación.				



<b>TE MP OR ALI ZA CIÓ N</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de avaliación da comprensión de textos orais e comprensión de textos escritos do nivel C1.</li> <li>• Expresión escrita.</li> <li>• Expresión oral.</li> <li>• Mediación a partir dunha fonte escrita.</li> <li>• O rexistro.</li> <li>• Referencias ao futuro.</li> <li>• O futuro de subxuntivo.</li> <li>• As perífrases verbais.</li> <li>• O complemento directo.</li> <li>• Identificar e corrixir erros propios e alleos.</li> <li>• Adaptar o discurso ao destinatario.</li> </ul>		<b>AC TIVI DA DE S</b>	
	<b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>			
		Actividades complementarias con diferentes graos de dificultade.		
<b>AV ALI ACI ÓN</b>	<b>CTO</b>	Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.	Pode recoñecer a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.	<b>MÍN IMO S EXI B LE S</b>
	<b>CTE</b>	Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.	É capaz de comprender o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.	
	<b>PCO</b>	Expón preguntas para comprobar que comprende o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.	É quen de formular preguntas para comprobar que comprende o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.	
	<b>PCE</b>	Produce un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.	É capaz de producir un texto escrito coherente e cohesionado.	
	<b>MEDIACIÓN</b>	Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.	É capaz de adaptar os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información.	

<b>UNIDADE DIDÁCTICA Nº8</b>			
<b>NIVEL</b>	C1	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	5 sesións de 120 minutos
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Fotocopias, Internet, audios e vídeos	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>	Individual e grupal
<b>OBX ECT</b>	<b>CTO</b>	Comprender información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.	
	<b>CTE</b>	Comprender detalles sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia	



<b>IVOS</b>	<b>PCO</b>	especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles. Expressar as propias ideas e opinións con precisión.			
	<b>PCE</b>	Ampliar con subtemas.			
	<b>MEDIACIÓN</b>	Manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.			
<b>COMPETENCIAS ECONÓMICAS</b>	<b>SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS</b>		<b>ESTRATÉXICOS</b>		<b>FUNCIONAIS</b>
	Marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros.		Relacionar a información nova con coñecementos previos. Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.		Actos de fala directivos.
	<b>DISCURSIVOS</b>		<b>SINTÁCTICOS</b>	<b>LÉXICOS</b>	
	Reunións de traballo con vocabulario específico. Páxinas web gobernamentais. Textos extensos da súa Especialidade ou doutros ámbitos.		Posibilidades de alteración da orde.	Saúde, coidados físicos e atención sanitaria: estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios... Viaxes e estancias no estranxeiro: turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración e burocráticos durante estadias no estranxeiro...	
	<b>FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOGRAFÍAS</b>				
O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas.					
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Actividades de avaliación da comprensión de textos orais e comprensión de textos escritos do nivel C1.</li> <li>● Expresión escrita.</li> <li>● Expresión oral.</li> <li>● Mediación a partir dunha fonte oral.</li> <li>● As oracións comparativas.</li> <li>● Os verbos reflexivos.</li> <li>● Os verbos defectivos.</li> <li>● Referencias temporais.</li> <li>● Referencias espaciais.</li> <li>● As abreviaturas.</li> <li>● A correlación temporal.</li> <li>● Os tipos de oración.</li> <li>● Identificar e corrixir erros propios e alleos.</li> <li>● Adaptar o discurso ao destinatario.</li> </ul>				<b>ACTIVIDADES</b>
<b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>		Actividades complementarias con diferentes graos de dificultade.			
<b>AVALIACIÓN</b>	<b>CTO</b>	É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.	É quen de seguir un discurso extenso ben estruturado.	<b>MÍNIMOS</b>	

<b>N</b>	<b>CTE</b>	Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.	Pode comprender as intencións comunicativas expresadas mediante o uso de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.	<b>EXIXI BLES</b>
	<b>PCO</b>	Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.	É capaz de adaptar os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.	
	<b>PCE</b>	Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).	É capaz de facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións.	
	<b>MEDIACIÓN</b>	Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.	Pode producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado.	

<b>UNIDADE DIDÁCTICA Nº9</b>					
<b>NIVEL</b>		C1	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>		
			5 sesións de 120 minutos		
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>		Fotocopias, Internet, audios e vídeos	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>		
			Individual e grupal		
<b>OBX ECT IVO S</b>	<b>CTO</b>	Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado. Identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles. Presentar liñas argumentais de maneira convincente. Rematar cunha conclusión apropiada. Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizar unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.			
	<b>CTE</b>				
	<b>PCO</b>				
	<b>PCE</b>				
	<b>MEDIACIÓN</b>				
<b>CO MPE TEN CIA S E CON TID OS</b>	<b>SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS</b>		<b>ESTRATÉXICOS</b>		<b>FUNCIONAIS</b>
	Marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros.		Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas. Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.		Actos de fala fáticos e solidarios.
	<b>DISCURSIVOS</b>		<b>SINTÁCTICOS</b>		<b>LÉXICOS</b>
	Podcasts. Cancións. Textos que poidan amosar trazos non normativos.		Procedementos de organización estrutural: focalizacións, tematizacións, reformulacións...		Compras e actividades comerciais: actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento...



FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS				
As convencións de distribución e organización do texto.				
<b>TEM POR ALIZACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Actividades de avaliación da comprensión de textos orais e comprensión de textos escritos do nivel C1.</li> <li>● Expresión escrita.</li> <li>● Expresión oral.</li> <li>● Mediación a partir dunha fonte escrita.</li> <li>● Os conectores.</li> <li>● As interrogativas e exclamativas.</li> <li>● As oracións condicionais.</li> <li>● As expresións idiomáticas.</li> <li>● A orde dos elementos da oración.</li> <li>● Identificar e corrixir erros propios e alleos.</li> <li>● Adaptar o discurso ao destinatario.</li> </ul>			<b>ACTIVIDADES</b>
<b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>		Actividades complementarias con diferentes graos de dificultade.		
<b>AVALIACIÓN</b>	<b>CTO</b>	Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.	É quen de recoñecer, en xeral, expresións idiomáticas e coloquiais.	<b>MÍNIMOS EXIBIBLES</b>
	<b>CTE</b>	Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.	É capaz de comprender o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.	
	<b>PCO</b>	Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte.	Pode producir un texto oral coherente e cohesionado.	
	<b>PCE</b>	Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.	Pode transmitir de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes.	
	<b>MEDIACIÓN</b>	Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.	Pode transmitir de xeito oral ou escrito os puntos destacados dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes.	





UNIDADE DIDÁCTICA Nº10			
NIVEL		C1	TEMPORALIZACIÓN
			5 sesións de 120 minutos
RECURSOS DIDÁCTICOS		Fotocopias, Internet, audios e vídeos	MODALIDADE DE TRABAJO
			Individual e grupal
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>CTO</b>	<p>Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, adaptar o formato e contido maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.</p> <p>Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.</p> <p>Responder con eficacia.</p> <p>Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional. en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.</p>	
	<b>CTE</b>		
	<b>PCO</b>		
	<b>PCE</b>		
	<b>MEDIACIÓN</b>		
<b>COMPETENCIAS</b>	<b>SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS</b>		<b>ESTRATÉXICOS</b>
	<p>Marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros.</p>		<p>Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.</p> <p>Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.</p>
	<b>DISCURSIVOS</b>		<b>LÉXICOS</b>
	<p>Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas... Textos ensaísticos.</p>	<p>Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos.</p>	<p>Vivenda, fogar e contorna: tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica... Xeografía, natureza e medio rural: accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...</p>
	<b>FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS</b>		
	As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común.		
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Actividades de avaliación da comprensión de textos orais e comprensión de textos escritos do nivel C1.</li> <li>● Expresión escrita.</li> <li>● Expresión oral.</li> <li>● Mediación oral/escrita.</li> <li>● O artigo cos topónimos.</li> <li>● Os conectores.</li> <li>● A quenda de palabra.</li> <li>● O rexistro.</li> <li>● A concordancia.</li> <li>● O fío discursivo.</li> <li>● Repaso gramatical.</li> <li>● Identificar e corrixir erros propios e alleos.</li> <li>● Adaptar o discurso ao destinatario.</li> </ul>		<b>ACTIVIDADES</b>

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE		Actividades complementarias con diferentes graos de dificultade.		MÍN IMO S EXI B LE S
AVA LIA CIÓN N	CTO	Percibe as variedades fonético- fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.	Pode percibir as variedades fonético- fonolóxicas estándar propias da lingua e, en xeral, recoñece matices de significado.	
	CTE	Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.	É quen de localizar detalles relevantes en textos complexos.	
	PCO	Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias. Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.	É quen de transmitir de xeito oral e con claridade os puntos destacados dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias. É quen de variar a entoación e colocar a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado.	
	PCE	Redacta un texto e adáptao á situación requirida.	É capaz de redactar un texto e adáptao á situación requirida.	
	MEDIACIÓN	Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.	É quen de xestionar con flexibilidade a interacción entre as partes, axudando a expresar as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.	

## 5. DESCRICIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN

A avaliación está regulada pola Instrucción 8/2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2023/24

Corresponde á Xefatura de departamento garantir a adecuación das probas e da súa avaliación aos estándares establecidos.

A avaliación estará centrada nas actividades de lingua (mediación, comprensión lectora, comprensión oral, expresión e interacción escrita e expresión e interacción oral), polo que as probas serán elaboradas para verificar o grao de dominio en cada unha delas. A consecución dos obxectivos de cada curso conducirá á obtención da certificación que corresponda en caso do segundo curso de cada ciclo ou á promoción ao curso seguinte no caso dos primeiros cursos de nivel.

### 5.2. Procedementos de avaliación

A avaliación estará centrada nas seguintes cinco actividades de lingua: mediación, comprensión lectora, comprensión oral, expresión e interacción escrita e expresión e interacción oral. A consecución do grao de dominio das diferentes actividades de lingua realizarase mediante as probas que se establecen a continuación:



- Ao inicio de cada curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial ou de diagnóstico do alumnado. Terá carácter informativo para o alumnado e orientador para o profesorado, quen establecerá as medidas pedagóxicas adecuadas.
- A avaliación de progreso: o profesorado levará a cabo unha avaliación de progreso mediante a realización dunha proba para cada actividade de lingua coa mesma estrutura e duración que as probas de certificación. Para a cualificación empregaranse as rúbricas que se inclúen nas Guías de Administración das Probas de Certificación. A cualificación será unha nota numérica que se lle comunicará ao alumnado na aula e en CentrosNet. Esta avaliación terá carácter informativo.
- A proba final de certificación realizarase no mes de xuño. Esta proba será convocada seguindo as directrices da administración.  
Coa finalidade de asegurar a fiabilidade, a equidade e a transparencia do proceso de avaliación e cualificación das probas, esta desenvolverase de acordo coas directrices que establece a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa na Guía de avaliación e cualificación das probas de certificación. A cualificación outorgada ao alumnado será de "Apto", "Non apto" ou "Non presentado", segundo corresponda. A puntuación das actividades de lingua superadas na convocatoria ordinaria manterase para a convocatoria extraordinaria, deste xeito, o alumnado do réxime oficial que se presente á convocatoria extraordinaria só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. O alumnado que non obteña a cualificación global de "Apto" na convocatoria extraordinaria deberá realizar a proba completa en sucesivas convocatorias.  
No nivel básico A2, a proba estará distribuída en 4 actividades de lingua (comprensión de textos orais; comprensión de textos escritos; produción, coprodución e mediación escrita; produción, coprodución e mediación oral) e a puntuación total da proba será de 100 puntos. Así, a cualificación será "Apto" cando se obteñan 15 puntos de 25 (o 60%) en cada unha das actividades de lingua; é necesario aprobar todas e cada unha das actividades de lingua para superar a proba de certificación.  
Para os niveis intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1, a puntuación total da proba de certificación será de 125 puntos e artéllase en 5 actividades de lingua; polo que cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, asemade, obter unha puntuación mínima dun 65% da puntuación total da proba.
- A proba extraordinaria que se realizará no mes de xuño é para o alumnado oficial "Non apto" na convocatoria de xuño, que terá a posibilidade de recuperar as actividades suspensas. Os alumnos non aptos do nivel A2 deberán examinarse de todas as partes nas que obtivesen menos de 15 puntos.  
O alumnado dos niveis B1, B2 e C1 que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65% (16,25 puntos). Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

## 5.2. Baremo e cualificación das probas

A puntuación total da proba terminal de certificación será de 100 puntos no nivel A2 e 125 puntos nos restantes niveis. Cada unha das partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos.

Para obter a cualificación de "Apto" o alumnado terá que acadar, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua no nivel A2; mentres que nos outros niveis a puntuación mínima será 12,5 puntos e, ao mesmo tempo, unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba (81,25).

A cualificación final outorgada ao alumnado será de "non apto" ou "apto":



- A cualificación de “apto” na proba terminal de certificación permite o acceso ao nivel seguinte.
- De obter a cualificación de “non apto” o alumnado oficial deberá repetir curso e superar todas as actividades de lingua. Este alumnado poderá solicitar unha certificación académica de ter alcanzado o dominio requirido nalgunha das actividades avaliadas.

A permanencia en cada nivel das ensinanzas de idiomas na modalidade presencial será, como máximo, do dobre da duración establecida na normativa vixente para cada nivel dos diferentes idiomas. Logo de esgotadas as convocatorias, o alumnado non poderá cursar as ensinanzas en réxime presencial, mais poderá inscribirse para realizar as probas terminais específicas de certificación como alumno libre.

- Para avaliar a Expresión Oral utilizaranse as táboas de avaliación, as cales poden ser modificadas pola administración. Segundo estas táboas nos niveis intermedio e avanzado cando dous dos cinco criterios de avaliación que figuran nesta táboa estean cualificados nas bandas de “non apto” (D ou E) non se sumará a puntuación obtida e cualificarase a tarefa con 0 puntos. Segundo estas táboas de baremación, a proba de expresión oral cualificarase atendendo aos criterios de:
  - ✓ ADECUACIÓN: o cumprimento da tarefa, é dicir, desenvolvemento de todos os puntos citados nela; relevancia do contido; capacidade de colaborar e interactuar na fase de diálogo; uso dun rexistro axeitado ao contexto comunicativo.
  - ✓ COHERENCIA E COHESIÓN: a organización da información e das ideas de maneira lóxica de modo que o discurso sexa facilmente comprensible; a disposición e a unión de oracións en parágrafos (uso de conectores, pronomes, adverbios e demais mecanismos de referencialidade).
  - ✓ CORRECCIÓN: grao de corrección gramatical e léxica.
  - ✓ FLUIDEZ, PRONUNCIA E ENTOACIÓN: capacidade de desenvolverse cun ritmo bastante regular; grao de corrección e naturalidade da pronuncia e da entoación.
  - ✓ RIQUEZA: variedade e precisión do léxico e estruturas utilizadas.
- Para avaliar a Expresión Escrita utilizaranse as táboas de avaliación, as cales poden ser modificadas pola administración. Segundo estas táboas nos niveis intermedio e avanzado cando dous dos cinco criterios de avaliación que figuran nesta táboa estean cualificados nas bandas de “non apto” (D ou E) non se sumará a puntuación obtida e cualificarase a tarefa con 0 puntos. Segundo estas táboas de baremación, a proba de expresión escrita cualificarase atendendo aos criterios de:
  - ✓ ADECUACIÓN: cumprimento da tarefa, é dicir, desenvolvemento dos puntos detallados nela, así como da extensión requirida; axuste ao formato e tipo de texto requirido (carta, nota informal, narración etc.); adecuación do rexistro en función do destinatario, propósito e situación; adecuación do contido ao tema proposto. Cualificaranse con 0 puntos:
    - As tarefas que non se axustaren aos mínimos e máximos de palabras.
    - As tarefas escritas integramente con maiúsculas.
    - As tarefas escritas con lapis ou emendadas con líquidos ou cintas correctoras.
  - ✓ COHERENCIA E COHESIÓN: organización da información e das ideas e mantemento da liña discursiva; disposición e unión de oracións e parágrafos (uso de conectores, pronomes, adverbios e demais mecanismos de referencialidade); uso adecuado da puntuación.
  - ✓ CORRECCIÓN: correcto uso gramatical, léxico e ortográfico.
  - ✓ RIQUEZA: variedade e precisión do léxico e estruturas utilizadas.

### 5.3. Estrutura e contido das probas

Avaliaranse en todas as probas cinco actividades de lingua:

- As partes correspondentes á comprensión de lectura e á comprensión oral basearase, na medida do posible, en textos de linguaxe real extraídos das diferentes fontes de comunicación oral ou escrita. As probas avaliarán tanto a comprensión global como a comprensión de aspectos máis particulares de cada un dos textos.
- A proba de expresión escrita comprenderá dúas tarefas de extensión limitada e diferente tipoloxía: coprodución (carta, mensaxes electrónica...) e produción libre (artigo, intervención nun foro...).
- A proba de expresión oral comprenderá dúas tarefas: monólogo e diálogo.



- A proba de mediación, oral e escrita, consistirá en seleccionar e transmitir a información máis relevante a partir dun texto fonte para cumprir o propósito comunicativo da tarefa.

Para as probas finais de certificación serán avaliábeis a totalidade dos contidos incluídos nesta programación para cada un dos niveis (A2, B1, B2 e C1).

#### 5.4. Administración das probas

O departamento seguirá as directrices da Consellaría no que se refire á convocatoria e administración destas probas.

- A parte de expresión oral será gravada e realizarase nun sesión independente e na data fixada pola escola, a cal se anunciará coa suficiente antelación.
- As probas escritas terán lugar nunha única sesión.

#### 5.5. Reclamacións

O Departamento de Galego fará públicos os resultados das probas de certificación para o alumnado de todos os réximes e modalidades a través da aplicación Centrosnet.

O alumnado que estea en desacordo coa súa cualificación final das probas de certificación poderá presentar unha reclamación perante a dirección da EOI de Lugo no prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación dos resultados.

A reclamación terá que estar baseada nalgún dos aspectos seguintes:

- Inadecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación da proba aos establecidos no currículo oficial e na programación didáctica do Departamento de Galego.
- Incorrecta aplicación dos procedementos e instrumentos de avaliación e/ou criterio de cualificación establecidos para estas probas.

A dirección da EOI de Lugo resolverá nos dous días hábiles seguintes á presentación da reclamación ratificando ou rectificando a cualificación. Para isto, solicitará ao Departamento o informe, dando conta por escrito ao alumnado implicado da resolución adoptada.

De continuar o desacordo coa cualificación, o alumnado ou o seu representante legal poderán interpor recurso de alzada perante a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contra a resolución da dirección da EOI de Lugo. A Delegación Provincial resolverá no prazo dun mes a partir da presentación do recurso perante a dirección da EOI de Lugo, poñendo esta resolución fin á vía administrativa.

#### 6. PROBA DE CLASIFICACIÓN E PROBA DE REASIGNACIÓN DE NIVEL

A proba de clasificación é unha proba de nivel optativa que se realiza no mes de xuño. Está dirixida ao alumnado que desexe acceder a un nivel diferente do de primeiro de básico e non posúan ou non queiran utilizar un acceso directo a outro curso. Consta dunha proba escrita e unha oral e inclúe exercicios de cada unha das cinco actividades de lingua (Mediación, Comprensión Escrita, Comprensión Oral, Expresión Escrita, Expresión Oral), podendo reducirse esta proba á avaliación da Expresión Escrita e da Expresión Oral.



A proba de reasignación realízase ao comezo do curso por proposta xustificada da profesora do grupo e será ratificada polo departamento. O/A alumno/a deberá aceptala asinando o documento da proposta. Esta circunstancia non terá efectos académicos e farase constar no expediente do/a alumno/a.

## 7. CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA EN LIÑA

### 7.1. Curso de nivel medio (CMLA)

#### 7.1.1. Introducción

Os cursos de especialización teñen como finalidade darlles formación específica aos traballadores e traballadoras das distintas administracións públicas na súa lingua de especialidade. A normativa principal que regula o CMLA é:

- Resolución do 13 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan, con carácter gratuíto, cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, que se realizarán en distintos períodos e en varias escolas oficiais de idiomas de Galicia. (DOG núm. 118 do 22.06.2023).
- Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 13 xuño de 2011, pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas (DOG núm. 121 do 24.06.2011).

#### 7.1.2. Obxectivos xerais

- Aumentar a presenza do galego nas administracións públicas, tanto nas relacións internas coma nas relacións coa cidadanía.
- Asegurarse da galeguización dos documentos, tanto nas relacións interadministrativas coma cos administrados.
- Optimizar os recursos para contribuír á normalización lingüística.
- Actualizar e formar o persoal para que incremente a competencia técnica nesta lingua.
- Desbotar os prexuízos que o persoal da Administración amose cara á lingua galega.
- Tentar que na formación do persoal ao servizo da Administración se conxugue a calidade, a estandarización e a funcionalidade.
- Achegarlles a lingua aos distintos sectores da Administración e asentar a variedade estándar dalingua.
- Dar a coñecer os recursos materiais e en formato electrónico que existen na lingua galega para que sexan utilizados polo persoal da Administración.
- Capacitar o persoal para usar na actividade profesional, tanto no plano oral coma no escrito, esta lingua con fluidez e corrección.
- Orientar o persoal para que busque asesoramento e resolva as dúbidas que lle xurdan no desenvolvemento do traballo.

#### 7.1.3. Obxectivos específicos

- Reflexione sobre o uso do galego no seu ámbito laboral e aplique as técnicas de elaboración do discurso oral en distintas situacións profesionais.
- Redacte con corrección e adecuación ás normas lingüísticas xerais e ás convencións específicas do tecnolecto administrativo.
- Coñeza e empregue con precisión o léxico básico da linguaxe administrativa e doutros ámbitos directa e indirectamente relacionados coa Administración.
- Aplique con rigor as convencións e as regras de estilo aos documentos programados no curso.
- Reflexione sobre a situación sociolingüística do galego.
- Coñeza os trazos históricos da linguaxe administrativa galega e a lexislación básica sobre o uso do galego.
- Adquiera as destrezas necesarias para elaborar con eficacia os documentos propios do seu ámbito profesional.
- Coñeza e manexe os recursos de apoio á aprendizaxe analizados no curso.

#### 7.1.4. Metodoloxía

A metodoloxía do CMLA combina contidos teóricos e actividades prácticas. A teoría do curso aparece distribuída polos módulos da aula virtual a modo de explicacións que deberán ser lidas e asimiladas por parte do alumnado. A parte práctica está composta por dous tipos de actividades: *prácticas* e *tarefas*. As prácticas son exercicios de autorresolución asociados aos contidos dos bloques de gramática, redacción e estilo e léxico. As tarefas son actividades de avaliación propostas polas titorías para traballar os contidos dos bloques de oralidade, contorna e documentación. Ambos os dous tipos de actividades teñen carácter obrigatorio e a súa realización é imprescindible para obter o dereito a participar no exame final.

#### 7.1.5. Estrutura e contido

O curso estrutúrase en 12 módulos didácticos. Cada módulo divídese á vez en bloques temáticos de contidos: oralidade<sup>1</sup>, gramática<sup>2</sup>, redacción e estilo<sup>3</sup>, léxico, contorno e documentación.

#### 7.1.6. Contido teórico

Por unha banda, o “Módulo” é a unidade didáctica que está composta por distintos bloques de contidos. Neste curso hai 12 módulos didácticos e mais un “módulo 0” que contén información xeral e básica. Por outra banda, o “Bloque” é a unidade temática que agrupa contidos comúns. Neste curso hai 6 bloques: oralidade, gramática, redacción e estilo, léxico, contorno, documentación. Finalmente, o “Contido” é a unidade específica de teoría que se trata en cada bloque.

MÓDULO	BLOQUE	CONTIDO
1	Oralidade	Análise da comunicación oral
		A elaboración do discurso oral
		A relación coa cidadanía
	Léxico	Caracterización léxica da linguaxe administrativa
	Contorno	Historia: O galego emerge, tamén na Administración Lexislación: Constitución española
2	Documentación	A carta
	Gramática	A estrutura substantivo + a + infinitivo
	Redacción e estilo	Os signos de puntuación
	Léxico	Elaboración do léxico administrativo
	Contorno	Historia: O recoñecemento da xustiza Lexislación: Estatuto de autonomía de Galicia
3	Documentación	A circular
	Gramática	O pronome pleonástico de CI
	Redacción e estilo	Os recursos tipográficos
	Léxico	Interferencias e calcos doutras linguas
	Contorno	Historia: O galego entra na Corte de Castela Lexislación: Lei de normalización lingüística I
4	Documentación	O fax
	Gramática	O adxectivo identificador <i>mesmo/a</i>
	Redacción e estilo	As maiúsculas e as minúsculas
	Léxico	Vacilacións frecuentes ( <i>aborar, *adeudar, *adxuntar, *aforo, aleivosía</i> )
	Contorno	Historia: A consideración de lingua de prestixio Lexislación: Lei de normalización lingüística II
5	Documentación	O correo electrónico
	Gramática	O adxectivo determinado <i>dito/a</i>
	Redacción e estilo	O tratamento persoal





	Léxico	Vacilacións frecuentes ( <i>*aluguer, aportar, *apremio, asemblea,celebrar</i> )
	Contorno	Historia: A consciencia dun idioma de seu
		Lexislación: Decreto que regula as competencias da Secretaría Xeral de Política Lingüística
Documentación	O oficio externo	
		O oficio interno
6	Gramática	O adxectivo identificador <i>presente</i>
	Redacción e estilo	A concordancia
		A ordenación sintáctica
	Léxico	Vacilacións frecuentes ( <i>cesar, suborno, contemplar, custo, contía, cumprimentar</i> )
	Contorno	Sociolingüística: Lingua habitual en Galicia
Lexislación: Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común		
Documentación	A citación	
7	Gramática	A colocación do adxectivo
	Redacción e estilo	Indicacións de lugar
	Léxico	Vacilacións frecuentes ( <i>cota, comisar, derrogar, desafiuizar, desenrolar, *desglosar</i> )
	Contorno	Sociolingüística: Usos lingüísticos da cidadanía coa Administración
		Lexislación: Decreto polo que se regulan as funcións e a composición da Comisión de Toponimia
Documentación	O anuncio	
8	Gramática	A construción <i>previo/a + substantivo</i>
	Redacción e estilo	Indicacións de tempo
	Léxico	Vacilacións frecuentes ( <i>devengar, dieta, *disfrutar, emprazar, allear</i> )
	Contorno	Sociolingüística: Actitudes cidadás e comportamento lingüístico da Administración
		Lexislación: Lei orgánica reguladora do dereito de petición
Documentación	O aviso	
9	Gramática	O artigo
	Redacción e estilo	As indicacións de cantidade
	Léxico	Vacilacións frecuentes ( <i>*encauzar, emendar, *entablar, *entorno,axuizar, financiamento</i> )
	Contorno	Sociolingüística: Comunicacións externas da Xunta de Galicia
		Lexislación: Lei de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos
Documentación	O requirimento	
10	Gramática	O indefinido na dobre negación
	Redacción e estilo	As abreviacións
	Léxico	Vacilacións frecuentes ( <i>*finca, xuro, interesar, investir, ostentar, *personarse</i> )
	Contorno	Sociolingüística: Comunicacións internas da Xunta de Galicia
		Lexislación: Lei de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega
Documentación	O certificado	
11	Gramática	O uso dos pronomes de acusativo e de dativo cos verbos da Administración
	Redacción e estilo	O circunloquio
		A nominalización



	Léxico	Vacilacións frecuentes ( <i>prexuízo, *plantexar, *plantilla, *ponencia, ratear, *recabar</i> )
	Contorno	Sociolingüística: Opinións e actitudes lingüísticas do persoal da Xunta de Galicia
		Lexislación: Carta xeral de servizos da Xunta de Galicia
	Documentación	A dilixencia
12	Gramática	Construcións verbais
	Redacción e estilo	Os adverbios en <i>-mente</i>
		Denominacións procedentes doutras linguas
	Léxico	Vacilacións frecuentes ( <i>*recargo, poxa, *suministro, *subsanan, suxestión, taxa</i> )
	Contorno	Sociolingüística: Os desequilibrios territoriais
		Lexislación: Estatuto de autonomía de Castela e León
Documentación	O saúdo	
	A invitación	

### 7.1.7. Contido práctico

Por unha banda, a “Práctica” é un exercicio de autorresolución. Localízanse ao final de cada módulo e tratan os contidos vistos nos bloques de oralidade, gramática, redacción e estilo, léxico e contorno sociolingüístico. Estes exercicios están configurados como un cuestionario en que é preciso acertar o 50 % das cuestións para o superar.

Por outra banda, a “Tarefa” é a actividade que será corrixida e avaliada pola titoría. As tarefas tratarán o traballo con documentos, con contidos sociolingüísticos (a través dos foros) e coa oralidade. Disporanse temporalmente e o alumando terá un prazo obrigatorio para presentalas. Cómpre que o alumnado lle preste atención ás novidades e ás tarefas que o titor ou titora lle vaia indicando, así como aos prazos que se marquen para o seu desenvolvemento.

ACTIVIDADE	TIPO	BLOQUE	CANTIDADE
Prácticas	Cuestionarios de autorresolución	Oralidade	12 (unha por módulo)
		Gramática	
		Redacción e estilo	
		Léxico	
		Contorno	
Tareas	Avaliables pola titoría	Oralidade	8 (con prazos específicos)
		Documentación	
		Contorno (foro)	

### 7.1.8. Recursos

A aula virtual dispón dunha sección de recursos na que o alumnado terá á súa disposición diferentes ferramentas lingüísticas, así como outro material que lle poida ser de utilidade para o desenvolvemento do curso.

- Glosario: compilación de termos específicos da linguaxe administrativa e xurídica. Presenta equivalencias entre os idiomas galego e castelán.
- Consulta xeral: materiais básicos de consulta e de uso común durante o desenvolvemento do curso.
- Vocabulario: compilación de terminoloxías sectoriais de acceso libre na Rede.
- Linguaxe: compilación de manuais de estilo e redacción relacionados coa linguaxe administrativa e xurídica de acceso libre na Rede.
- Apéndices: materiais anexos doutras obras maiores e que recollen listas ou compilacións específicas dalgún contido traballado no curso.

- Lexislación: mostra sitios web dende os que se pode acceder á lexislación de interese para o curso.
- Videoteca: compilación de vídeos relacionados coa materia do curso.
- Hemeroteca: compilación de artigos xornalísticos e de investigación relacionados coa materia do curso.

#### **7.1.9. Temporalización**

O desenvolvemento do curso CMLA na modalidade de teleformación ten unha duración estimada de 75 horas, equivalentes ás 75 horas de formación da modalidade presencial.

Os cursos en liña do primeiro cuadrimestre comezarán o 2 de outubro de 2023 e rematarán o 3 de decembro de 2023 e os do segundo cuadrimestre desenvolveranse entre o 19 de febreiro de 2024 e o 28 de abril de 2024. Durante ese tempo, o alumnado tratará na aula virtual os contidos e as actividades propostas para este o curso. Unha vez rematado o período lectivo, o alumnado con dereito a exame realizará a proba escrita o día 5 de decembro de 2023 ás 10.00 horas (1º cuadrimestre) e o 30 de abril de 2024, ás 10.00 h (2º cuadrimestre).

As datas da proba oral serán fixadas pola EOI de Lugo e informarase o alumnado cunha antelación mínima dunha semana con respecto ao día da súa realización. Estas datas faranse públicas na aula virtual.

Para adquirir o dereito ao diploma é necesario superar o conxunto das partes, actividades obrigatorias e probas finais, segundo o sistema de avaliación establecido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, e cumprir os demais requisitos sinalados con anterioridade.

Unha vez rematado o proceso de avaliación, o alumnado poderá consultar a súa cualificación na aplicación. Ao alumnado que acade a cualificación de “Apto/a” expediráselle o correspondente certificado asinado pola persoa responsable da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

#### **7.1.10. Avaliación**

A avaliación do CMLA realizarase a partir das cualificacións acadadas:

- No traballo da plataforma (< 30 %).
- No exame final (< 70 %), que constará de dúas probas: escrita (< 50 %) e oral (< 20 %).

Para superar o curso é preciso superar ambas as partes e acadar, cando menos, unha valoración do 60 %.

A avaliación da plataforma será realizada pola titoría a partir das 8 tarefas obrigatorias. Cada tarefa cualificada como “apta” sumará un 3% ou 4% (dependendo do tipo de tarefa) ata o valor máximo que corresponde a esta parte (30 %).

Para ter dereito a participar no exame final (probas oral e escrita), será requisito imprescindible presentar axeitadamente todas as prácticas (12) e mais todas as tarefas (8) obrigatorias dentro dos prazos establecidos na plataforma. Unha vez rematado e avaliado o traballo na plataforma, publicarase unha listaxe coas persoas que terán dereito ao exame final.

As probas que se desenvolvan por quendas de chamamento seguirán a orde de apelido A-Z (se o curso se desenvolve en ano par) e a inversa, Z-A (en ano impar). Esta proba final realizarase de xeito presencial, sempre que as circunstancias o permitan.

#### **7.1.11. Desenvolvemento**

##### **7.1.11.1. Inicio do curso**

Antes de comezar a formación, o alumno ou alumna deberá revisar con atención a *Guía didáctica do alumnado* e a *Guía de uso do CMLA* que lle serán remitidas pola súa titoría no primeiro día de curso.

##### **7.1.11.2. Seguimento**

Co obxectivo de rematar o curso correctamente nos prazos fixados, a titoría do CMLA en liña deberá facer un



seguimento dos módulos didácticos e das tarefas encomendadas de acordo coa planificación indicada nos cronogramas do curso que se poderán consultar na aula virtual. De ser preciso, comunicarlle ao alumnado a necesidade de incrementar o ritmo de traballo.

De xeito periódico, realizarase un seguimento do avance do traballo por parte do alumnado. Este seguimento estará centrado principalmente na supervisión das prácticas e das tarefas do curso e será levado a cabo polas titorías.

#### **7.1.11.3. Prazos para presentar e avaliar as tarefas**

O alumnado deberá presentar as tarefas obrigatorias na plataforma dentro dos prazos establecidos. Deberá seguir as indicacións descritas nos enunciados de cada tarefa e as específicas enviadas polas titorías nas mensaxes de inicio de tarefa. Unha vez que finalice o prazo, a aplicación non permitirá o envío de novas tarefas.

Durante a vixencia do prazo, o alumnado poderá modificar a tarefa as veces que considere antes de entregala de forma definitiva. Unha vez cargado un arquivo na aula, poderá “gardar” unha versión preliminar que poderá volver modificar antes de premer na opción de “entregar tarefa”. Unha vez que a tarefa sexa entregada, non se poderá volver modificar. Os arquivos cargados na aplicación serán substituídos de xeito automático polos novos. Unha vez rematado o prazo de presentación, a titoría corraxirá e avaliará cada tarefa nun prazo máximo de 72 horas. Tras ser cualificada a tarefa, o alumno ou alumna recibirá unha alerta a través da mensaxaría da aula para poder consultar a súa avaliación.

As tarefas cualificadas como non aptas non carrexan a perda do dereito a participar no exame final. Estas tarefas tampouco comportan puntuación negativa, unicamente non suman a valoración que lles corresponda. No caso de non presentar unha (ou máis) das tarefas obrigatorias, o alumno ou alumna perderá o dereito a participar no exame final. A perda do dereito a exame por esta causa non supón de seu a baixa do curso e poderá seguir participando nel con normalidade ata a fin do período lectivo.

#### **7.1.11.4. Incidencias técnicas**

Se o alumnado tiver algún tipo de incidencia de carácter técnico, que non fose capaz de resolver mediante a información incluída na *Guía de uso do CMLA*, deberá poñerse en contacto coa titoría utilizando os seguintes medios:

- Foro de xestión técnica do CMLA.
- A través da mensaxaría interna da plataforma.

## **8.2. Curso de nivel superior (CSLA)**

### **8.2.1. Introducción**

Os cursos de especialización teñen como finalidade darlles formación específica aos traballadores e traballadoras das distintas administracións públicas na súa lingua de especialidade.

A normativa principal que regula o CSLA é:

- Resolución do 13 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan, con carácter gratuíto, cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, que se realizarán en distintos períodos e en varias escolas oficiais de idiomas de Galicia. (DOG núm. 118 do 22.06.2023).
- Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 13 xuño de 2011, pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas (DOG núm. 121 do 24.06.2011).

### **8.2.2. Obxectivos xerais**

- Aumentar a presenza do galego nas administracións públicas, tanto nas relacións internas como nas relacións coa cidadanía.
- Asegurarse da galeguización dos documentos, tanto nas relacións interadministrativas como cos administrados.
- Optimizar os recursos para contribuír á normalización lingüística.
- Actualizar e formar o persoal para que incremente a competencia técnica nesta lingua.
- Desbotar os prexuízos que o persoal da Administración amose cara á lingua galega.
- Tentar que na formación do persoal ao servizo da Administración se conxugue a calidade, a estandarización e a funcionalidade.
- Achegarlles a lingua aos distintos sectores da Administración e asentar a variedade estándar dalingua.



- Dar a coñecer os recursos materiais e en formato electrónico que existen na lingua galega para que sexan utilizados polo persoal da Administración.
- Capacitar o persoal para usar na actividade profesional, tanto no plano oral como no escrito, estalingua con fluidez e corrección.
- Orientar o persoal para que busque asesoramento e resolva as dúbidas que lle xurdan nodesenvolvemento do traballo.

### 8.2.3.0 Obxectivos específicos

- Reflexione sobre o uso do galego no seu ámbito laboral e aplique as técnicas de elaboración do discurso oral en distintas situacións profesionais.
- Redacte con corrección e adecuación ás normas lingüísticas xerais e ás convencións específicas do tecnolecto administrativo.
- Coñeza e empregue con precisión o léxico e a fraseoloxía específicos da linguaxe administrativa e doutros ámbitos directa e indirectamente relacionados coa Administración.
- Aplique con rigor as convencións e as regras de estilo nos documentos programados no curso.
- Reflexione sobre a situación sociolingüística do galego desde a óptica da situación plurilingüe estendida polo mundo.
- Coñeza as experiencias renovadoras da linguaxe administrativa moderna e as disposicións lingüísticas de carácter internacional.
- Adquiera as destrezas necesarias para elaborar con eficacia os documentos propios do seu ámbito profesional.
- Coñeza e manexe axeitadamente os recursos de apoio á aprendizaxe ofrecidos no curso.

### 8.2.4. Metodoloxía

A metodoloxía do CSLA combina contidos teóricos e prácticos. A teoría do curso aparece distribuída polos módulos da aula virtual a modo de explicacións que deberán ser lidas e asimiladas por parte do alumnado. A parte práctica está composta por dous tipos de actividades: «prácticas» e «tarefas». As prácticas son exercicios de autorresolución asociados aos contidos dos bloques de oralidade, gramática, redacción e estilo, léxico e contorno sociolingüístico. As tarefas son actividades de avaliación propostas polas titorías para traballar especificamente os contidos dos bloques de oralidade, contorno e documentación. Ambos os dous tipos de actividades teñen carácter obrigatorio e a súa realización é imprescindible para obter o dereito a participar no exame final.

### 8.2.5. Estrutura e contido

O curso estrutúrase en 10 módulos didácticos. Cada módulo divídese á vez en bloques temáticos de contidos: oralidade<sup>1</sup>, gramática<sup>2</sup>, redacción e estilo<sup>3</sup>, léxico, contorno e documentación.

### 8.2.6. Contido teórico

Por unha banda, o “Módulo” é a unidade didáctica que está composta por distintos bloques de contidos. Neste curso hai 10 módulos didácticos. Por outra banda, o “Bloque” é a unidade temática que agrupa contidos comúns. Neste curso hai 6 bloques: oralidade, gramática, redacción e estilo, léxico, contorno, documentación. Finalmente, o “Contido” é a unidade específica de teoría que se trata en cada bloque.

MÓDULO	BLOQUE	CONTIDO
1	Oralidade	A elaboración do discurso oral no ámbito profesional
		Tipoloxía do discurso oral no ámbito profesional
	Léxico	A escolla das palabras
		Historia: A reincorporación aos usos formais



		Lexislación: Disposicións básicas sobre os dereitos universais
2	Gramática	O infinitivo sen réxime
	Redacción e estilo	A composición da páxina
	Léxico	Tecnicismos e latinismos
	Contorno	Historia: 1936. O que puido ser e non foi Lexislación: A Declaración universal dos dereitos lingüísticos(I)
	Documentación	A convocatoria
3	Gramática	O complemento directo sen preposición <i>a</i>
	Redacción e estilo	A organización do contido
	Léxico	Ampliación de léxico e estranxeirismos
	Contorno	Historia: 1978. Un status xurídico favorecedor Lexislación: A Declaración universal dos dereitos lingüísticos(II)
	Documentación	A acta
4	Gramática	A pasiva reflexa con <i>se</i>
	Redacción e estilo	A racionalización gráfica, a numeración e os anexos
	Léxico	Vulgarismos
	Contorno	Historia: A capacitación do persoal das administracións Lexislación: A Carta europea das linguas rexionais ominoritarias (I)
	Documentación	A memoria
5	Gramática	O xerundio de posterioridade
	Redacción e estilo	Os marcadores textuais
	Léxico	Eufemismos
	Contorno	Historia: O influxo modernizador da linguaxe administrativa Lexislación: A Carta europea das linguas rexionais ominoritarias (II)
	Documentación	O informe
6	Gramática	O xerundio especificativo
	Redacción e estilo	A redundancia: formas baleiras, concorrencias e formulismos
	Léxico	Locucións e fraseoloxía administrativa (I)
	Contorno	Sociolingüística: O galego e as linguas
7	Documentación	A resolución
	Gramática	O xerundio: usos correctos
	Redacción e estilo	Focaxe, digresións, escuridade e lonxitude
	Léxico	Locucións e fraseoloxía administrativa (II)
8	Contorno	Sociolingüística: O galego na Administración europea
	Documentación	A notificación
	Gramática	Os réximes preposicionais
	Redacción e estilo	A linguaxe igualitaria
9	Léxico	Locucións e fraseoloxía administrativa (III)
	Contorno	Sociolingüística: O ecolingüismo ou o respecto pola diversidade lingüística
	Documentación	A publicación
	Gramática	O infinitivo conxugado
10	Redacción e estilo	A progresión temática
	Léxico	Terminoloxía e fontes terminográficas (I)
	Contorno	Sociolingüística: O plurilingüismo como normalidade
	Documentación	O acordo
10	Gramática	O futuro de subxuntivo
	Redacción e estilo	A propiedade léxica: precisión e concisión
	Léxico	Terminoloxía e fontes terminográficas (II)
	Contorno	Sociolingüística: O plurilingüismo como factor de convivencia

### 8.2.7. Contido práctico

A “Práctica” é un exercicio de autorresolución. Localízanse ao final de cada módulo e tratan os contidos vistos nos bloques de oralidade, gramática, redacción e estilo, léxico e contorno sociolingüístico. Estes exercicios están configurados como un cuestionario en que é preciso acertar o 50 % das cuestións para o superar. Por outro lado, a “Tarefa” é unha actividade que será corrixida e avaliada pola titoría. As tarefas tratarán o traballo con documentos, con contidos sociolingüísticos (a través dos foros) e coa oralidade. Disporanse temporalmente e o alumnado terá un prazo obrigatorio para presentalas. Cómpre que o alumnado lles preste atención ás novidades e ás tarefas que o titor ou titora lle vaia indicando, así como aos prazos que se marquen para o seu desenvolvemento.

ACTIVIDADE	TIPO	CONTIDOS	CANTIDADE
Prácticas	Cuestionarios de autorresolución	Oralidade	10 (unha por módulo)
		Gramática	
		Redacción e estilo	
		Léxico	
		Contorno sociol.	
Tareas	Avaliables pola titoría	Documentación	8 (con prazos específicos)
		Oralidade	
		Contorno socioling.	

### 8.2.8. Recursos

A aula virtual dispón dunha sección de recursos na que o alumnado terá á súa disposición diferentes ferramentas lingüísticas, así como outro material que lle poida ser de utilidade para o desenvolvemento do curso:

- Glosario: compilación de termos específicos da linguaxe administrativa e xurídica. Presenta equivalencias entre os idiomas galego e castelán.
- Consulta xeral: materiais básicos de consulta e de uso común durante o desenvolvemento do curso.
- Vocabulario: compilación de terminoloxías sectoriais de acceso libre na rede.
- Linguaxe: compilación de manuais de estilo e redacción relacionados coa linguaxe administrativa e xurídica de acceso libre na rede.
- Apéndices: materiais anexos doutras obras maiores e que recollen listas ou compilacións específicas dalgún contido traballado no curso.
- Lexislación: mostra sitios web dende os que se pode acceder á lexislación de interese para o curso.
- Videoteca: compilación de vídeos relacionados coa materia do curso.
- Hemeroteca: compilación de artigos xornalísticos e de investigación relacionados coa materia do curso.

### 8.2.9. Temporalización

O CSLA na modalidade telemática ten unha duración de 75 horas, equivalentes ás 75 horas de formación da modalidade presencial.

O período lectivo do CSLA en liña desta edición abrangue desde o 19 de febreiro de 2023 ao 30 de abril de 2024. Durante ese tempo, o alumnado tratará na aula virtual os contidos e as actividades propostas para este o curso. Unha vez rematado o período lectivo, o alumnado con dereito a exame realizará a proba escrita o 30 de abril de 2024, ás 12.00 h.

As datas da proba oral serán fixadas pola EOI de Lugo e informarase o alumnado cunha antelación mínima dunha semana con respecto ao día da súa realización. Estas datas faranse públicas na aula virtual.

Unha vez rematado o proceso de avaliación, o alumnado poderá consultar a súa cualificación na aplicación. Ao alumnado que acade a cualificación de “Apto/a” expediráselle o correspondente certificado asinado pola persoa responsable da Secretaría Xeral de Política Lingüística.



### 3.2.10. Avaliación

A avaliación do CSLA realizarase a partir das cualificacións acadadas:

- No traballo da plataforma (< 30 %).
- No exame final (< 70 %), que constará de dúas probas: escrita (< 50 %) e oral (< 20 %).

Para superar o curso é preciso superar ambas as partes e acadar, cando menos, unha valoración do 60 %.

A avaliación da plataforma será realizada pola titoría a partir das 8 tarefas obrigatorias. Cada tarefa cualificada como “apta” sumará un 3% ou 4% (dependendo do tipo de tarefa) ata o valor máximo que corresponde a esta parte (30 %).

Para ter dereito a participar no exame final (probas oral e escrita), será requisito imprescindible presentar axeitadamente todas as prácticas (10) e todas as tarefas (8) obrigatorias nos prazos establecidos na programación didáctica do curso. Unha vez rematado o período lectivo, anunciarase a relación de persoas que obteñan dereito ao exame final.

As probas que se desenvolvan por quendas de chamamento seguirán a orde de apelido A-Z (se o curso se desenvolve en ano par) e a inversa, Z-A (en ano impar). Esta proba final realizarase de xeito presencial, sempre que as circunstancias o permitan. En caso contrario, realizarase de xeito telemático, coas adaptacións e as características que estableza a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

### 3.2.11. Desenvolvemento

#### 3.2.11.1. Inicio do curso

Antes de comezar a formación, o alumno ou alumna deberá revisar con atención a *Guía didáctica do alumnado* e a *Guía de uso do CSLA* que lle serán remitidas pola súa titoría no primeiro día de curso.

#### 3.2.11.2. Seguimento

Co obxectivo de rematar o curso correctamente nos prazos fixados, a titoría do CSLA en liña deberá facer un seguimento dos módulos didácticos e das tarefas encomendadas de acordo coa planificación indicada nos cronogramas do curso que se poderán consultar na aula virtual. De ser preciso, comunicarlle ao alumnado a necesidade de incrementar o ritmo de traballo.

De xeito periódico, realizarase un seguimento do avance do traballo por parte do alumnado. Este seguimento estará centrado principalmente na supervisión das prácticas e das tarefas do curso e será levado a cabo polas titorías.

#### 3.2.11.3. Prazos para presentar e avaliar as tarefas

O alumnado deberá presentar as tarefas obrigatorias na plataforma dentro dos prazos establecidos. Deberá seguir as indicacións descritas nos enunciados de cada tarefa e as específicas enviadas polas titorías nas mensaxes de inicio de tarefa. Unha vez que finalice o prazo, a aplicación non permitirá o envío de novas tarefas.

Durante a vixencia do prazo, o alumnado poderá modificar a tarefa as veces que considere antes de entregala de forma definitiva. Unha vez cargado un arquivo na aula, poderá “gardar” unha versión preliminar que poderá volver modificar antes de premer na opción de “entregar tarefa”. Unha vez que a tarefa sexa entregada, non se poderá volver modificar. Os arquivos cargados na aplicación serán substituídos de xeito automático polos novos.

Unha vez rematado o prazo de presentación, a titoría corraxirá e avaliará cada tarefa nun prazo máximo de 72 horas. Tras ser cualificada a tarefa, o alumno ou alumna recibirá unha alerta a través da mensaxaría da aula para poder consultar a súa avaliación.

As tarefas cualificadas como non aptas non carrexan a perda do dereito a participar no exame final. Estas tarefas tampouco comportan puntuación negativa, unicamente non suman a valoración que lles corresponda. No caso de non presentar unha (ou máis) das tarefas obrigatorias, o alumno ou alumna perderá o dereito a participar no exame final. A perda do dereito a exame por esta causa non supón de seu a baixa do curso e poderá seguir participando nel con normalidade ata a fin do período lectivo.

#### 3.2.11.4. Incidencias técnicas

Se o alumnado tivese algún tipo de incidencia de carácter técnico, que non fose capaz de resolver mediante a





información incluída na *Guía de uso do CSLA*, deberá poñerse en contacto coa titoría utilizando os seguintes medios:

- Foro de xestión técnica do CSLA.
- A través da mensaxaría interna da plataforma.

## 8. CURSOS CELGA

### 8.2. Celga 2

A persoa que supere o Celga 2 posuirá un dominio da lingua que lle permita participar con relativa seguridade e eficacia en distintas situacións de comunicación cotiá, do traballo e do estudo, que requiran un uso da lingua fundamentalmente previsible.

Comprenderá sen dificultade mensaxes orais e escritas referidas a ese tipo de contextos e será quen de producir textos breves, tanto oralmente coma por escrito, para describir, relatar, preguntar ou responder sobre cuestións que se refiran a eses ámbitos.

No que respecta ao uso do código, terá un dominio básico da lingua na súa realización estándar, que se manifestará na utilización correcta das estruturas morfosintácticas básicas da lingua e do vocabulario asociado cos temas propios deses contextos comunicativos: as relacións interpersoais, as institucións, a climatoloxía, o contorno físico etc.

Este é un curso de preparación para a proba de CELGA 2 (Nivel B1 en lingua galega segundo o establecido no Marco europeo común de referencia para as linguas do Consello de Europa). Os contidos, obxectivos, avaliación etc. poden consultarse no manual [Niveis de competencia en lingua galega](#), VVAA, Xunta de Galicia. Todo o relativo ás probas de CELGA 2 está dispoñíbel en formato PDF na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística [O Portal da Lingua](#).

#### 8.2.1. Temporalización

Haberá un curso de CELGA 2 en cada cuadrimestre. Terán unha duración de 60 horas e dividiranse en 10 unidades didácticas; polo que dedicarán 6 horas a cada unha.

Os horarios e calendarios dos cursos serán os seguintes:

##### 1º cuadrimestre:

- Inicio: setembro de 2023
- Finalización: decembro de 2023

##### 2º cuadrimestre

- Inicio: febreiro de 2024
- Finalización: maio de 2024

Todas as actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse, no referente á normativa e ao uso correcto do idioma, ao establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo do ano 2003, de conformidade coa disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística. Estes cursos son gratuítos e de carácter voluntario para o alumnado.

O material que se vai utilizar é o recomendado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística: [Aula de Galego 2](#). En cada unidade van indicadas todos os tipos de contidos para acadar o obxectivo final:

- UNIDADE 1: Volver empezar
- UNIDADE 2: Momentos especiais
- UNIDADE 3: Busque e compare
- UNIDADE 4: Mañá
- UNIDADE 5: Iso non se fai
- UNIDADE 6: Mensaxes
- UNIDADE 7: Vai e dille
- UNIDADE 8: Basta xa!





- UNIDADE 9: O turista accidental
- UNIDADE 10: Todos somos poetas

### 8.2.2. Metodoloxía

A lingua usada na aula polo alumnado e polo profesorado como vehículo de comunicación será o galego, para garantir unha maior exposición directa do alumnado ao idioma obxecto de estudo.

O profesorado terá que analizar cal é a situación concreta en cada aula e axustar a metodoloxía ás súas necesidades; debe facer un seguimento individualizado de cada alumno, para que aqueles que teñen máis dificultades nun ou noutro aspecto poidan atinxir ao final do curso os obxectivos, e aqueles que teñen máis nivel continúen progresando. É recomendábel, daquela, unha avaliación inicial; así como unha aprendizaxe activa, amena e atractiva que manteña vivo o interese pola lingua.

A respecto do material para o curso, alén do libro que vén de mencionarse, usaranse aqueloutros que corresponden ao curso e que están pendurados na Rede, máis concretamente, na páxina da Secretaría Xeral de Política Lingüística, así como material de elaboración da profesora encargada do curso:

- <http://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-2>

Ademais recomendaremos o seguinte material dispoñíbel en formato PDF na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística ou na seguinte ligazón:

- <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/NIVEIS%20DE%20COMPETENCIA.pdf>

Verbo dos materiais, utilizaremos os libros e mais as ferramentas recomendadas nesta mesma páxina da Secretaría Xeral de Política lingüística:

- <http://www.xunta.es/linguagalega/celga>

As preguntas máis frecuentes podes consultalas na seguinte ligazón:

- [http://www.xunta.es/linguagalega/preguntas\\_frecuentes\\_0](http://www.xunta.es/linguagalega/preguntas_frecuentes_0)

Tamén poden consultar algúns dicionarios en liña como:

- [\*Diccionario de pronuncia da lingua galega\*](#). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Xosé Luís Regueira (dir.).
- [\*Diccionario RAG\*](#)

### 8.2.3. Avaliación

A realización do curso non dará dereito a ningún tipo de certificación, por tratarse dun curso preparatorio para presentarse ás probas para a obtención dos Celga, convocadas e administradas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A pesar disto, na aula cómpre avaliar o progreso do alumnado e o grao de consecución dos obxectivos propostos, aínda que non teña máis repercusión que a informativa para o alumnado, e tamén para o profesorado, deste xeito permite establecer as modificación precisas.

Realizarase:

- AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO (INICIAL): establece un punto de referencia individual e do grupo que permitirá valorar o progreso. Ten valor informativo, tanto para o profesorado como para o alumnado.
- AUTOAVALIACIÓN: nun primeiro momento será coavaliación, porque se lle debe ensinar ao alumnado a avaliarse e, pouco a pouco, estará capacitado para facelo con obxectividade. Supón unha reflexión sobre o proceso de aprendizaxe e sobre a forma máis eficaz de aprender que ten cada alumno.
- AVALIACIÓN DE PROGRESO: mediante o traballo na aula.

A avaliación que se fai ao longo do curso non ten validez para a nota final e a consecución do certificado. Ten só carácter informativo, tanto para o profesorado como para o alumnado.

## 1.2. Celga 3

Este curso de preparación para a proba de CELGA 3 (Nivel B2 en lingua galega segundo o establecido no Marco europeo común de referencia para as linguas do Consello de Europa). Os contidos, obxectivos, avaliación etc. poden consultarse no manual [Niveis de competencia en lingua galega](#), VVAA, Xunta de Galicia. Todo o relativo ás probas de CELGA 3 está dispoñíbel en formato PDF na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística [O Portal da Lingua](#).

### 1.2.1. Temporalización

Haberá dous cursos de CELGA 3 en cada cuadrimestre. Terán unha duración de 60 horas e dividiranse en 10 unidades didácticas; polo que dedicarán 6 horas a cada unha.

Os horarios e calendarios dos cursos serán os seguintes:

#### 1º cuadrimestre:

- Inicio: setembro de 2023
- Finalización: decembro de 2024

#### 2º cuadrimestre

- Inicio: febreiro de 2024
- Finalización: maio de 2024

Todas as actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse, no referente á normativa e ao uso correcto do idioma, ao establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo do ano 2003, de conformidade coa disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística. Estes cursos son gratuítos e de carácter voluntario para o alumnado.

O material que se vai utilizar é o recomendado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística: [Aula de Galego 3](#). En cada unidade van indicadas todos os tipos de contidos para acadar o obxectivo final:

- UNIDADE 1: De deseño
- UNIDADE 2 : Temos que falar
- UNIDADE 3: Misterios e enigmas
- UNIDADE 4: Boas novas
- UNIDADE 5: Eu faríaro se...
- UNIDADE 6: E que che dixo?
- UNIDADE 7: Só ou acompañado
- UNIDADE 8: Maneiras de vivir
- UNIDADE 9: Como non o sabía...
- UNIDADE 10 : Escollas

### 8.2.2. Metodoloxía

A lingua usada na aula polo alumnado e polo profesorado como vehículo de comunicación será o galego, para garantir unha maior exposición directa do alumnado ao idioma obxecto de estudo.

O profesorado terá que analizar cal é a situación concreta en cada aula e axustar a metodoloxía ás súas necesidades; debe facer un seguimento individualizado de cada alumno, para que aqueles que teñen máis dificultades nun ou noutro aspecto poidan atinxir ao final do curso os obxectivos, e aqueles que teñen máis nivel continúen progresando. É recomendábel, daquela, unha avaliación inicial; así como unha aprendizaxe activa, amena e atractiva que manteña vivo o interese pola lingua.

A respecto do material para o curso, alén do libro que vén de mencionarse, usaranse aqueloutros que corresponden ao curso e que están pendurados na Rede, máis concretamente, na páxina da Secretaría Xeral de Política Lingüística, así como material de elaboración da profesora encargada do curso:

- <http://www.lingua.gal/o-galego/aprendelo/celga-3>



Ademais recomendaremos o seguinte material dispoñíbel en formato PDF na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística ou na seguinte ligazón:

- <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/NIVEIS%20DE%20COMPETENCIA.pdf>

Verbo dos materiais, utilizaremos os libros e mais as ferramentas recomendadas nesta mesmapáxina da Secretaría Xeral de Política lingüística:

- <http://www.xunta.es/linguagalega/celga>

As preguntas máis frecuentes poden consultalas na seguinte ligazón:

- [http://www.xunta.es/linguagalega/preguntas\\_frecuentes\\_0](http://www.xunta.es/linguagalega/preguntas_frecuentes_0)

Tamén poden consultar algúns dicionarios en liña como:

- [\*Diccionario de pronuncia da lingua galega\*](#). Santiago de Compostela: Instituto da LinguaGalega. Xosé Luís Regueira (dir.).
- [\*Diccionario RAG\*](#)

### 8.2.3. Avaliación

A realización do curso non dará dereito a ningún tipo de certificación, por tratarse dun curso preparatorio para presentarse ás probas para a obtención dos Celga, convocadas e administradas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A pesar disto, na aula cómpre avaliar o progreso do alumnado e o grao de consecución dos obxectivos propostos, aínda que non teña máis repercusión que a informativa para o alumnado, e tamén para o profesorado, deste xeito permite establecer as modificación precisas.

Realizarase:

- AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO (INICIAL): establece un punto de referencia individual e do grupo que permitirá valorar o progreso. Ten valor informativo, tanto para o profesorado como para o alumnado.
- AUTOAVALIACIÓN: nun primeiro momento será coavaliación, porque se lle debe ensinar ao alumnado a avaliarse e, pouco a pouco, estará capacitado para facelo con obxectividade. Supón unha reflexión sobre o proceso de aprendizaxe e sobre a forma máis eficaz de aprender que ten cada alumno.
- AVALIACIÓN DE PROGRESO: mediante o traballo na aula.

A avaliación que se fai ao longo do curso non ten validez para a nota final e a consecución do certificado. Ten só carácter informativo, tanto para o profesorado como para o alumnado.

## 8.3. Celga 4

Este curso de preparación para a proba de CELGA 4 (Nivel C1 en lingua galega segundo o establecido no Marco europeo común de referencia para as linguas do Consello de Europa). Os contidos, obxectivos, avaliación etc. poden consultarse no manual [Niveis de competencia en lingua galega](#), VVAA, Xunta de Galicia. Todo o relativo ás probas de CELGA 4 está dispoñíbel en formato PDF na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística [O Portal da Lingua](#).

### 8.3.1. Temporalización

Haberá un curso de CELGA 4 en cada cuadrimestre. Terán unha duración de 60 horas e dividiranse en 8 unidades didácticas.

Os horarios e calendarios dos cursos serán os seguintes:

#### 1º cuadrimestre:

- Inicio: setembro de 2023



- Finalización: decembro de 2023

## 2º cuadrimestre

- Inicio: febreiro de 2024
- Finalización: maio de 2024

Todas as actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse, no referente á normativa e ao uso correcto do idioma, ao establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo do ano 2003, de conformidade coa disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística. Estes cursos son gratuítos e de carácter voluntario para o alumnado.

O material que se vai utilizar é o recomendado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística: [Aula de Galego 4](#). En cada unidade van indicadas todos os tipos de contidos para acadar o obxectivo final:

- UNIDADE 1: 1 E foi así como cho conto...
- UNIDADE 2 : E ti, que opinas?
- UNIDADE 3: Valorarase a experiencia
- UNIDADE 4: A vida é puro teatro
- UNIDADE 5: Dixeches que o farías
- UNIDADE 6: Lugares con encanto
- UNIDADE 7: Antes de que sexa tarde
- UNIDADE 8: Vivir para traballar

### 8.3.2. Metodoloxía

A lingua usada na aula polo alumnado e polo profesorado como vehículo de comunicación será o galego, para garantir unha maior exposición directa do alumnado ao idioma obxecto de estudo.

O profesorado terá que analizar cal é a situación concreta en cada aula e axustar a metodoloxía ás súas necesidades; debe facer un seguimento individualizado de cada alumno, para que aqueles que teñen máis dificultades nun ou noutro aspecto poidan atinxir ao final do curso os obxectivos, e aqueles que teñen máis nivel continúen progresando. É recomendábel, daquela, unha avaliación inicial; así como unha aprendizaxe activa, amena e atractiva que manteña vivo o interese pola lingua.

A respecto do material para o curso, alén do libro que vén de mencionarse, usaranse aqueloutros que corresponden ao curso e que están pendurados na Rede, máis concretamente, na páxina da Secretaría Xeral de Política Lingüística, así como material de elaboración da profesora encargada do curso:

- [http://www.xunta.es/linguagalega/celga\\_4](http://www.xunta.es/linguagalega/celga_4)

Ademais recomendaremos o seguinte material dispoñíbel en formato PDF na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística ou na seguinte ligazón:

- <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/NIVEIS%20DE%20COMPETENCIA.pdf>

Verbo dos materiais, utilizaremos os libros e mais as ferramentas recomendadas nesta mesma páxina da Secretaría Xeral de Política lingüística:

- <http://www.xunta.es/linguagalega/celga>

As preguntas máis frecuentes podes consultalas na seguinte ligazón:

- [http://www.xunta.es/linguagalega/preguntas\\_frecuentes\\_0](http://www.xunta.es/linguagalega/preguntas_frecuentes_0)

Tamén poden consultar algúns dicionarios en liña como:

- [Dicionario de pronuncia da lingua galega](#). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Xosé Luís Regueira (dir.).
- [Dicionario RAG](#)

### 8.3.3. Avaliación

A realización do curso non dará dereito a ningún tipo de certificación, por tratarse dun curso preparatorio para presentarse ás probas para a obtención dos Celga, convocadas e administradas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.



A pesar disto, na aula cómpre avaliar o progreso do alumnado e o grao de consecución dos obxectivos propostos, aínda que non teña máis repercusión que a informativa para o alumnado, e tamén para o profesorado, deste xeito permite establecer as modificación precisas.

Realizarase:

- AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO (INICIAL): establece un punto de referencia individual e do grupo que permitirá valorar o progreso. Ten valor informativo, tanto para o profesorado como para o alumnado.
- AUTOAVALIACIÓN: nun primeiro momento será coavaliación, porque se lle debe ensinar ao alumnado a avaliarse e, pouco a pouco, estará capacitado para facelo con obxectividade. Supón unha reflexión sobre o proceso de aprendizaxe e sobre a forma máis eficaz de aprender que ten cada alumno.
- AVALIACIÓN DE PROGRESO: mediante o traballo na aula.

A avaliación que se fai ao longo do curso non ten validez para a nota final e a consecución do certificado. Ten só carácter informativo, tanto para o profesorado como para o alumnado.

Esta programación foi elaborada polos membros do Departamento de Galego.